

Xornadas de arquivos e bibliotecas públicas de Galicia:

*dun presente imperfecto
a un futuro transformador*



Deputación
DA CORUÑA



EDITORIAL:

Deputación Provincial da Coruña
Avda. Porto da Coruña, 2
15003 A Coruña

Depósito legal: C 1782-2021
ISBN: 978-84-9812-389-0

Imprenta Provincial - A Coruña, 2021

Xornadas de arquivos e bibliotecas públicas de Galicia:

*dun presente imperfecto
a un futuro transformador*



Deputación
DA CORUÑA

A CULTURA
É UN DEREITO
CENTRO DE TRABALLO DE BIBLIOTECA
CENTRO PARA TODAS AS PESSOAS




Como administración pública, desde a Deputación da Coruña temos o compromiso e o deber de preservar e promocionar a nosa cultura, patrimonio e historia, parte da nosa identidade galega. A nosa aposta nestes eidos reflíctese nas diferentes iniciativas e políticas coas que queremos poñer en valor todo o que ofrece a nosa provincia, tendo a cultura como ferramenta para seguir mellorando como sociedade.

Exemplo disto é o diálogo constante cos diferentes actores sociais, imprescindible para construír xuntos e xuntas a cultura do presente e a do futuro. E así o fixemos co programa 'A cultura é un dereito'. Un espazo de reflexión sobre a situación na que se atopa o sector da man dos seus profesionais e dos Concellos da provincia. Dentro deste proxecto celebrouse a xornada 'Arquivos e Bibliotecas públicas de Galicia: dun presente imperfecto a un futuro transformador', organizada en colaboración coa Asociación de Profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia.

Os arquivos e as bibliotecas son portas á memoria das sociedades pasadas, un espazo que fala en chave democrática, de importante valor como parte do patrimonio cultural e fonte de información que debe estar a disposición de toda a cidadanía. Neste libro recóllense as temáticas tratadas no encontro mencionado, partindo da situación actual e chegando aos retos aos que nos enfrontaremos no futuro. Un foro de debate que agora trasladamos ao papel e que agardamos que disfrutedes.

Valentín González Formoso
Presidente da Deputación da Coruña



A CULTURA É UN DEREITO

Na Deputación da Coruña interéсанos desenvolver unha política cultural que sexa capaz tamén de reflexionar sobre si mesma, e en xeral sobre a acción pública en cultura no noso país. Non sobran en Galiza nin estudos nin espazos de análise sobre cultura, xestión cultural e políticas culturais, e se algo consideramos necesario para podermos desenvolver un modelo cultural de país, actualizado, planificado, integral, é xustamente o traballo intelectual nestes aspectos.

Na medida das nosas posibilidades, coas xornadas A cultura é un dereito, levamos varios anos procurando achegarnos de maneira monográfica a diferentes temas que consideramos relevantes para o sistema cultural galego. Facémolo desde o diálogo e a colaboración con persoas e colectivos de referencia en cada ámbito, procurando tecer complicidades e sumar vontades de mellora e transformación. Un bo exemplo, con moi satisfactorio resultado, foi xustamente a xornada A situación dos arquivos e bibliotecas públicas de Galicia: dun presente imperfecto a un futuro transformador, que organizamos da man de BAMAD.


Polo interese das ponencias presentadas, o especial compromiso e rigor das persoas participantes en cada mesa e a viva conversa e contraste que se xerou despois de cada unha delas, consideramos que era de especial interese a publicación dun caderno que recollese os contidos da xornada e que fose convenientemente distribuído no sector bibliotecario e arquivístico galego. É por iso que tes hoxe nas túas mans esta publicación, que desexamos sexa do teu interese e proveito.

Área de Cultura

Deputación da Coruña, verán de 2021

ÍNDICE

- 13 **Situación dos arquivos de Galicia**
María Díaz Bernárdez
- 27 **Situación actual das bibliotecas públicas en Galicia, lexislación actual e grao de cumprimento, novos marcos**
Eugenio S. Gómez Barreiro
- 47 **Mutacións arquivísticas. Da aspiración á inspiración**
Carmen Molina Taboada.
- 59 **Arquiveiros d+d: arquivistas de documentos e datos**
Rosa Martín Rey
- 77 **Retos dos profesionais de bibliotecas**
Alicia Sellés Carot
- 87 **Arquivos Públicos de Galicia: Propostas imprescindibles para unha década 2021-2030**
Olimpia López Rodríguez
- 115 **Propostas imprescindibles para unha década 2021-2030: Bibliotecas**
Xoán Manuel Pérez Lijó
- 135 **Conclusiones**



Situación dos arquivos de Galicia

Situation of the archives of Galicia

María Díaz Bernárdez

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

mdiazbernardez@gmail.com

Resumo: Analízase a situación actual dos arquivos galegos comezando pola normativa que os rexe e continuando polo órgano competente en materia de arquivos, a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade. A continuación, examínanse os distintos tipos de centros, sobre todo no que concirne ao persoal e ás infraestruturas: os arquivos da administración autonómica –tanto de titularidade estatal e xestión transferida á comunidade autónoma como de titularidade autonómica–, dos órganos estatutarios, da administración de xustiza, da administración local, universitarios, militares e privados, destacando entre estes últimos os eclesiásticos e as novas experiencias de grupos sociais a prol da conservación da memoria colectiva.

Palabras clave: ARQUIVOS / ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA / ADMINISTRACION DE XUSTIZA / ADMINISTRACIÓN LOCAL / UNIVERSIDADE / ARQUIVOS MILITARES / ARQUIVOS PRIVADOS

Abstract: *The present situation of Galician archives is reviewed, beginning with the exam of relevant legislation, first, and the competent administrative body, the Consellaría de Cultura, second. Next, the following different kinds of centers are examined, with a focus on staff and infrastructures: regional administration archives –be they state archives managed by the regional administration or archives belonging to the regional government itself– archives of other autonomous institutions, justice archives, archives of local governments, of universities, of the army and private archives; regarding private archives particular attention is paid to church archives and new initiatives of social groups to preserve historical memory.*

Keywords: ARCHIVES / REGIONAL ADMINISTRATION / JUSTICE ADMINISTRATION / LOCAL ADMINISTRATION / UNIVERSITY / ARMY ARCHIVES / PRIVATE ARCHIVES

Antes de abordar o tema que nos ocupa, debemos advertir que con frecuencia non é fácil acadar datos que nos permitan coñecer a situación dos arquivos. Nestes tempos de normas sobre transparencia e en que hai medios tecnolóxicos que permiten a difusión inmediata da información, non sempre as páxinas web das institucións son útiles no noso ámbito. Ás veces non atopamos datos e noutras ocasións eses datos non están actualizados. Algunhas veces temos que recorrer a consultar aos colegas que coñezan mellor unha determinada área. Esta é a primeira eiva que presenta o sistema: debería poder accederse a datos actualizados. As páxinas web das institucións non teñen razón de ser se non ofrecen información e se esta non está actualizada.

Desenvolvemento normativo

A creación dun marco normativo para os arquivos galegos iníciase, como non podía ser doutro xeito, co Estatuto de Autonomía para Galicia e culmina coa aprobación da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. É importante que contemos cunha norma que se ocupe especificamente dos arquivos e que teña rango de lei. A Lei 7/2014 regula os aspectos esenciais, diseña o funcionamento do sistema de arquivos de Galicia e prevé a creación de dous órganos colexiados, o Consello de Arquivos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental de Galicia, e remite, para a regulamentación de cadansúa composición e funcionamento, a decretos posteriores. En cumprimento deste mandato, no ano 2016 apróbanse os decretos 15 e 25.

Pero a lei aborda dous aspectos que non convén esquecer e que ata o momento non foron desenvolvidos: o Censo dos Arquivos de Galicia e o Plan de Arquivos.

O artigo 27 indica que a Xunta de Galicia confeccionará un censo dos arquivos, que regulamentariamente se desenvolverá a súa estrutura e contido mínimo e que será accesible na rede. Ademais, o artigo 32.2.m explica que a consellaría competente en materia de arquivos deberá mantelo actualizado. Na páxina web do Ministerio de Cultura podemos consultar o Censo-Guía dos Arquivos de España e Iberoamérica, aínda que non está actualizado. En 1988 iníciase a recollida de datos dos arquivos municipais galegos e sabemos que a Consellaría de Cultura traballaba arredor do ano 2016 na súa actualización. Pero, onde se pode consultar? Quedou truncada esa actualización?

A actualización do censo é de vital importancia, sobre todo para o control da documentación que non está en mans de arquivistas. Para xestionar precísase información. Sen información non se pode protexer a documentación da súa eliminación

indiscriminada, nin dunha deficiente conservación, nin se pode garantir o acceso aos documentos por parte dos administradores, cidadáns e investigadores. Como todos sabemos, en Galicia hai moita documentación que non está tratada por arquivistas; pensemos no exemplo máis evidente: os arquivos municipais. Ademais, a actualización permite ver a evolución ao longo do tempo.

O segundo aspecto no que nos gustaría facer fincapé é a necesidade dun Plan de arquivos. A Lei de arquivos e documentos de Galicia, na súa disposición transitoria segunda, manda que, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da lei, a Consellaría propoña ao Consello da Xunta un plan de arquivos para a súa aprobación. Estase traballando nel pero aínda non está presentado. Este plan debería deseñar as estratexias, a organización dos arquivos de Galicia, establecer as súas necesidades de persoal e infraestruturas, así como as actuacións e políticas que se prevén neste ámbito.

Finalmente, dentro deste apartado sobre as normas, cremos que cómpre abordar accións reguladoras de aspectos do funcionamento diario dos centros. Entre os anos 2010 e 2011 emitíronse ordes e instrucións relativas á manipulación de documentos, á consulta e reprodución, aos préstamos e ás transferencias. Hai máis aspectos que precisan un axuste. Por exemplo, os arquivos dependentes da Xunta de Galicia teñen tarifas propias para cobrar as copias, pero non para as compulsas e os certificados, de xeito que estes se rexen de acordo co réxime xeral de toda a administración autonómica. Pois ben, neste momento, e como consecuencia desta dualidade, as compulsas son substancialmente máis baratas que as copias simples. Isto non parece lóxico.

O órgano competente en materia de arquivos

O órgano competente en materia de arquivos é, como todos sabemos, a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade.

En ocasións maniféstanse opinións favorables a que os arquivos dependan do organismo competente en administracións públicas e dubídase de que sexa conveniente que un sistema de arquivos se vincule ao organismo que xestiona a cultura porque parece que esta dependencia orientaría as actuacións en materia de arquivos cara á súa vertente histórica, descoidando a relación cos organismos produtores e coa documentación mentres ten vixencia administrativa.

No caso de Galicia, porén, obsérvanse nos últimos anos grandes esforzos por ocuparse da documentación desde que nace. Pensemos na creación dalgúns

dos arquivos xerais territoriais, na posta en funcionamento dun programa informático de xestión de arquivos centrais e intermedios e na elaboración de estudos de series encamiñados a establecer o seu réxime de acceso, prazos de transferencias e de conservación ou eliminación, en relación co Consello de Avaliación Documental de Galicia. A gran materia pendente da administración autonómica é, como veremos máis adiante, a creación dos arquivos centrais das consellarías así como o feito de completar o mapa dos arquivos xerais territoriais. É posible que lograr estes obxectivos fose máis doado se as competencias en materia de arquivos estivesen en mans da consellaría competente en materia de administracións públicas.

Os centros: infraestruturas e persoal

Os arquivos da administración autonómica

Os arquivos históricos de titularidade estatal e xestión transferida á Xunta de Galicia

Este grupo abrangue o Arquivo do Reino de Galicia e os Arquivos Históricos Provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Temos que felicitarnos porque o Arquivo de Ourense acaba de estrear instalacións e estas supoñen unha evidentísima mellora con respecto ao seu local anterior, tan pequeno que non lle permitía recibir transferencias desde había uns trinta anos, cos conseguintes riscos de perda de documentación das institucións da provincia.

Os arquivos do Reino de Galicia, de Lugo e de Pontevedra tamén presentan problemas de espazo, sobre todo este último, que arrastra esta situación desde hai moito tempo, chegando a ocupar outros dous locais, á parte da súa sede, como depósitos. Estase barallando a posibilidade de restaurar e acondicionar o convento de San Francisco para dedicalo a Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Esperemos que se acometan pronto as obras para que o fluxo documental poida ser repostado.

En canto ao persoal, é preciso revisar as relacións de postos de traballo para comprobar que prazas deberían ser creadas; por exemplo, o AHP de Ourense precisa restaurador, dado que este arquivo conserva un volume moi importante de documentación antiga procedente das institucións desamortizadas da provincia. Pero tamén urxe cubrir as vacantes, como as xubilacións. Como é lóxico, o ritmo do traballo técnico reséntese cando o persoal é insuficiente.

Arquivo de Galicia

Este arquivo xorde a partir do decreto 207/2010 como cabeceira do Sistema de Arquivos de Galicia e como arquivo intermedio e histórico para a documentación producida polos servizos centrais da Xunta de Galicia.

Presenta dous problemas relacionados entre si: o primeiro é que carece dun edificio propio, xa que comparte sede coa Biblioteca de Galicia. En segundo lugar, e, como consecuencia do anterior, só ten capacidade para aproximadamente 10 km de documentación. Esta capacidade é insignificante se temos en conta a masa documental que debería albergar e máis se a comparamos con outros arquivos; por exemplo, o Arquivo Histórico Provincial de Lugo é un edificio dos anos 80 e ten capacidade para 20 km e o de Ourense, recentemente estreado, ten 30 km. En compensación, o Arquivo de Galicia conta con dúas naves no polígono do Tambre e controla outros locais nos que a Xunta de Galicia foi almacenando a súa documentación co paso dos anos. É evidente que estas non son as condicións idóneas para un arquivo desta categoría.

Arquivos centrais das consellarías

O artigo 38 da Lei 7/2014 manda que haxa un arquivo central en cada consellaría. Tamén indica que dependerán funcionalmente do órgano coordinador.

Neste momento, só dúas áreas competenciais dispoñen de arquivo: Cultura e Industria. É preferible establecer arquivos centrais por áreas competenciais, máis estables que as consellarías, xa que estas últimas están suxeitas a modificacións como mínimo en cada lexislatura. O arquivista de Cultura está tratando de colaborar na creación dun arquivo para Educación. Ademais, existe unha praza de arquivista na Consellaría de Política Social pero está sen cubrir desde a xubilación da anterior titular. Nas Consellarías de Emprego e Igualdade e do Mar figura unha praza de técnico superior de arquivos, pero está pendente de aprobación ou aprobada sen cubrir. Presidencia e as restantes consellarías non teñen.

Nesta situación de inexistencia de arquivo atopamos tamén toda unha serie de entes de variado tipo cunha produción documental importante (a Axencia de Turismo de Galicia, o INEGA, a EGAP, o IGE, o SERGAS, etc.).

Este panorama é claramente desolador se temos en conta que a Xunta de Galicia leva ás súas costas 40 anos de andaina. Así é como a documentación autonómica está espallada por locais e almacéns sen control e incluso en ocasións baixo a custodia de empresas de garda.

Alfonso Cascudo Rasilla, nun relatorio presentado ás Xornadas Olga Gallego de Arquivos do ano 2019, fai unha reflexión interesante sobre o persoal e os medios que precisan estes arquivos. Non basta cun arquivista: deberían contar con persoal de apoio. Tamén hai que habilitarlles espazo suficiente (Cascudo, 2019, pp. 5-6).

Arquivos xerais territoriais

Igual cós arquivos centrais das consellarías, estes son fundamentais para controlar a documentación desde o momento da súa produción, para estar en contacto coas unidades produtoras e máis no momento actual en que se está implantando a administración electrónica, para asegurarse de que os documentos non se almacenan en locais sen supervisión técnica ou se perden e para estudar as series, valoralas e regular o acceso. Nos últimos anos advertimos esforzos por crealos, pero faltan o da Coruña e o de Ourense, e o de Lugo está saturado desde o ano 2012. Na Coruña, a Xefatura Territorial de Industria conta, ademais, con dúas arquivistas.

Cando un arquivo se satura, deixan de producirse transferencias e o sistema párase. A documentación almacénase sen control ou pérdese, o acceso queda moi limitado ou imposibilitado. Para paliar estas situacións, estanse intentando levar ao Consello de Avaliación series voluminosas que se pretende eliminar, pero isto non basta e, por outra parte, a valoración está viciada se se fai exclusivamente con vistas á eliminación. As series deben ser valoradas para que, desde que os documentos son producidos estea trazado o seu ciclo vital, asegurar que non se perda a documentación de conservación permanente e eliminar a que non o sexa cando deixe de ser útil. Deste xeito, a xestión documental resulta áxil e eficiente. Isto supón estudar as series relacionadas conxuntamente e non escoller as que se desexa eliminar para facer espazo.

Para este apartado tamén vale a reflexión de Alfonso Cascudo Rasilla sobre o persoal e os medios que se precisan. O arquivo de Lugo é o mellor dotado de persoal, pero tamén necesita melloras.

Os arquivos dos órganos estatutarios

Son os arquivos do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo e do Consello da Cultura Galega.

Os datos aos que tivemos acceso proceden do Informe sobre os arquivos de Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista, elaborado por Lola Pereira Oliveira, Olimpia López Rodríguez e Mariam Mariño Costales. Neste estudo sinálase que non hai datos públicos e sistematizados sobre eles, que o arquivo do Valedor do Pobo carece

de arquivistas, que no Parlamento a documentación está dispersa polas distintas unidades. Os arquivos do Parlamento de Galicia, Consello Consultivo, Consello de Contas e Consello da Cultura Galega dispoñen de persoal técnico, aínda que ás veces son prazas mixtas de arquivo e biblioteca. Non parece que presente problemas de espazo ningún deles.

Os arquivos da administración de xustiza

A rede de arquivos xudiciais territoriais xorde a partir do Decreto 46/2009, do 26 de febreiro. Creouse un por provincia entre 2013 e 2014. O Arquivo Xudicial Territorial da Coruña ten a súa sede no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e dispón de depósitos documentais na Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. Os tres restantes teñen sede na correspondente Audiencia Provincial e o de Pontevedra dispón de dous depósitos, en Pontevedra e en Vigo. Dependén organicamente da Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo e, en concreto, da Dirección Xeral de Xustiza. Tamén se crea unha Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia.

A creación destes arquivos foi fundamental porque a documentación se acumulaba nas institucións xudiciais en malas condicións de conservación e conxestionando os xulgados. Ademais, ao longo do século XX a documentación xudicial foi obxecto de varios expurgos indiscriminados. Pensemos que unha parte desa documentación non perde nunca o seu valor primario e que a súa conservación debería garantir-se. Actualmente, os arquivos xudiciais territoriais controlan a documentación que se atopa nas oficinas produtoras e transfíren aos arquivos históricos a anterior a 1946. Igualmente, xestionan os prazos de conservación ou eliminación da restante, en correlación coa Xunta de Expurgación.

Cada un deles ten un arquivista A2. É insuficiente. Debería estruturarse un verdadeiro servizo de arquivo con A1, A2, persoal auxiliar e subalterno que se puidera facer cargo da xestión do fluxo documental, dos préstamos e consultas e do movemento físico da documentación.

Ademais, a estes arquivos fáltalles visibilidade de cara ao público en xeral: fóra do ámbito profesional son totalmente descoñecidos.

Os arquivos da administración local

Con respecto aos arquivos das deputacións provinciais, dispoñen de persoal técnico todos eles agás Ourense, que ten á seu fronte unha funcionaria non arquivista. O de

Lugo non ten demasiada visibilidade en internet e o da Coruña si ten páxina propia. A Deputación de Pontevedra ten un funcionamento modélico neste ámbito xa que, ademais de ter o seu arquivo perfectamente organizado e accesible, fai un labor importantísimo de apoio aos arquivos municipais da provincia.

Con respecto aos arquivos municipais, nas Xornadas Olga Gallego de Arquivos de 2016 Pedro López Gómez afirmaba que, a pesar de contar cunha enorme bagaxe teórica, de manuais especializados, cadros de clasificación, etc., a súa situación en Galicia en xeral era mala, debido á falta de recursos, que afectaba á carencia de persoal técnico, ás instalacións e aos equipamentos inadecuados (López Gómez, 2016, pp. 9-11). Esta situación, catro anos despois, apenas mudou. E como daquela, seguimos sorprendéndonos de que Santiago de Compostela non teña arquivo municipal, e isto non se pode xustificar por falta de recursos; non responde máis que á falta de vontade ou ao desinterese do seu goberno municipal. En cambio, en Vigo foi dotada recentemente unha praza de técnico superior. Isto constitúe un importante motivo de satisfacción para nós porque Vigo é a cidade máis grande de Galicia e ata hai pouco tempo estaba na mesma situación que Santiago.

Tanto a Xunta de Galicia como a Deputación de Pontevedra, esta, claro está, no ámbito da súa provincia, promoveron actuacións de apoio aos arquivos municipais.

A Deputación de Pontevedra elaborou nos anos 80 un Proxecto de organización de municipais que foi pioneiro en España. Ademais de comprometer asistencia permanente, estableceu convenios coa Consellaría de Cultura e co INEM para organizar e describir os arquivos municipais e así se actuou en case todos os concellos da provincia. A partir de 1996 iníciase a súa informatización e en 2001 pónse en marcha a web como plataforma única para a difusión. Nos anos seguintes fixéronse actualizacións e melloras (Pérez-Santamarina Feijóo e Castro Carpintero, 2016). A día de hoxe podemos consultar en internet información completísima sobre eles.

A Xunta de Galicia promoveu, entre 1988 e 2014, a organización de arquivos municipais sobre todo a base de bolseiros licenciados tutelados pola propia consellaría, por arquiteiros municipais ou por técnicos contratados. A partir de 2016 iníciase a súa revisión e actualización. Tamén se financiaron locais e instalacións, se informatizaron inventarios e se implantou o programa informático Xaral, pensado especificamente para a xestión deste tipo de arquivos (Piñón López e García Pita, 2016). Con estas bolsas actuouse sobre practicamente todos os concellos da Coruña, Lugo e Ourense, pero á vista dos cadros de clasificación colgados no Portal de Arquivos de Gali-

cia, dubidamos de que se estean actualizando realmente. Incluso faltan os dalgúns concellos. E non consta ningunha outra información sobre eles no Portal.

Con todo, estas actuacións non deixan de ser episódicas e descontinuas e non resolven definitivamente o problema. Sería preciso que cada concello fose creando e se fose responsabilizando do seu propio arquivo, porque onde non hai arquivista, non hai arquivo, só un almacén de documentación. É certo que moitos concellos de Galicia non poden permitirse manter un arquivista, pero existe a posibilidade de mancomunar recursos, de xeito que varios concellos poderían compartir persoal técnico. Este sistema funciona noutros ámbitos da xestión municipal e noutras comunidades autónomas. A propia Lei 7/2014 menciona esta posibilidade. Pero, como xa dixemos, non é só un problema de falta de recursos, senón tamén de desinterese ou descoñecemento, porque un arquivo ben organizado e operativo facilita a xestión administrativa e o acceso á documentación, e, nun momento coma este, no que se está implantando a administración electrónica, o arquivo podía facer un servizo fundamental. Pero o desinterese dos concellos queda patente xa no feito de que as súas webs case nunca mencionan o arquivo.

O caso máis doloroso é o da provincia de Ourense: ningún concello, agás a capital, ten arquivo. Como xa dixemos, tampouco a Deputación provincial. Isto significa que en toda a provincia non hai máis arquivistas que os do Histórico Provincial, o do Arquivo Territorial da Administración de Xustiza e o do municipal de Ourense.

Con todo, hai honrosas excepcións a este panorama desolador, aínda que a porcentaxe é moi baixa. No Informe sobre os arquivos públicos en Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista, que xa citamos anteriormente, contabilízanse 33 arquivos municipais de 313 con persoal encargado, o que non significa necesariamente son necesariamente arquivistas. Realmente hai que pensar que neste aspecto estamos fracasando porque non se perciben nos concellos dinámicas que favorezan a creación e mantemento dun arquivo. Non parece que sintan esa necesidade.

Os arquivos universitarios

Cada unha das tres universidades galegas creou o seu arquivo, cada unha dunha modalidade distinta.

O da Universidade de Santiago é un arquivo histórico xa veterano, que custodia documentación desde as orixes da universidade. Atopamos menos información sobre a xestión do seu fondo máis recente.

O arquivo da Universidade da Coruña foi creado en 2003, pero tras unha fase de creación de normas e de funcionamento provisional, en 2006 ocupa a súa sede definitiva e empeza a recibir documentación (Mínguez, 2016).

O de Vigo atópase nunha situación peculiar, xa que constitúe unha sección da biblioteca e comparte depósitos e sala de consulta con ela.

Os arquivos militares

Son dous arquivos situados en Ferrol que, como é lóxico, forman parte do Sistema Arquivístico do Ministerio de Defensa. O Arquivo Militar Intermedio Noroeste é un arquivo intermedio do Exército de Terra que reúne documentación procedente dos distintos arquivos centrais militares situados nas comunidades autónomas de Asturias, Cantabria, Galicia, País Vasco, Castela e León e A Rioxá, e, á súa vez transfírese aos arquivos históricos do Exército de Terra. Por outra parte, o Arquivo Naval de Ferrol constitúe un dos cinco arquivos intermedios de que dispón a Armada.

O primeiro dispón de persoal técnico do corpo facultativo do Estado, aínda que a praza está vacante neste momento. O segundo non ten arquivista.

No Sistema Arquivístico do Ministerio de Defensa tamén hai arquivos de xestión, como o do Tribunal Territorial Cuarto, con sede na Coruña, que vai transferindo a documentación máis antiga aos dous anteriores.

Os arquivos privados

Pouca información puidemos acadar sobre eles. Para coñecerlos, sería conveniente contar cun Censo dos Arquivos de Galicia.

Entre os privados destacan os eclesiásticos. En primeiro lugar debemos citar os Arquivos Históricos Diocesanos e Catedralicios de Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago de Compostela e Tui. Algunhas veces, como en Tui, o Arquivo Catedralicio está integrado no Diocesano. En Lugo, ademais, hai un Arquivo Central Parroquial, que comparte sede co diocesano e no que se custodian por separado os libros sacramentais, de fábrica, de confrarías e de fundacións das parroquias. Tamén temos os Arquivos Diocesanos de Xestión que, no caso do Bispado de Mondoñedo, está situado en Ferrol. Aplican o regulamento da Asociación Española de Arqueiros Eclesiásticos. Na maioría dos casos teñen un eclesiástico á súa fronte, pero non sempre é así. Por exemplo, o Arquivo da Catedral de Santiago ten no seu cadro de persoal

varios arquivistas laicos. E, incluso os eclesiásticos, cada vez son máis arquivistas, é dicir que tenden a ter unha formación específica.

Fóra dos nosos arquivos estanse a producir movementos sociais de interese pola conservación da memoria colectiva: asociacións veciñais e doutros tipos, centros educativos, persoas que manteñen blogs, etc. están a recoller fotografías e outras testemuñas do pasado colectivo dunha zona. Un bo exemplo é o barrio de Vite, en Santiago de Compostela, con Vite Arquivo, que recolle carteis, fotografías e documentos de todo tipo relacionados coa historia do barrio, ou o proxecto dunha ficción sonora que conta a súa historia a través das testemuñas da veciñanza. Fenómenos deste tipo son relativamente frecuentes hoxe en día. Deberíamos colaborar con estas iniciativas, aínda que non estean vinculadas á Administración, para darlles garantías de estabilidade e de conservación.

Conclusión

A modo de conclusión, só podemos dicir que queda moito por facer. Estanse dando pasos, moi lentamente, pero hai aínda moitas carencias e moitos obxectivos irrenunciabes que non debemos deixar de subliñar para que se acometan e situacións desfavorables para que se corrixan.

Bibliografía

ARCAY BARRAL, Ángel. (2016). “A xénese do Arquivo do Museo Provincial de Lugo : experiencias a prol da transparencia e o acceso”. En: Transparencia versus corrupción: os arquivos e a democracia. I Xornadas Olga Gallego de Arquivos. (pp. 172-184). A Coruña, Fundación Olga Gallego.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/44/ponencias/26/transparencia_1_172-185_arcay.pdf (Consulta: 02/2021)

CASCUDO RASILLA, Alfonso. (2009) “Políticas y archivos autonómicos. Galicia”. En: Martínez García, Luis e Rodríguez Barredo, Julia María, Los archivos españoles en el siglo XX: políticas archivísticas en el estado de las autonomías. (pp. 271-291). Madrid, ANABAD.

CASCUDO RASILLA, Alfonso. (2019). “A xestión documental do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia no contexto da elaboración do Plan de Arquivos de Galicia: a derradeira oportunidade”. En: Os sistemas de arquivo no século XXI: profesionais e institucións nos tempos líquidos. II Encontro Olga Gallego de Arquivos. A Coruña, Fundación Olga Gallego.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/67/ponencias/53/06_alfonso_cascudo_02.pdf (Consulta: 02/2021)

HEREDIA HERRERA, Antonia. (2016). “De arquivos municipais y de la Ley de Archivos y Documentos de Galicia de 2014”. En: Os arquivos da Administración Local : política, planificación e sistemas fronte ao cambio. II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. (pp. 21-30). A Coruña, Fundación Olga Gallego.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/2/olga%20gallego_21-30_antonia%20heredia.pdf (Consulta: 02/2021)

IGLESIAS ORTEGA, Arturo et al. (2007). Guía do Arquivo da Catedral de Santiago. Santiago de Compostela, Cabido.

LIÑARES NOYA, María José e PÉREZ FERNÁNDEZ, Alba. “El Sistema de Archivos Judiciales de Galicia”.

<https://archiverosaefp.org/wp-content/uploads/2019/11/JTAAJ20170223PF-LN.pdf> (Consulta: 02/2021)

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. (2016). “Os arquivos da Administración Local : políticas, planificación e sistemas, fronte ao cambio”. En: Os arquivos da Administración Local : política, planificación e sistemas fronte ao cambio. II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. (pp. 7-13). A Coruña, Fundación Olga Gallego.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/1/olga%20gallego_07-20_pedro%20lopez.pdf (Consulta: 02/2021)

LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia. (2016). “Os arquivos municipais de Galicia e os profesionais: onde están, onde estamos?”. En: Os arquivos da Administración Local : política, planificación e sistemas fronte ao cambio. II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. (pp. 449-454). A Coruña, Fundación Olga Gallego.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/14/olga%20gallego_449-454_olimpia%20lopez.pdf (Consulta: 02/2021)

MARTÍNEZ GARCÍA, Luis. (2016). “Políticas públicas y archivos en Castilla-La Mancha (1989-2015)”. En: Os arquivos da Administración Local : política, planificación e sistemas

fronte ao cambio. II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. (pp. 167-345). A Coruña, Fundación Olga Gallego.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/7/olga%20gallego_167-345_luis%20martinez.pdf (Consulta: 02/2021)

MARTÍNEZ GARCÍA, Luis e RODRÍGUEZ BARREDO, Julia María (coord.). (2009). Los archivos españoles en el siglo XX: políticas archivísticas en el estado de las autonomías. Madrid, ANABAD.

MÍNGUEZ GOYANES, José Luis. (2016). “El archivo de la UDC diez años después”. En: Transparencia versus corrupción : os arquivos e a democracia. I Xornadas Olga Gallego de Arquivos. (pp. 109-117). Coruña, Fundación Olga Gallego.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/44/ponencias/22/transparencia_1_109-117_minguez.pdf (Consulta: 02/2021)

PEREIRA OLIVEIRA, Dolores, LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia e MARIÑO COSTALES, Mariam. (2019). Informe sobre os arquivos públicos en Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

PÉREZ TORRÓN, Laura. (2019). “Los archivos de las diputaciones gallegas : situación actual y evolución de sus políticas archivísticas”. En: Os sistemas de arquivo no século XXI: profesionais e institucións nos tempos líquidos. II Encontro Olga Gallego de Arquivos. A Coruña, Fundación Olga Gallego.


https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/67/ponencias/54/07_laura_perez_04.pdf (Consulta: 02/2021)

PÉREZ-SANTAMARINA FEIJÓO, Lourdes e CASTRO CARPINTERO, José Luis. (2016). “Os arquivos da Administración Local na Provincia de Pontevedra. Actuacións e situación actual”. En: Os arquivos da Administración Local : política, planificación e sistemas fronte ao cambio. II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. (pp. 48-131). A Coruña, Fundación Olga Gallego.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/4/olga%20gallego_40-131_lourdes%20perez_jl%20castro.pdf (Consulta: 02/2021)

PIÑÓN LÓPEZ, Marisé e GARCÍA PITA, Marina. (2016). “Os arquivos municipais no Sistema de Arquivos de Galicia : novos retos”. En: Os arquivos da Administración Local : política, planificación e sistemas fronte ao cambio. II Xornadas Olga Gallego de Arquivos. (pp. 147-166). A Coruña, Fundación Olga Gallego, 2016.

https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/6/olga%20gallego_147-166_marise%20pin%2095%A0aon_marina%20garcia.pdf (Consulta: 02/2021)



Situación actual das bibliotecas públicas en Galicia, lexislación actual e grao de cumprimento, novos marcos.

Current situation of galician public libraries, legislation and degree of compliance, new frameworks

Eugenio S. Gómez Barreiro

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

eugenio.gomez.barreiro@xunta.gal

Resumo: Analízase a situación actual das bibliotecas públicas en Galicia a través dos principais indicadores estatísticos correspondentes ao ano 2018, e identifícanse as deficiencias e carencias na prestación do servizo de biblioteca pública en Galicia. Preséntase a evolución e situación actual da lexislación galega en materia de bibliotecas, valorando o seu grao de cumprimento e as necesidades de desenvolvemento normativo. Finalmente identifícanse as novas liñas de actuación que deberán marcar as accións futuras de despregamento dos servizos de bibliotecas públicas.

Palabras clave: BIBLIOTECAS PÚBLICAS / REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA / COLECCIÓN / FINANCIAMENTO / RECURSOS HUMANOS / ESTADO DA CUESTIÓN / EVOLUCIÓN / LEXISLACIÓN BIBLIOTECARIA GALEGA / MARCOS DE ACTUACIÓN.

Abstract: *Analyze the current situation of the public libraries in Galicia through the main statistical indicators correspondents to the year 2018, and identify the deficiencies and lacks in the provision of the public library service in Galicia. It presents the evolution and current situation of Galician legislation in subject of libraries, valuing his degree of fulfilment and the normative developmental needs. Finally identify the new lines of performance that will owe to mark the future actions of deployment of the services of public libraries.*

Keywords: PUBLIC LIBRARIES / GALICIAN LIBRARY NETWORK / COLLECTION / FUNDINGS / STATE OF THE ART / GALICIAN LIBRARIES LEGISLATION / FRAMES OF ACTION

Introdución

As bibliotecas xunto cos arquivos, os museos e centros de documentación e as demais entidades que forman parte do que se coñece como as institucións da memoria, son un axente fundamental no acceso á cultura en xeral, e á información de calidade e veraz, e de fontes fiables en particular.

Os avatares dos últimos anos tensionaron os servizos públicos demandando deles maior cantidade de recursos, maior implicación social, e un maior compromiso das administracións públicas con competencias en materia de bibliotecas, coa fin de manter a eficiencia dos servizos e apostar fortemente polas bibliotecas públicas como axentes de loita contra as desigualdades sociais, a brecha dixital.

Por outra banda, a IFLA, en colaboración con EBLIDA, Public Libraries 2030, LIBER e SPARC Europe, publicaba e difundía no ano 2019 o “Manifesto da biblioteca para Europa”, un documento dirixido ao goberno da Unión Europea, e os mandos políticos, que pon o foco de atención no traballo que realizan as bibliotecas como porta de acceso á información, e para o desenvolvemento persoal e profesional das persoas, ademais da capacidade que teñen as bibliotecas para cumprir cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030.

Segundo este manifesto, as bibliotecas son importantes para Europa, son lugares fundamentais para a aprendizaxe e a participación cidadá, son fiestras para todos á cultura, o patrimonio e tamén son motores de investigación e innovación.

Ao tempo, Europa é importante para as bibliotecas.

A fin de poder construír sociedades máis fortes, máis instruídas e máis xustas, as nosas institucións dependen das decisións adoptadas en Bruxelas, Estrasburgo e Luxemburgo. Anhelamos unha Europa que nos axude a cumprir a nosa misión (IFLA, 2019, p.2).

Así pois, é necesario analizar a situación na que se atopan as bibliotecas públicas identificando as deficiencias que presentan a través dos principais indicadores estatísticos. A través deles pódese coñecer a evolución dos diferentes servizos e dos diferentes compoñentes o que permitirá establecer as prioridades nas liñas de actuación futuras.

Este é o obxectivo deste escrito, dar unha visión de conxunto da situación que pre-

sentan as bibliotecas públicas galegas analizando os datos estatísticos do ano 2018 publicados no portal de estadísticas do Ministerio de Cultura e Deporte, Bibliotecas españolas en cifras.

Expoñer a evolución e situación actual da lexislación en materia de bibliotecas na comunidade autónoma galega, o seu grao de cumprimento e a necesidade de desenvolvemento normativo logo de preto de 10 anos de vixencia.

E por último, facer un achegamento aos novos marcos que se deben ter en conta de cara a planificación de accións futuras.

Situación xeral. Aproximación aos datos estatísticos

En primeiro lugar, faremos unha aproximación á situación xeral, vendo os principais indicadores estatísticos recollidos nas estadísticas estatais de bibliotecas públicas españolas.

En Galicia no ano 2018, para unha poboación de 2,7 millóns de habitantes tiñamos un total de 326 bibliotecas públicas, nas que estaban inscritos 854.460 usuarios, dos que son activos e fan uso do servizo de préstamo 189.531, aos que as bibliotecas públicas galegas ofreceron durante o ano 2018, 5,9 millóns de documentos.

As bibliotecas galegas recibiron 4,7 millóns de visitas, realizaron 2,1 millóns de préstamos e organizaron 8.434 actividades.

Para atender todos estes servizos as bibliotecas públicas galegas contaron en 2018 co equivalente a 558 persoas empregadas a tempo completo.

Os gastos correntes totais alcanzaron a cifra de 24 millóns de euros.

Destes datos despréndese que os 854.460 usuarios inscritos nas bibliotecas públicas galegas representan menos dun terzo da poboación do noso país, en concreto, un 31.65 % da poboación. Se comparamos estes datos cos doutras comunidades autónomas vemos que Galicia se atopa moi por debaixo da media nacional de poboación inscrita que é de 35,67% e moi lonxe de comunidades autónomas como Castela e León e Cataluña co 50% da súa poboación inscrita.

Se repartimos os 5,9 millóns de documentos entre os habitantes de Galicia, resulta que as bibliotecas públicas galegas ofrecen de media 2,19 documentos por habi-

tante, polo que se axusta ás recomendacións internacionais¹ que aconsellan unha colección entre 1,5 e 2,5 documentos por habitante. Aínda así, debemos precisar que non só é importante valorar a colección en termos cuantitativos, senón tamén en datos cualitativos tendo en conta a pertinencia, actualización e o movemento da colección.

Con esta colección de documentos nas bibliotecas públicas galegas fixéronse 2,1 millóns de préstamos, o que supón unha media de 0,79 préstamos por habitante, por debaixo da media estatal. As diferenzas neste caso non son moi grandes, pero chama a atención que tanto a nivel estatal como autonómico non se acade a cifra de 1 préstamo por habitante.

En canto ao investimento, en Galicia invístense 8,93 euros por habitante, e chama a atención a diferenza que existe entre o investimento que se fai na provincia da Coruña, que é o dobre do que se fai en cada unha das restantes provincias galegas, incluso superando a media nacional.

E por último, en Galicia contamos cun posto de traballo bibliotecario por cada 4.838 habitantes.

Puntos de servizos e poboación atendida.

En Galicia tiñamos en 2018 un total de 326 bibliotecas públicas, das cales 315 dependen da administración local. O que supón que máis do 96% das bibliotecas públicas galegas están en mans da administración local. É importante ter isto en conta porque de acordo coa lexislación a competencia exclusiva en materia de bibliotecas que abrangue a potestade lexislativa, a regulamentaria e a executiva corresponde á administración autonómica, pero na práctica, a prestación do servizo directo aos usuarios lévase a cabo polas administracións locais.

En Galicia temos 313 concellos, dos cales 89 non contan con ningún servizo bibliotecario. Estes 89 concellos suman 167 mil habitantes, que non teñen acceso a ningunha biblioteca nos seus lugares de residencia.

Destes 89 concellos sen biblioteca, 3 deles teñen máis de 5.000 habitantes, polo que de acordo coa lexislación, deberían ofrecer o servizo de biblioteca pública.


¹ Recomendacións recollidas nas Directrices IFLA/UNESCO para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas.

Se nos detemos nos municipios con menos de 5.000 habitantes, sumamos uns 200 en Galicia, dos cales 86 non contan con servizo bibliotecario, e aínda que estes concellos non están obrigados por lei a ofrecer o servizo, neles reside o 6% da poboación galega que non conta con ningún tipo de servizo de biblioteca pública. Hai que ter en conta ademais a dispersión da poboación no noso país, e a inexistencia en moitos destes concellos dun núcleo de poboación con servizos básicos que fai difícil a instalación dun punto de servizo bibliotecario fixo, pero debería buscarse unha solución a esta falta de servizos.

Se plasmamos sobre o mapa (Figura 1.) o número de puntos de servizos que existen en cada un dos concellos de Galicia, podemos observar o seguinte:

- Do mesmo xeito que ocorre con outros indicadores, as provincias da Coruña e Pontevedra son as que contan con maior número de servizos por concello e maior número de concellos con servizo. É tamén a zona de Galicia onde se concentra a maior cantidade de poboación.
- Como vemos, as provincias de Lugo e Ourense son as provincias menos atendidas. De xeito que case un terzo dos concellos sen servizo están na provincia de Lugo e máis da metade dos concellos que non teñen biblioteca están na provincia de Ourense.

Puntos de servizo bibliotecario por concello



Mapa: Eugenio S. Gómez Berreiro · Fuente: Bibliotecas públicas españolas en cifras · Datos cartográficos: CNIG · Creado con Datawrapper

Figura 1.–Mapa co número de puntos de servizo bibliotecario por concello 2018

Existen solucións que permiten levar a zonas con estas

características (despoboadas, dispersas, sen núcleos de poboación) servizos bibliotecarios, como son as bibliotecas itinerantes, a cooperación administrativa, apertura de bibliotecas escolares con servizos de biblioteca pública fóra do horario escolar.

Afortunadamente, no último Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia concretouse o anuncio² feito en decembro do ano pasado no Parlamento de Galicia polo secretario xeral de Cultura, e durante este ano 2021 poñeranse en marcha dúas experiencias piloto de bibliotecas itinerantes, unha na provincia de Ourense e outra na montaña lucense.

Se analizamos a evolución dos datos nos últimos anos vemos que en todas as provincias baixa o número de concellos atendidos, sendo Lugo a máis prejudicada. Hai que sinalar que o descenso no número de concellos que contan con servizo bibliotecario é unha constante desde o ano 2014.



Gráfico 1 Evolución do número de concellos con servizo bibliotecario por provincias 2014-2018

Nese ano había en Galicia 231 concellos con biblioteca, e no ano seguinte en 2015 os concellos con servizo sumaban 233, polo que en 3 anos o noso país perdeu o servizo de biblioteca pública en 9 concellos.

Se observamos a evolución no número de bibliotecas públicas, podemos ver como se reflicte a suma de concellos sen servizo. Galicia perdeu nos últimos tres anos 20 bibliotecas. Por provincias todas elas perden puntos de servizo bibliotecario no último ano, e só Pontevedra mantén un número de bibliotecas superior ao que tiña no ano 2014.

² Comparecencia do secretario xeral de Cultura Anxo M. Lorenzo Suárez na Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia, celebrada o 29 de decembro de 2020.




Gráfico 2 Evolución do número de bibliotecas en Galicia 2014-2018



Gráfico 3 Evolución do número de bibliotecas por provincia 2014-2018

O persoal nas bibliotecas públicas.

En 2018 nas bibliotecas públicas galegas había empregados 167 bibliotecarios e bibliotecarias profesionais, 339 auxiliares de biblioteca, 39 postos de persoal especializado e 105 máis pertencentes a outras categorías en datos absolutos.

Non obstante, é máis fiable falar en termos relativos, para o que se fai a relación entre o total de persoas empregadas e a xornada de traballo de cada unha desas persoas, para obter a equivalencia de persoal empregado en tempo completo.

Ao establecer esta equivalencia obsérvase que o número de persoas empregadas descende en todas as categorías, do que se deduce que unha gran cantidade dos empregos nas bibliotecas públicas galegas son en xornadas parciais.

Cando se analiza a categoría de persoal empregada en cada concello, obsérvase que, 38 dos 224 concellos que contan con algún servizo bibliotecario son atendidos

por persoal non profesional. 4 dos 224 concellos con servizo están atendidos só por persoal voluntario e outros 11 non achegan datos.

Este dato é moi relevante pois mostra unha desprofesionalización dos servizos de bibliotecas, falta de interese político na posta en marcha de servizos bibliotecarios de calidade, e ausencia de control por parte da administración con competencias en materia de bibliotecas, que debería facer unha aposta firme pola profesionalización dos servizos, e establecer un desenvolvemento normativo que permita asegurar a profesionalidade e calidade do servizo que prestan as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

A Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia, establece no punto 2 do seu artigo 29 en referencia á dotación e selección de persoal ao servizo das bibliotecas da rede, que as bases das convocatorias de acceso ás categorías de persoal técnico cualificado das bibliotecas da rede poderán ser informadas polo órgano de dirección e coordinación do sistema e incluír unha persoa designada polo citado órgano nos tribunais de selección nomeados para tal efecto. O Servizo do Sistema de bibliotecas, deberá facer un esforzo neste sentido para asegurar a calidade dos servizos bibliotecarios integrados na rede e a profesionalización do persoal que desempeña as súas funcións na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

En canto a datos absolutos, desde 2014 nas bibliotecas públicas galegas perdemos empregos en todas as categorías, bibliotecarios e bibliotecarias profesionais, auxiliares de biblioteca, persoal especializado e outras categorías, en total, 168 postos de traballo.



Gráfico 4 Evolución do número de persoas empregadas nas bibliotecas públicas galegas 2014-2018

En Galicia contamos con 1 bibliotecario en equivalente a tempo completo por cada 4.838 habitantes.

Novamente observamos que por provincias a que mellor proporción presenta é A Coruña, e vemos que Pontevedra, aínda que é unha das provincias con máis puntos de servizo e máis concellos atendidos, ten unha proporción maior.

En termos relativos, en equivalente a tempo completo, desde 2014 perdemos 87 postos de traballo.



Gráfico 5. Evolución do número de persoas empregadas en equivalente a tempo completo nas bibliotecas públicas galegas 2014-2018

Se se establece unha comparación entre a evolución do persoal empregado a tempo completo e a relación de habitantes por persoal, pódese observar como se vai producindo un afastamento, por outra banda lóxico, entre as dúas variables. Isto que parece unha obviedade, indica que se está producido un aumento da carga de traballo, xa que aínda que nos últimos anos diminuíu a poboación en Galicia, é cada vez maior o número de persoas que ten que atender cada un dos empregados das bibliotecas públicas galegas.




Gráfico 6
Comparación da evolución do persoal en equivalente a tempo completo e o número de habitantes por persoal en equivalente a tempo completo 2014-2018

A colección e o seu uso.

Nas bibliotecas públicas galegas contamos cunha colección que acada a relación de 2,19 documentos por habitante, cunha porcentaxe de renovación da colección durante o ano 2018 que chega ata o 5%, o que supón en termos relativos un crecemento desta ata o 1,5 % e un índice de rotación que se sitúa nos 0,36 préstamos por documento. Non son malos datos, sobre todo no que respecta á renovación da colección, no que Galicia se atopa por riba da media estatal, sendo a terceira comunidade autónoma do estado coa porcentaxe máis alta.

Esta porcentaxe de renovación débese a que aumentou o investimento que se fixo na colección chegando a acadar a cifra de 109 documentos adquiridos durante o ano 2018 por cada 1.000 habitantes. De novo é a terceira comunidade autónoma que maior número de documentos adquiriu durante o ano 2018.

A porcentaxe de renovación da colección, xunto co aumento que se produciu nas adquisicións, é moi importante se temos en conta que o Mapa de Bibliotecas de Galicia³ elaborado pola Secretaría Xeral de Cultura durante o ano 2016, detectaba que en 120 concellos dos preto de 200 analizados, a colección das súas bibliotecas estaba sobredimensionada, é dicir, era necesaria unha revisión, actualización e expurgo de materiais obsoletos.

Estas cifras supoñen unha ruptura coa tendencia dos últimos anos nos que se apreciaba unha diminución nas adquisicións, e tamén na porcentaxe de renovación da colección. Sen dúbida é



3 Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, 2016.

<https://rbgalicia.xunta.gal/es/rede/mapa-de-bibliotecas-publicas-de-galicia>

o camiño que se debe seguir, aínda que este tipo de medidas deben complementarse con outras que faciliten a xestión e a prestación de servizos de calidade, e non só boas coleccións de documentos.

De feito, ao continuar analizando os datos respectivos ao uso que se fai das coleccións, obsérvase un baixo índice de rotación, unha baixa relación de préstamos por habitantes e unha relación de préstamos por usuario inscrito na que Galicia non acadada a media estatal.

Polo que respecta ao índice de rotación, despois de importantes baixadas nos anos 2015 e 2016, parece que se mantén sen apenas variacións, o que significa que se debe traballar na pertinencia das coleccións para facelas máis atractivas para os usuarios e aumentar o número de préstamos.

As instalacións.

En Galicia, de acordo cos datos de 2018 a cada biblioteca correspóndenlle 8.281 habitantes, aos que se lles ofrece unha relación de 27 metros cadrados e case 7 postos de lectura por cada 1.000 habitantes.

Sen profundar en detalle nestes datos, pódese sinalar que nas Directrices da IFLA para o desenvolvemento do servizo de biblioteca pública⁴, recóllese que a relación correcta debería ser de 56 metros cadrados por cada 1.000 habitantes. Así pois, parece que os datos amosan que as bibliotecas públicas galegas están lonxe de acadar unha boa relación.

De feito, outras das conclusións extraídas do Mapa de Bibliotecas de Galicia do ano 2016, é que 174 concellos teñen un nivel de superficie inadecuado á poboación de acordo cos estándares establecidos, e que a gran maioría non teñen unha relación axeitada de postos de lectura por cada 1.000 habitantes.

Unha das conclusións do documento de Diagnose dese Mapa, establecía que era necesario aumentar a superficie en metros cadrados das instalacións. Neste sentido, non houbo variacións nos últimos anos, consecuencia do estado da lexislación vixente na nosa comunidade autónoma, que se analiza máis adiante.

Actividades culturais

Con respecto ás actividades culturais, un apunte moi simple, 252 das 326 bibliotecas

4 Apéndice 4. Normas de construción de bibliotecas – Ontario, Canadá y Barcelona, España

que tiñamos en Galicia no ano 2018 organizaron actividades. En conxunto, organizáronse unha media de 26 actividades por biblioteca durante o último ano do que hai datos o que supón recuperar de novo a liña ascendente, xa que ata o ano 2016 a organización de actividades foi caendo en picado.

Os usuarios.

Con respecto aos usuarios, no caso dos prestameiros activos, ao comparar os datos de Galicia con outras comunidades autónomas que teñen unha situación similar en canto a poboación, Galicia está moi por debaixo de Castela e León, ou Euskadi, onde cunha cifra de poboación algo menor, con menor número de bibliotecas, e cun nivel de usuarios inscritos similar nos superan en prestameiros activos.

Non obstante, con respecto aos usuarios, habería que agardar un par de anos a que remate o proceso de integración das bibliotecas municipais no Catálogo Colectivo das Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para poder facer unha foto real da situación. A sucesiva integración de bibliotecas, fai que diminúa o número de usuarios inscritos por unha cuestión lóxica. Moitos usuarios teñen carné de varias bibliotecas, carnés que se fusionan nunha soa ficha de usuarios cando as bibliotecas se integran no catálogo e comparten datos.

Ata aquí a situación na que se atopan as bibliotecas, é dicir a radiografía que nos indica onde se atopan os puntos débiles sobre os que hai que incidir para mellora a situación e onde teñen que centrar os seus esforzos as administracións.

A lexislación vixente. A necesidade de desenvolvemento

De acordo co establecido no artigo 27.18 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, a nosa comunidade autónoma ten a competencia exclusiva en materia de bibliotecas de interese para a comunidade autónoma e que non sexan de titularidade estatal, ademais de xestionar as bibliotecas públicas de titularidade estatal que se atopan no territorio galego, de acordo coa Resolución do 14 de decembro de 1989 da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Cultura polo que se daba publicidade aos convenios subscritos entre o Ministerio e a Comunidade Autónoma Galega para a xestión de arquivos, bibliotecas e museos de titularidade estatal.

Antes de analizar con detalle a lexislación actual, é preciso facer un repaso á evolución da lexislación en materia bibliotecaria de Galicia, que permita entender a situación actual.

A primeira lei de bibliotecas de Galicia aprobouse no ano 1989⁵. Unha vez aprobada esta lei, co obxectivo de concretar os aspectos xerais que esta recollía foi necesario elaborar un desenvolvemento normativo regulamentario que permitise organizar o sistema bibliotecario galego. Así pois, paulatinamente fóronse elaborando unha serie de ordes e decretos para dar sentido á normativa xeral:

- Decreto 38/1991, do 1 de febreiro, polo que se regula o funcionamento das bibliotecas itinerantes de préstamo, que desenvolve o artigo 9.1º da Lei 14/1989, que fai referencia a núcleos de poboación con menos de 2.000 habitantes atendidos por un subsistema de bibliotecas móbiles ou axencias de lectura.
- Orde do 14 de febreiro de 1992 pola que se desenvolve o Decreto 38/1991, do 1 de febreiro, que regula o funcionamento das bibliotecas itinerantes de préstamo, en desenvolvemento do artigo 9.1º da Lei 14/1989.
- Decreto 57/1992, do 19 de febreiro, polo que se desenvolven as funcións dos órganos do sistema bibliotecario de Galicia, en desenvolvemento dos artigos 6.2º, 6.3º, 6.4º e 7 da Lei 14/1989.
- Decreto 24/1995, do 20 de xaneiro, polo que se regulan os centros bibliotecarios fixos, que desenvolve o artigo 1.3º da Lei 14/1989, que plasma o deber dos poderes públicos galegos de arbitrar as fórmulas necesarias para crear e manter un adecuado sistema bibliotecario.
- Orde do 4 de abril de 1995 pola que se regula o funcionamento do Rexistro de Bibliotecas de Galicia, que desenvolve o Decreto 24/1995, no que se refire á creación do Rexistro de Bibliotecas de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 1995 pola que se desenvolve o Decreto 24/1995, do 20 de xaneiro, polo que se regulan os centros bibliotecarios fixos, no referente á creación de bibliotecas municipais en colaboración coa Consellería de Cultura e pola que se regula a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia.
- Orde do 27 de agosto de 1996 pola que se declara como biblioteca nodal a Biblioteca Central de Vigo, que desenvolve o artigo 4 do Decreto 24/1995.

Con posterioridade, a dispersión normativa e a complexa estrutura de ordes e decretos de desenvolvemento, fixo necesario recollelas todas elas nunha soa disposición normativa coa fin de estruturar o regulamento normativo e eliminar duplicidades, polo que no ano 2001 se publicaba o Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.

5 Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas de Galicia (DOG nº 204, do 24 de outubro)

Despois de 11 anos, tendo en conta os cambios lexislativos que se foron producindo durante ese tempo e os avances no ámbito bibliotecario, en Galicia redactouse e aprobouse unha nova lei. Como todas, a Lei 5/2012, regulaba determinados aspectos que necesitaban desenvolvemento regulamentario, como por exemplo, o Decreto 190/2013, que regula a composición e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia. E a mesma lei establecía que mentres non se desenvolvesen os aspectos recollidos na lei, seguirían vixentes as disposicións normativas con rango igual ou inferior en todo o que non fosen contrarias⁶ á lei.

Deste xeito, á falta da actualización normativa e da elaboración dun novo desenvolvemento normativo, nestes momentos segue vixente o Decreto 41/2001.

O citado decreto regula os órganos do sistema de bibliotecas, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, o Rexistro de Bibliotecas de Galicia e a integración das bibliotecas públicas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Con respecto ao Rexistro de bibliotecas e á Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, o decreto recolle unha tipoloxía e unha categoría de servizos bibliotecarios (para efectos administrativos e estatísticos soamente) en función da cal se establecen unha serie de requisitos de servizos, persoal, e instalacións necesarios para a súa integración como bibliotecas públicas dentro da Rede bibliotecaria galega.

DECRETO 41/2001 DE REFUNDACIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DE BIBLIOTECAS DE GALICIA				
TIPO DE BIBLIOTECA	HORARIO	SUPERFICIE MÍNIMA	SERVIZOS	PERSOAL
BIBLIOTECAS NODAIS	Mañá e tarde 6 días á semana 55 horas á semana	Non se indica	<ul style="list-style-type: none"> - Información bibliográfica - Consulta en sala - Préstamo a domicilio 	Funcionarios Corpos Especiais Bibliotecas, Arquivos e Museos Xunta de Galicia
BIBLIOTECAS COMARCAIS E CABECEIRAS DE REDES URBANAS OU MUNICIPAIS	Non se indica	Non se indica	<ul style="list-style-type: none"> - Hemeroteca - Servizo de materiais sonoros e audiovisuais - Sección infantil e xuvenil - Sección local 	Non se indica
BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS	Polo menos 5 días Preferiblemente 6 25 horas á semana	100 m ²	<ul style="list-style-type: none"> - Información bibliográfica - Consulta en sala - Préstamo a domicilio - Hemeroteca - Sección infantil e xuvenil - Sección local 	Mínimo 1 titulado Grao Medio Formación Técnica Bibliotecas
BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE TITULARIDADE PRIVADA CONCERTADA	3 días mínimo 20 horas semanais	100 m ²	<ul style="list-style-type: none"> - Préstamo a domicilio - Sección infantil e xuvenil - Consulta en sala 	Persoal adecuado
AXENCIAS DE LECTURA MUNICIPAIS	3 días mínimo 15 horas semanais	40 m ²	<ul style="list-style-type: none"> - Información - Préstamo a domicilio - Sección infantil e xuvenil - Consulta en sala 	Persoal competente e adecuado
AXENCIAS DE LECTURA TITULARIDADE PRIVADA CONCERTADA	3 días. 10 horas semana	40 m ²	<ul style="list-style-type: none"> - Préstamo a domicilio - Sección infantil e xuvenil - Consulta en sala 	Persoal competente

6 Disposición derogatoria única da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia (DOG. Núm. 122 do 27 de xuño).

Para cada tipoloxía establécese un horario, unha superficie, os servizos que debe prestar e o persoal polo que deben ser atendidas. Estes requisitos establecidos no decreto son os que se teñen en conta cando se asina un convenio de colaboración entre os Concellos e a Xunta para a integración dos servizos municipais na Rede de bibliotecas, e son o marco de referencia que se debe ter en conta cando se emite informe técnico favorable ou desfavorable por parte dos técnicos da Consellería de Cultura para a integración de bibliotecas.

Desde 2012 temos unha nova lei de bibliotecas, na que se recollen os órganos que forman parte do sistema, a definición, estrutura e réxime de prestación de servizos na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. E tamén recolle a xestión por parte da Consellería do Rexistro de Bibliotecas de Galicia, pero non regula o procedemento de inscrición de bibliotecas. Tamén recolle a Integración das bibliotecas na Rede de Bibliotecas de Galicia, pero non regula o seu procedemento, e tamén establece unha nova tipoloxía bibliotecaria para efectos administrativos e estatísticos, pero non recolle os requisitos necesarios para a integración deste servizos na Rede de Bibliotecas de Galicia.

REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA	ESTRUTURA	BIBLIOTECAS CENTRAIS TERRITORIAIS (NODAIS, 7, FERROL DESDE 20-3-2014)	<ul style="list-style-type: none"> – Servizos bibliotecarios integrais coordinan e prestan servizos de asesoramento, préstamo interbibliotecario e soporte técnico á rede inferior. – Poderán encargarse de aspectos materiais, técnicos ou de servizos propios da xestión bibliotecaria para bibliotecas inferiores. – Cada unha cun consello asesor e de participación, asesorar ao órgano de dirección de aspectos coordinadores. Regulamentariamente a súa composición e competencias.
		BIBLIOTECAS CENTRAIS MUNICIPAIS (bibliotecas comarcais e cabeciras de redes urbanas e municipais)	<ul style="list-style-type: none"> – Municipios de máis de 20.000 habitantes. – Prestarán servizo de forma descentralizada. Unha biblioteca central e unha de proximidade ou servizos bibliotecarios móbiles. – Coordinan os demais servizos bibliotecarios do municipio conforme ao Mapa de Bibliotecas de Galicia.
		BIBLIOTECAS DE PROXIMIDADE (axencias de lectura, municipais ou privadas concertadas)	<ul style="list-style-type: none"> – Son de titularidade municipal ou concertadas. Cumpren condicións necesarias para servizo de lectura pública, actividades, difusión sociocultural, animación á lectura. – Convenios para bibliotecas de proximidade e entidades e asociacións privadas que cumpran criterios mínimos fixados.
		BIBLIOTECAS LOCAIS (bibliotecas públicas municipais)	<ul style="list-style-type: none"> – Bibliotecas de titularidade municipal que cumpran condicións necesarias para prestar o servizo de lectura pública nunha área de 2.000-20.000 habitantes. – Coordinan a súa actividade coa biblioteca central territorial correspondente. – Poderán asinarse convenios de colaboración para bibliotecas locais con entidades e asociacións privadas que cumpran os criterios mínimos que se fixen.
		SERVIZOS BIBLIOTECARIOS MÓBILES	<ul style="list-style-type: none"> – Núcleos menores de 2.000 habitantes. Dependen da central territorial ou central municipal máis próxima. – Prestar servizo de lectura pública en zonas onde non exista punto de servizo fixo.

Esta duplicidade supón, que a pesar de contar cunha nova lei e cunha nova tipoloxía para efectos administrativos e estatísticos, séguese empregando a tipoloxía administrativa establecida no Decreto para levar a cabo os procedementos de rexistro e integración.

Esta situación de duplicidade provoca o seguinte problema:

- O acceso ás axudas e liñas de subvencións da Consellería de Cultura en materia de bibliotecas esixe que os servizos bibliotecarios dos concellos estean integrados na Rede de Bibliotecas de Galicia. O obxectivo é que as bibliotecas que accedan ao financiamento cumpran cunha serie de requisitos establecidos normativamente.
- Os requisitos de integración na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, están recollidos no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.
- A tipoloxía e categorización recollida no citado decreto, non se adapta á tipoloxía e categorización recollida na nova Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia, nin á realidade actual
- A esixencia de cumprimento duns requisitos obsoletos para a integración dos servizos bibliotecarios municipais na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, implica unha perpetuación de características caducas, non adaptadas á situación actual.

En consecuencia, non se está potenciando a mellora, actualización e modernización dos servizos bibliotecarios galegos, nin cos requisitos esixidos para pertencer á Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, nin coa esixencia de pertenza a esta rede para acceder ao financiamento.

Por outra banda, a nova lei de bibliotecas, regula no artigo 27 o Mapa de bibliotecas de Galicia e di, que ha ser o documento que sirva como base para o establecemento de prioridades da acción pública en materia de bibliotecas, que a través del se planificarán os servizos que lle corresponden a cada poboación, e que estas prioridades poderanlle servir de base á consellería para realizar investimentos ou outorgar axudas.

De tal xeito que se non adaptamos a normativa, e non establecemos uns novos requisitos mínimos adaptados á realidade actual e tendo en conta os estándares que se seguen para a elaboración do Mapa de Bibliotecas de Galicia, estamos por unha banda diagnosticando un problema, e pola outra, perpetuando a situación, xa que as esixencias non se adaptan ao problema diagnosticado.

Ademais, a elaboración do Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia, debería ser o punto de partida para a elaboración dun plan estratéxico da Rede de Bibliotecas

Públicas, que estableza a misión da rede, a visión, os valores que defende, os obxectivos que pretende acadar e as prioridades de actuación para corrixir os defectos, erros ou carencias detectadas no Mapa.

Novos marcos de actuación.

As bibliotecas, como servizos públicos integrados na comunidade e no territorio no que prestan servizo á cidadanía, deben adaptarse ás circunstancias sociais, económicas e territoriais de cada momento. Deben evolucionar coa sociedade e ao mesmo tempo dar resposta aos problemas de cada época.

Para iso, é necesario que as autoridades competentes en materia de bibliotecas, saiban dirixir o sistema como elemento corrector de desigualdades.

No tempo actual que nos tocou vivir, existen unha serie de condicionantes que fan necesaria a incorporación dunha serie de perspectivas, liñas de actuación, ou marcos de referencia ao compoñente social das institucións da memoria, aos que as bibliotecas non poden ser alleas.

Eses novos marcos de actuación deben ser:

A perspectiva de xénero.

Recóllese no Plan estratéxico do Consello de Cooperación Bibliotecaria do Estado, cunha serie de medidas que deben incidir:

- Na formación do persoal para concienciar na importancia que supón o contacto co público e interiorizar a diversidade e igualdade na prestación do servizos.
- Incorporando a perspectiva de xénero de xeito transversal na súa xestión (servizos, coleccións, actividades, etc.)

Ademais, o persoal que desempeña a súa función nas bibliotecas públicas é un colectivo maioritariamente feminino polo que se debe ter en conta a perspectiva de xénero para facilitar a concienciación da vida familiar e laboral na planificación do servizo.

A perspectiva demográfica.

Desde o pasado mes de febreiro Galicia conta cunha nova normativa en materia demográfica, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

Como se puido observar, os datos son claros cando se analiza a presenza do servizo de biblioteca pública especialmente nos concellos do interior de Galicia, con carencias detectadas nas provincias de Lugo e Ourense, que son as provincias menos poboadas, con maior dispersión da poboación e para as que se deben planificar accións concretas que axuden a corrixir as deficiencias na prestación dos servizos.

Polo tanto, é preciso incorporar esta novo marco de actuación na planificación dos investimentos en materia de bibliotecas.

Oportunidade dun novo desenvolvemento normativo.

Aproveitar a oportunidade de poder establecer un desenvolvemento normativo actual, ambicioso, que teñan en conta as novas perspectivas na prestación dos servizos públicos, que saiba concretar as necesidades do sistema de bibliotecas e articule as medidas necesarias para a mellora da súa calidade.

Colaboración, cooperación e coordinación entre administracións.

Non obstante, para todo isto precisamos unha maior colaboración entre as diferentes administracións. Como xa vimos o 96% das bibliotecas pertencen á administración local, polo que a Xunta de Galicia debe exercer as súas competencias consciente de que para poñer en marcha as políticas públicas en materia de bibliotecas ten que contar co resto das administracións. A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia debe funcionar como unha verdadeira rede de puntos de servizo que traballen de xeito coordinado, cooperando na prestación dos servizos e non de maneira illada.

Planificación dos investimentos.

Debemos sacarlle partido aos datos estatísticos que se recollen todos os anos, e actuar en consecuencia. Anualmente as bibliotecas fan un inmenso traballo de recollida e tratamento de datos para cumprir cunha obriga legal. Esta compilación de datos debe entenderse como un labor de coñecemento, estudo e comprensión das dimensións nas que se están prestando os servizos e non só como unha obriga legal. Os servizos técnicos de dirección do sistema de bibliotecas, da Rede de Bibliotecas Públicas e de cada biblioteca particular, deben axudarse das estatísticas e a análise da situación para a identificación de prioridades e o establecemento de liñas de actuación, operativas e estratéxicas, a curto, medio e longo prazo.

Aposta decidida pola rede de bibliotecas de Galicia.

As autoridades competentes en materia de bibliotecas da comunidade autónoma galega, deben comprender que a prestación de servizos ambiciosos e de calidade, deben pasar por unha aposta decidida pola Rede de Bibliotecas de Galicia.

Debe dotarse de persoal suficiente ao Servizo do Sistema de Bibliotecas, no que recae a xestión do Sistema de Bibliotecas e da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Esta xestión inclúe a xestión e coordinación do Catálogo Colectivo, as Estatísticas de Bibliotecas Públicas de Galicia, o Rexistro de Bibliotecas, o Directorio de Bibliotecas Públicas de Galicia, axudas, subvencións, a formación do persoal e a xestión e coordinación das Bibliotecas Centrais Territoriais.

Pero, para todo isto necesitamos que as autoridades comprendan que as bibliotecas son un servizo esencial, único punto de acceso á cultura, a información e as novas tecnoloxías para a cidadanía con menos recursos, e o seu papel será esencial para superar a fenda dixital, formar en habilidades de alfabetización, competencias con ferramentas dixitais para axudar a loitar contra a exclusión social económica e cultural.

Bibliografía

ARROYO-VÁZQUEZ, Natalia; HERNÁNDEZ-SÁNCHEZ, Hilario; GÓMEZ-HERNÁNDEZ, José-Antonio. (2019). “Las bibliotecas públicas en España: diagnóstico tras la crisis económica”. Madrid: Fesabid. ISBN: 978-84-939694-2-4

<http://www.fesabid.org/sites/default/files/images/fesabid/Informe-fesabid-v12-digital.pdf>

CONECTA (2020). “Hábitos de Lectura y Compra de Libros en España 2019. Informe de Resultados”. Madrid: Federación de Gremios de Editores de España.

<https://www.gremieditors.cat/wp-content/uploads/2020/02/200221PRE-FGEE-Ha%CC%81bitos-lectura-presentacio%CC%81n.pdf>

CARRIÓN-GÚTIEZ, Alejandro. (2013). “Informe de situación de las bibliotecas públicas españolas en 2012”. El profesional de la información, mayo-junio, v. 22, n. 3, pp. 250-258.

GRUPO ESTRATÉGICO PARA EL ESTUDIO DE PROSPECTIVA SOBRE LA BIBLIOTECA EN EL NUEVO ENTORNO INFORMACIONAL Y SOCIAL (2013). Prospectiva 2020: Las

diez áreas que más van a cambiar en nuestras bibliotecas en los próximos años. Madrid: Consejo de Cooperación Bibliotecaria.

http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Estudio_prospectiva_2020.pdf

[Consulta 15/02/2021]

IFLA, International Federation of Library Associations and Institutions. (2019). A Library Manifesto for Europe.

<https://www.europe4libraries2019.eu/es/> [Consulta: 15/02/2021]

IFLA, International Federation of Library Associations and Institutions (2001). Directrices IFLA/Unesco para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas.

<https://www.ifla.org/files/assets/hq/publications/archive/the-public-library-service/pg01-s.pdf>

[Consulta 15/02/2001]

Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. (2012). Diario Oficial de Galicia, 27 de xuño, n. 122, pp. 25.553- 25.580

Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas (1989). Diario Oficial de Galicia, 24 de outubro, n. 204, pp. 4971-4975

MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE. (2020). Bibliotecas públicas españolas en cifras. 2018.

<https://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/bibliotecas/bibliotecas-publicas-espanolas-en-cifras.html>

XUNTA DE GALICIA. (2016). Mapa de bibliotecas públicas de Galicia.

<https://rbgalicia.xunta.gal/es/rede/mapa-de-bibliotecas-publicas-de-galicia>

[Consulta 15/02/2021]

RODRÍGUEZ SORROCHE, Clemente, (2007). “Análisis de la situación actual de las bibliotecas públicas en Andalucía. Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios, julio-diciembre n. 88-89, pp. 11-33

Mutacións arquivísticas. Da aspiración á inspiración.

Archival mutations. From aspiration to inspiration .

Carmen Molina Taboada.

Arquivo. Deputación da Coruña

carmen.molina@dacoruna.gal

Resumo: Desexamos compartir o noso pensamento estratéxico sobre mutacións arquivísticas, neste presente imperfecto que pon nas nosas mans o futuro do arquivo. A cultura colaborativa é o motor do noso laboratorio de ideas. E os arquivistas en inspiración permanente podemos renacer, reformular e dinamizar, mutar en comunicar. O arquivo é un eterno valor, tanto polo que conserva como polo que é capaz de compartir. Hoxe, nunha sociedade líquida e incerta o noso obxectivo é priorizar comunicar o certo, posto que as nosas tradicionais fontes son fiables e subministran certeza. Focalizamos no cidadán. Informar é o servizo. O desafío é dar servizos en liña, proactivos, propostas culturais en contornas dixitais. Un reto que inflúe na transformación das prioridades: o investimento estratéxico é dixital.

Deseñamos a posta en marcha paralela dun Proxecto de dixitalización e doutro de difusión que conflúen nun Plan estratéxico de comunicación.

Palabras clave: PROACTIVIDADE / SERVIZO ESENCIAL / DINAMIZAR / MUTAR EN COMUNICAR / HUMANISMO DIXITAL.

Abstract: *We wish to share our strategic thinking on archival mutations, in this imperfect present that puts the future of the archive in our hands. To mutate is to be reborn, reformulate, energize. The collaborative culture is the engine of our laboratory of ideas. And inspired archivists, in permanent mutation, can mutate into communicate. The archive is an eternal value, both for what it preserves and for what it is capable of sharing. Today, in a liquid and uncertain society, our objective is to prioritize communicating the truth, since our traditional sources are reliable and provide certainty. We focus on the citizen. Informing is the service. The challenge is to provide online services, cultural proposals in digital environments, proactive digital services. A digital challenge that influences the mutation of priorities: strategic investment is digital. We have designed the parallel implementation of a digitization project and a dissemination project that converge in a strategic communication plan.*

Keywords: PROACTIVITY / ESSENTIAL SERVICE / ENERGIZE / MUTATE INTO COMUNICATE / DIGITAL HUMANISM.

É unha honra para o noso arquivo compartir as nosas ideas sobre mutacións arquivísticas en tempos difíciles, neste presente imperfecto que pon nas nosas mans o renacemento do arquivo.

Convidovos a meditar comigo. As crises son reveladoras e o pensamento estratéxico é a ferramenta para xestionalas. Deberemos repensar o futuro do pasado, mesmo estar dispostos a desaprender, a ampliar horizontes coa mente aberta. Non cambiaremos as cousas se facemos sempre o mesmo, dicía Einstein. Non haberá unha verdadeira transformación dixital se conservamos os vellos usos do papel.



No noso XIX Encontro de arquivistas da Coruña, comunicamos e publicamos as nosas fortalezas. Aspirar a cumprir coas medidas do Arquivo electrónico, a risco de converterse nun frustrante valor límite, que non alcanzamos debido aos sucesivos aprazamentos. Un bucle eterno. Aínda así, temos listas as catro ferramentas arquivísticas precisas: o deseño dos tipos documentais, o catálogo de procedementos, o Cadro de Clasificación Funcional, que é o noso ecosistema vertebrador (Cerdá, 2020) e a Política de Xestión Documental, para conseguir que toda a organización archive da mesma maneira (Soler, 2020).

O CCF para deputacións acordouse no XVIII Encontro de Madrid e a PGD para deputacións, no XIX Encontro da Coruña (Amaro et al., 2020).

Tamén comunicamos e publicamos as nosas debilidades: a valoración e os arquivos municipais. A cualificación é estratéxica, é a clave da transformación dixital (Franco, 2020), pero é unha tarefa difícil. Postergamos eternamente o calendario de valoración malgastando en almacenar, fisicamente ou na nube; é o efecto perverso do cambio de paradigma. Almacenar *sine die* no tramitador esixe a xestión da capacidade para manter os niveis de crecemento. A vulnerabilidade está xusto no traspaso de custodia (Martín, 2020). É aquí onde enlazamos coa temática da asistencia aos arquivos municipais. A implantación das medidas do arquivo-e trae asociado o problema da falta de arquiveiros nos municipios. O traspaso de custodia necesita persoal especializado en xestión documental e arquivo.

En defensa do patrimonio documental provincial, é clave apreciar a diferenza entre arquivos e simples depósitos documentais, precisamente no ámbito dos arquivos municipais (Heredia, 2016). Non deberiamos esquecer que as deputacións damos axuda a 15 millóns de habitantes. Deste xeito, están chamadas a xogar un gran papel no servizo de arquivo debido a que non é prioritario en municipios pequenos. En España, dun total de 8.131 municipios, temos ao noso cargo 7.718 con fenda dixital e sen arquiveiro 7.000. En Galicia, son 257 os clientes potenciais do servizo de arquivo, os menores de 10.000 habitantes. Tan só 33 concellos de 313 teñen arquiveiro, 23 deles na provincia da Coruña. As deputacións poderíamos reforzar os nosos cadros de persoal de arquivo. Como manual de procedemento contamos con trinta anos de experiencia na asistencia dos arquivos en gran parte do país que acabamos de publicar con motivo do Encontro da Coruña (Alcalde, 2020).



Analizabamos fortalezas e debilidades, reciclándonos para o arquivo-e, cando nos atropela a pandemia, e dunha aspiración frustrante mudamos a unha inspiración permanente. O virus mata o analóxico e a crise é reveladora: triunfa a proactividade post pandemia e a administración dixital.

As administracións traballamos cun ecosistema de documentos interdependentes, os datos públicos (Mundet, 2018). Progresivamente substituímos os documentos por datos. Son un activo estratéxico, o petróleo do século XXI, os servizos baseados nos datos. O nicho de mercado hoxe é pensar na calidade do dato (Barbadillo, 2018).

Non esquecemos que o obxectivo é o cidadán. Orientámonos ao servizo, especialmente aos servizos en liña: propostas culturais en contornas dixitais. E á mellora continua, mellora dos servizos, en particular á do modelo organizativo dos servizos profesionais. A cultura do cambio é a cultura dos resultados.

Deseñamos e xestionamos o capital informacional corporativo. A arquitectura da información, o substrato informacional corporativo que é o principal activo das comunidades sociais (Faus Mascarell, 2020). Fortalecemos o coñecemento compartido, a memoria cidadá co patrimonio documental. Deste modo, xestionando a memoria social, xeramos un impacto de confianza na institución. Mellora a percepción da excelencia dos servizos, porque, precisamente hoxe, nunha sociedade líquida e incerta o noso obxectivo é priorizar comunicar o certo, posto que as nosas tradicionais fontes son fiables e subministran certeza.

A pandemia é disruptiva e o *virus operandi* obríganos a xestionar o cambio. A crise pode ser un desafío, unha oportunidade de reinventármolos e recualificármolos.

Os arquivistas inspirados en transformación permanente somos flexibles ao cambio e á adaptación. Resilientes, reinventados, polímatas e empoderados. Os profesionais da información, xa que xeramos valor engadido



ao torrente de información, reforzamos o noso papel e facémonos máis visibles. Os nosos valores son:

- ▶ Innovación e mellora constante.
- ▶ Comunicación e accesibilidade.
- ▶ Creatividade grupal.

A nosa estratexia de networking ten catro eixes:

- Grupos de traballo de arquiteiros: Grupo de Traballo de Administración Autonómica e Administración Local, Grupo de Trabajo de Archiveros de Diputaciones, Consejos Insulares y Cabildos, Mesa de Trabajo de Archivos de Administración Local.
- Colegas locais: Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Municipal da Coruña, Arquivo Municipal de Fene, Arquivo Deputación de Pontevedra, Arquivo Deputación de Lugo, Arquivo de Galicia.
- Equipo diario de traballo: En catro anos conseguimos profesionalizar o persoal do arquivo. En 2017 era maioritariamente de administración xeral. En 2021 logramos o obxectivo: todo o capital humano, A1, A2 e C1 é de administración especial.
- Sensibilización institucional: Ningún dos nosos proxectos se podería levar a cabo sen o apoio e a sensibilidade institucional de Secretaría, Oficialía Maior, Secretaría e dos deputados de Persoal e de Cultura.

O arquivo é un eterno valor, tanto polo que conserva como polo que é capaz de compartir. Instalados no cambio permanente (Pablo, 2020), o reto de retos é a multifuncionalidade, un arquivo erudito e dinamizador (Mundet, 2020). Pasado e futuro, sumar e non dividir, a tradición conservadora e as novidades dixitais. Mudar de conservadores de grandes volumes de documentos en papel a xestionadores de inxentes cantidades de datos, capaces de interoperar, relacionar e enriquecer.

Virus mediante, demóstrase a responsabilidade estratéxica dos arquivos. Gardiáns do coñecemento, dos documentos esenciais, xestores de información indispensable. A nosa misión é clara: ser servizo público esencial.



Cando *Cuarto milenio* vén rodar no noso arquivo unha reportaxe sobre os nenos vacuníferos da Expedición Balmis, reconfirmamos a visión da nosa formulación. Abrir o arquivo a todos. Focalizar no cidadán. Informar é o servizo, comunicar o que facemos.

O cambio de paradigma converte o arquivo en proactivo. A necesidade informativa cambia. O perfil de usuario web é o dun cidadán autodocumentado. O desafío é dar servizos en remoto, servizos dixitais proactivos. Este reto inflúe na mutación das prioridades. O investimento estratéxico é dixital. O noso retorno do investimento é a satisfacción cidadá (Pablo, 2020).

A hipervisibilidade da cultura dixital ofrece a oportunidade dun renacemento para o arquivo. Acabamos co inverno do noso descontento e inauguramos o humanismo dixital.

O Plan de comunicación do arquivo inscríbese de pleno no paradigma da difusión dixital. A posta en marcha desta ferramenta complexa ten unhas prioridades establecidas. É unha estratexia bidireccional. Unha posta en marcha paralela dun Proxecto

de dixitalización e doutro de difusión que conflúen nun Plan estratéxico de comunicación que marca a diferenza e nos posiciona, que nos achega aos cidadáns e aos investigadores, a través da promoción dos nosos recursos documentais.

O primeiro obxectivo do Proxecto de difusión é o redeseño e reforzo da canle web. Comezamos en marzo de 2019 timidamente e intensamente, en marzo de 2020.

A acción continua de catalizar recursos na web, cun reforzo diario de contidos e de materiais divulgativos duradeiros, tivo o impacto esperado. Tras a avaliación de resultados en Google Analytics, podemos considerar alcanzada a meta, posicionada a web e estabilizada a mellora.

A nosa web estrutúrase en oito eixes temáticos. O primeiro é un valor clave, a promoción dos servizos do arquivo, a accesibilidade. Aquí teñen cabida a Guía do arquivo, o Cadro de Clasificación Funcional, o protocolo COVID, as funcións, os servizos, o equipo de traballo, o formulario de solicitude de documentos e as normas de uso. Complétase con galerías de imaxes, do Arquivo e a súa repercusión nos medios de comunicación.

O segundo eixe temático, abarca os documentos dixitais: as Actas e os Boletíns, de momento, xunto con pequenas exposicións virtuais de documentos, fotografías ou planos.

O terceiro é o noso Documento do Mes. Segue o modelo do Arquivo Histórico Nacional ou do Arquivo Xeral de Indias. Poñemos en valor o noso patrimonio documental todos os meses nesta xanela virtual, mostrando testemuños contextualizados do noso pasado. Arquitecturas emblemáticas como o Palacio Provincial, O Gran Hospital de Santiago ou o Mosteiro de Caaveiro. Personaxes destacados como os nenos expósitos da Expedición Balmis, Juana de Vega, Manuel Murguía ou Emilia Pardo Bazán.

O cuarto eixe é a historia. O reforzo de contidos sobre o contexto da Deputación. A historia institucional, un longo camiño de dúas centurias ata chegar a converterse nunha institución de apoio e cooperación para a resolución de problemas municipais. Tamén a historia do arquivo cos seus cinco fondos, 24 funcións, 29 subfuncións e 279 series documentais. Destaca a reformulación e actualización da Guía, o principal instrumento de descrición que debe ver o usuario para acceder ao arquivo, a mellor ferramenta que ofrece ao exterior unha visión global dos seus fondos.



O quinto eixe é a axenda. Alcanza xa un centenar de eventos nos que participamos. Recolle todo tipo de actividades levadas a cabo polo noso arquivo: organizacións, colaboracións e asistencias a exposicións, reunións e congresos, as nosas publicacións, presentacións, proxectos e campañas.


O seguinte eixe, enlazado co anterior, aloxa toda a información sobre o principal acontecemento promocionado polo arquivo, o XIX Encontro de Arqueiros de Deputacións na Coruña en 2019. Este é un perfecto exemplo de difusión de recursos primeiro na web, xa que subimos os PDF dos dous libros sobre o Encontro (o libro de Actas e o libro de Arquivos municipais), un mes antes da súa publicación en papel prevista para o 9 de xuño de 2020.

O sétimo eixe temático reúne un completo abanico de recursos profesionais. ferramentas arquivísticas, recomendacións bibliográficas, publicacións en liña e ligazóns de interese.

Por último, o reforzo diario de contidos nas noticias de arquivos. Desde marzo de 2020 ata hoxe recollemos 2.000.

Alcanzado e estabilizado o primeiro obxectivo do Proxecto de difusión, neste semestre de 2021 poñeremos en marcha un segundo, as redes sociais. Trátase de posi-

cionar e potenciar a nosa marca abrindo novas canles de comunicación cos cidadáns. E tamén un terceiro obxectivo, imprescindible no marco da comunicación e a participación, a Carta de servizos. O noso compromiso continuo coa calidade na prestación de servizos.



En paralelo, o outro eixe do Plan de comunicación é o Proxecto de dixitalización. A meta Boletín Oficial da Provincial (1835-2009), lógrase en maio, a dixitalización das Resolucions de Presidencia en decembro. Pecharemos o obxectivo Actas do Pleno coa dixitalización dos libros de Actas da Comisión Permanente e da Comisión Xestora. Continuaremos cunha selección de Xestión do patrimonio, Arquitectura, Vías e Obras e Beneficencia provincial, entre outras. O proxecto de dixitalización complementábase coa inminente adquisición dun escáner cenital.

Como epílogo, tan só resta lembrar as cinco ideas forza que nos guían:

- ▶ Xestionamos información confiable.
- ▶ Preservamos a memoria social.
- ▶ Comunicamos certeza.
- ▶ Servimos os datos do século XXI.
- ▶ Empoderamos a sociedade do coñecemento.

A proactividade na era covid provoca pensar fóra dos límites. Unha actitude nova, pouco convencional, diferente e creativa. O noso reto é asumir o cambio e saír do estancamento, transmutar o enfoque e abrir a mente. Medrar e non permanecer por máis tempo en zonas de confort. Crear oportunidades para marcar a diferenza.

Unha cultura colaborativa interoperando coñecemento debe ser o motor do noso laboratorio de ideas. Desexamos compartir o noso pensamento estratéxico neste presente imperfecto. A crise é un desafío e unha oportunidade que pon nas nosas mans o renacer do arquivo. Sobreveñen mutacións arquivísticas en tempos difíciles, reformulacións e dinamizacións. Os arquiteiros en inspiración permanente podemos e debemos mutar en comunicar.

Bibliografía:

ALCALDE Martín-Calero, Carlos. (2020). Los programas de apoyo y colaboración archivística con los archivos municipales. En: *Archivos municipales. Grupo de Trabajo de Archiveros de Diputaciones, Consejos Insulares y Cabildos. XIX Encuentro en A Coruña*. 30.05.2019. p.13-35
https://www.dacoruna.gal/files/9315/9420/0775/LIBRO_MUNICIPALES_Archivo_Web.pdf
[Consulta: 18/03/2021]

AMARO Pacheco, Soledad et al. (2020). Modelo de Política de Gestión de Documentos Electrónicos (PGD-e) para Diputaciones. Grupo de trabajo PGD. En: *Libro de Actas. Grupo de Trabajo de Archiveros de Diputaciones, Consejos Insulares y Cabildos. XIX Encuentro en A Coruña*. 31.05.2019. p.163-204
https://www.dacoruna.gal/files/1115/9420/0774/LIBRO_DE_ACTAS_Web.pdf
[Consulta: 18/03/2021]

BARBADILLO Alonso, Javier. (2018). “Implementación de la archivística en la gestión del documento electrónico”. En: *Congreso Nacional de Archivo y Documento electrónico*. 24.01.2018
<https://cnade.es/auditorio-i-jornada/> [Consulta: 18/03/2021]

CERDÁ Díaz, Julio. (2020). La interoperatividad del documento electrónico. Retos y escenarios. En Bustos Pretel, Gerardo (coord.), *La gestión del documento electrónico* (p. 575-601). Wolters Kluwer.

CRUZ Mundet, José Ramón. (2018). “El ecosistema de los documentos”. En: *Congreso Nacional de Archivo y Documento electrónico*. 25.01.2018
<https://cnade.es/auditorio-ii-jornada/> [Consulta: 18/03/2021]

CRUZ Mundet, José Ramón. (2020). “El archivero en un futuro imprevisible”. En: *II Congreso Nacional de Archivo y Documento electrónico*. 04.02.2020
<https://cnade.es/salon-de-plenos-i-jornada-2020/> [Consulta: 18/03/2021]

FAUS Mascarel, Joan Carles. (2020). Ante los nuevos modelos de reingeniería documental. En Bustos Pretel, Gerardo (coord.), *La gestión del documento electrónico* (pp. 297-313). Wolters Kluwer.

FRANCO Espiño, Beatriz. “Valoración de documentos como base de los sistemas de gestión documental”. En: *II Congreso Nacional de Archivo y documento electrónico*. 04.02.2020
<https://cnade.es/salon-de-plenos-i-jornada-2020/> [Consulta: 18/03/2021]


HEREDIA Herrera, Antonia. “De archivos municipales y de la Ley de Archivos y documentos de Galicia”. En: *II Jornadas Olga Gallego de Archivos: los achivos de la administración local política, planificación y sistemas frente al cambio*. 21.10.2016. p.21-30
https://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/actas_xorn_olga_gallego_2016.pdf [Consulta: 18/03/2021]

MARTÍN Rey, Rosa. (2020). El archivo electrónico: principios funcionales y técnicos para su diseño. En Bustos Pretel, Gerardo (coord.), *La gestión del documento electrónico* (pp. 603-637). Wolters Kluwer.

PABLO Martín, Fernando de. (2020). “Ponencia inaugural”. En: *II Congreso Nacional de Archivo y documento Electrónico*. 04.02.2020
<https://cnade.es/auditorio-i-jornada-2020/> [Consulta: 18/03/2021]

SOLER Jiménez, Joan. (2020). De la gestión documental a la gobernanza de la información: el cuarto pilar del gobierno abierto. En Bustos Pretel, Gerardo (coord.), *La gestión del documento electrónico* (pp. 239-262). Wolters Kluwer.





Arquiveiros d+d: arquiveiros de documentos e datos

Archivist d+d: documents and data archivist

Rosa Martín Rey

rosamartinrey@gmail.com

Resumo: Este relatorio enmárcase na reflexión e o debate que os arquiveiros, como calquera profesional, estamos obrigados a manter como consecuencia dos cambios que se producen na nosa sociedade e na nosa contorna de traballo.

Nun momento en que a transformación dixital das administracións alcanza unha velocidade considerable, estas reflexións deben producirse de maneira continua e as súas conclusións facerse efectivas con axilidade. Só así as nosas actuacións adecuáranse ás novas formas de comunicación entre as administracións e co cidadán.

O desenvolvemento dos sistemas e protocolos de intercambio de información avanza polo camiño da fonte única de documentos e datos. Alí onde se producen por competencia do órgano, é onde se conservan e se acceden por parte de terceiros. O futuro do arquiveiro será neste escenario ou non será, e debemos empezar a debuxalo desde estes principios.

Palabras chave: ADMINISTRACIÓN DIXITAL / ARQUIVO ELECTRÓNICO / ARQUIVEIROS / DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS / DATOS / INTERCAMBIO DE DOCUMENTOS / INTERCAMBIO DE DATOS / INTEROPERABILIDADE

Abstract: *This presentation is framed in the reflection and debate that archivists, like any other professional, are due to maintain as a consequence of the changes that take place in our society and in our working environment.*

At a time when the digital transformation of administrations reaches a considerable speed, these reflections must be produced continuously and their conclusions made effective with agility. Only this way our actions will be adapted to the new forms of communication among administrations and with the citizens.

The development of information exchange systems and protocols is progressing along the way of a single source of documents and data. They are to be preserved and accessed by third parties where they are produced as an specific function of the

organization. The future of the archivist will be in this scenario or will not be, and we must start drawing it from these principles.

Key words: DIGITAL ADMINISTRATION / ELECTRONIC ARCHIVE / ARCHIVISTS / ELECTRONIC DOCUMENTS / DATA / DOCUMENT EXCHANGE / DATA EXCHANGE / INTEROPERABILITY

1. Introducción

O futuro da nosa profesión é incerto. Con esta afirmación estaría de acordo case calquera dos seus membros, sobre todo porque o futuro do arquivo, tal e como hoxe o coñecemos, tamén o é.

Ata o de agora estivemos loitando por nos adaptar velozmente á revolución do documento electrónico como soporte da tramitación administrativa, e sobre todo loitamos por tentar adaptar determinados aspectos desa nova realidade, dese documento/expediente electrónico, ás necesidades de conservación que os arquivistas, mellor que ninguén, sabemos que terá en canto traspase o limiar da tramitación, en canto se dite tacitamente esa dilixencia coñecida como arquivese.

Reivindicar a valía do noso perfil profesional para poñer orde no caos de documentos electrónicos que presaxiamos que virá, será, unha vez máis, un clamor inaudito, como xa noutro tempo fora cando alertabamos da perda irreparable de testemuños da nosa historia no maremágnum de fondos administrativos acumulados e dispersos. Parece que estamos condenados a repetir a nosa historia a pesar dos nosos avances metodolóxicos, da cohesión moitas veces probada da nosa profesión, dos nosos esforzos titánicos por nos adaptar ao cambio.

Unha vez máis supéranos o imparabile funcionamento da maquinaria administrativa, que non se detén para que poidamos crear as condicións que nós, os arquivistas, consideramos óptimas, ou polo menos idóneas, para unha correcta conservación e posta en servizo dos documentos correspondentes a expedientes finalizados.

Unha vez máis non nos esperan porque os nosos métodos non se demostraron todo o eficientes que sería preciso nestes tempos. Ninguén dubida de que a nosa metodoloxía sexa boa ou mesmo moi boa, pero si pode cuestionarse se a relación custo-beneficio da súa implantación é asumible e se dá a resposta que se necesita no tempo que se necesita. E o resultado desta ecuación non nos é de todo favorable, non debemos enganarnos, porque esta ilusión autocompracente pode deixarnos relegados de forma irreparable.

A preocupación sobre o noso futuro ten xa longo percorrido. A posta en valor das nosas aptitudes debe vir sempre acompañada dunha reflexión autocrítica, e este equilibrio é sempre o camiño do noso crecemento. O mesmo que sucede para as persoas, sucede para os colectivos. Nin un panexírico da profesión nin un discurso nihilista axudará no noso labor.

Diversos compañeiros expresáronse neste sentido. Traio aquí dúas achegas recentes baseadas na experiencia.

Ana Naseiro (Naseiro, 2019) defende a figura do arquivista como necesaria na xestión e conservación do documento electrónico porque este naceu como garante da conservación da validez xurídica dos documentos ao longo do tempo, e porque, pola natureza dos seus labores, foi e segue sendo un gran estudoso e coñecedor do funcionamento da administración desde unha perspectiva global.

Inmerso o noso país en plena transformación dixital, defende a división da profesión no que poderíamos denominar dúas especialidades, o arquivista dixital e o conservador de arquivos, que non poden deixar de levarnos á segregación da profesión recoñecida longamente noutros ámbitos xeográficos, en records managers e archivists.

Pola súa banda, Luís Martínez (Martínez, 2019) alértanos do risco de extinción da nosa especie. A metáfora co reino animal non é retórica, ningunha especie sobreviviu porque o medio se adaptou a ela, e a solución tampouco é a mutación total, senón o equilibrio de todos os elementos do ecosistema.

Apoia esta ameaza de desaparición un estudo da Universidade de Oxford que menciona no seu traballo, en que se realiza unha clasificación de profesións que poden ver perigar a súa pervivencia pola penetración das novas tecnoloxías en todos os ámbitos da sociedade. Segundo ese estudo os arquivistas aparecían no posto 415 e cun 76% de posibilidades de desaparecer. Só quedaría por dilucidar a cal dos dous perfís de arquivista que propoñía Ana Naseiro se refería este estudo, ben diferenciados como profesións distintas no ámbito anglosaxón. Apostaría a que se refería ao archivist, ao conservador de arquivos.

Por isto, talvez, nos advirte que, se non admitimos cambios na nosa metodoloxía e non os lideramos nós, e se non nos abrimos á realidade abafadora da existencia de grandes volumes de datos, quedaremos como unha poboación relictas nos arquivos históricos pechados. Aínda que tamén é certo que un arquivo histórico pode ofrecer agora, e deberá ofrecer a medio prazo, moitos servizos nesta era dixital.

2. Contexto e enfoque

Antes de compartir a miña persoal percepción sobre a situación profesional dos arquivistas ou, en termos máis recentes, xestores de documentos (queda por dilucidar se na nosa contorna falamos da mesma profesión), creo necesario expoñer desde

que perspectiva me pronuncio, porque calquera proposta baseada na experiencia está claramente condicionada por ela, e tratar de xeralizar a partir das reflexións xurdidas do día a día levaría a caer no terreo dun dogmatismo que non nos fai máis capaces nin máis útiles nin, por tanto, máis desexados como profesionais.

O lugar desde o que falo é a experiencia de traballo nun arquivo administrativo de grandes dimensións, o arquivo central dun organismo da Administración Xeral do Estado que ten na súa estrutura orgánica grandes produtores de documentación con diversos graos de autonomía, ou mesmo independencia, en canto á xestión e custodia dos documentos que producen.

O fluxo documental natural ou ortodoxo do sistema interno é seguido con rigor por moitos órganos, pero non por todos. Alí onde o sistema arquivístico se mostra afunxional, é dicir, onde a relación esforzo-beneficio á hora de seguir a doutrina arquivística non se inclina claramente en favor do produtor ou do arquivo remitente, o sistema corre moito risco de fracasar.

Estou a falar ata o de agora do arquivo de documentos en papel, aínda que a situación prevese semellante para o arquivo de documentos electrónicos.

Os anos que estiven prestando servizo neste arquivo que acabo de describir coincidiron co inicio do proceso de transformación dixital da administración e, por tanto, co arranque da definición e desenvolvemento do arquivo electrónico. Neste tempo, creo que os avances foron máis conceptuais que técnicos, e que moito do coñecemento creado e compartido callou noutros ámbitos organizacionais e normativos distintos do propio arquivo, creo que ese foi o grande éxito daquel momento. Pero faltou a implantación real dun modelo de arquivo electrónico operativo, que ademais veu tropezar co escollo legislativo da Lei 39/2015, que quería facer único o que ata entón fora múltiple, sobre todo competencialmente: o arquivo.

E repítese unha vez máis a historia: tanto tardamos en dar resposta uns e outros á necesidade de conservación de documentos electrónicos desde formulacións metodolóxicas arquivísticas, que a revolución da tramitación apoiada non só en documentos, senón substitutivamente en datos, volve deixarnos fóra de xogo. A ver que facemos agora.

Levo algún tempo traballando lonxe da cúspide documental do arquivo central ao que antes facía referencia, baixei á trincheira da tramitación administrativa e vexo as necesidades das unidades de tramitación desde a súa altura, as súas necesidades

en canto a documentos e datos, en papel e en soporte electrónico, e observo os xigantescos avances da administración dixital da última década. Tratarei de compartir estas impresións ao longo desta comunicación.

En primeiro lugar, farei unha retrospectiva sobre a participación do arquivista nos dez anos máis transcendentales en canto á transformación dixital da administración, que comeza no marco da aprobación do Esquema Nacional de Interoperabilidade (en diante ENI) no ano 2010, e avanza co seu desenvolvemento normativo e despregamento técnico posterior.

Entrando a facer balance entre o que ofrecemos e o que esiximos, desde o argumento do rigor metodolóxico da nosa profesión, tentarei argumentar porque somos bos para a administración de hoxe, porque esta debe contar connosco, cales son os riscos que corre se non o fai, e cal é o espazo de negociación que nos favorece a todos.

Pero non podemos entender que damos servizo á administración se non damos servizo ao cidadán, de forma directa, como arquivo, ou de forma indirecta, como provedor de datos e documentos para axilizar a actividade administrativa sen utilizar ao cidadán como mensaxeiro ou medio de intercambio.

Feitas todas estas reflexións, estaremos en mellores condicións de discernir o que xa ofrecemos e o que debemos pedirnos para dar resposta ás necesidades da sociedade actual.

3. O profesional de arquivos na década dos prodixios 2010-2020, desde o ENI ata onte.

No tempo en que se aproba a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en que xa se empeza a falar de conservación e arquivo de expediente electrónicos, e un pouco máis adiante, cando en 2010 se aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade, que recolle a base da normativa posterior sobre Políticas de xestión de documentos, a maioría dos arquivistas estabamos dedicados aos nosos labores, é dicir:

Elaborar un calendario de transferencias regulares e xestionar ingresos de documentación; identificar, clasificar e describir series documentais e acumulacións de documentos descubertos no transcurso de obras e mudanzas nos edificios do organismo ao que dabamos servizo; atender as consultas dos cidadáns e dos diferentes órganos mediante a posta ao dispor de expedientes, ou mediante a procura, obtención e ela-

boración de datos e información obtida dos documentos que custodiabamos; realizar estudos de series con propostas de ditame, normalmente co obxectivo de eliminar un volume de documentación que nos faga a conservación sostible no tempo, buscando un equilibrio entre volume e calidade da documentación conservada. E aínda máis aló, e en función da prioridade que o noso centro teña establecida para a acción cultural do arquivo, abordabamos o estudo de fondos ou pezas documentais para publicacións ou exposicións, emprendendo accións de difusión, máis ou menos modestas ou ambiciosas, en función do perfil do noso arquivo e das nosas posibilidades.

Nese período, no que se asentaban os fundamentos da tramitación electrónica e da administración dixital, os outros, é dicir, os non arquivistas, esforzábanse en crear os instrumentos que asegurasen a interlocución da administración cos cidadáns por medios electrónicos con garantías xurídicas e de seguridade, como mínimo tan robustas como as do procedemento administrativo tradicional. Así, xestores e informáticos ocupábanse de forma prioritaria de deseñar sedes electrónicas nas que integrar rexistros e acceso a procedementos administrativos, para facilitar o seu inicio e a notificación das resolucións.

Poñer en orde e interconectar as infraestruturas necesarias para dar cumprimento á Lei 11/2007 consumiu moitos recursos orzamentarios e humanos, así que como para pensar na fase seguinte da tramitación dos expedientes. O arquivista está practicamente ausente nesta fase inicial do cambio de paradigma. Nese punto, na mente de informáticos e xestores prodúcese unha diverxencia de camiños: os documentos en papel continúan o seu camiño tradicional cara ao arquivo da institución, mentres que os documentos electrónicos pasan a formar parte do ámbito competencial das responsables TIC dos sistemas de información da organización.

A nivel normativo desprégase o desenvolvemento do ENI nas súas diferentes Normas Técnicas de Interoperabilidade, e desde o punto de vista da implantación, empézanse a desenvolver ferramentas para a xeración de documentos e expediente ENI durante a súa tramitación e para o seu intercambio, pero sen propósito de conservación e arquivo a medio ou longo prazo.

Cando se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Política de Xestión de Documentos¹, esta tendencia comeza a cambiar. O imperativo de que todos os or-

1 Resolución do 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Política de xestión de documentos electrónicos. (BOE do 26-07-2012)

ganismos de todas as Administracións públicas deben de contar cun documento de Política de Xestión de documentos fixo que, naqueles lugares nos que se asumiu este labor de forma transversal, a figura do arquiveiro adquirise unha certa relevancia, e as comisións ou grupos de traballo nos que se debateu este documento constituíronse nun lugar de xeración de coñecemento no que se deu unha sorte de sincretismo de culturas. A cultura arquivística empezou a recoñecerse como útil á hora de definir unha estratexia de conservación de documentos e expedientes electrónicos desde a súa orixe.

A nosa principal misión, entón, foi facer ver, ao resto dos implicados na actividade administrativa, que debían levar o seu horizonte máis aló da tramitación de procedementos e da notificación aos interesados, e que unha vez aqueles finalizaran, os documentos debían quedar asociados ao expediente e este debía ser tratado con criterios de vixencia e uso para a súa conservación e dispoñibilidade mentres permanecese o sistema de xestión documental da organización.

Neste período empezáronse a facer desenvolvementos de ferramentas con funcionalidade de arquivo electrónico, que tiñan como requisito nada fácil de cumprir a súa idoneidade para a conservación de documentos e expedientes creados segundo o disposto no ENI e as súas normas técnicas de interoperabilidade, así como para a aplicación das directrices establecidas na Política de xestión de documentos.

Aínda que pareza unha obviedade, merece a pena resaltar que neste momento o documento electrónico segue sendo o obxecto de discusión, xestión e conservación, posto que todo o marco normativo do ENI ata o de agora pivotaba arredor do documento como soporte da tramitación administrativa.

Non vou entrar no terreo pantanoso do arquivo electrónico único enunciado nas leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, como proposta de incorporación do concepto de arquivo ao paradigma da administración dixital interconectada, non é ese o obxecto desta contribución e só achegaría confusión ao tema de debate. Este arquivo electrónico único é unha meta para cumprir dentro da traxectoria de transformación da administración e no proceso de adaptación ou adecuación deste servizo a aquela. Pero tamén hai que dicir que alcanzar ese obxectivo, varias veces incumprido, non poñerá fin aos desafíos aos que se enfronta o arquiveiro á hora de xestionar os grandes volumes de información en forma de documentos e datos que se producen e intercambian no transcurso da actividade administrativa.

4. O que lle ofrecemos á administración de hoxe.

As nosas fortalezas, o que lle ofrecemos á administración dixital é, en termos xe-rais, o mesmo que lle ofreciamos á administración tradicional, a aquela que non oíra falar nunca de xestión de documentos nin de metadatos. A diferenza radica en que agora tivemos oportunidade de presentarnos en foros multidisciplinares e falar do noso labor. Cando fixemos isto en termos de servizo e non de reprimenda, fomos escoitados. É dicir, cando tivemos ocasión de explicar en detalle e con calma a que nos dedicamos, a resposta por parte dos nosos interlocutores foi, en xeral, boa, e as nosas propostas foron admitidas naquilo que proporcionaba unha mellora no manexo e a xestión dos documentos e, en consecuencia, na actividade administrativa.

Os aspectos en que tivemos máis éxito poden enumerarse como segue:

- Propoñer a xestión continua do expediente administrativo desde a súa creación ata a súa eliminación ou conservación permanente baixo fundamentos arquivísticos, o que se concreta na xeración de metadatos de conservación asociados ao expediente desde a súa creación: clasificación administrativa, clasificación arquivística, regras de conservación.
- Presentar o calendario de conservación como ferramenta de alto valor á hora de definir unha estratexia de conservación dixital, que contemple tanto aspectos xurídicos como tecnolóxicos. Este calendario de conservación é implementado a través do esquema de metadatos e será de aplicación directa e semiautomática.
- O cadro de clasificación funcional, que dá consistencia e coherencia á xestión documental, e que pode instrumentarse como:
 - a) Ferramenta única: Defínese unha estrutura xerárquica funcional á que se adscriben procedementos administrativos.
 - b) Ferramenta coordinada: Existe unha clasificación dos procedementos que forman o catálogo de procedementos administrativos da organización, diferenciado do cadro de clasificación de arquivo que categoriza series documentais, e establécese unha correspondencia entre a codificación das series e a codificación dos procedementos, que quedan adscritos a aquelas.

A primeira opción darase en sistemas de información que non teñan moi desenvolvido un cadro de clasificación documental de arquivo e que acorden comezar ex-novo esta tarefa baixo criterios de eficiencia, mentres que a segunda opción será a máis empregada por sistemas con alto grao de desenvolvemento en canto á xestión documental e arquivo, que xa implementaron sistemas de información paralelos, administrativo e arquivístico.

A cuestión é que as nosas aptitudes profesionais dan froito máis amodo do que a administración dixital, que evoluciona á velocidade do lóstrego, podería necesitar. Para procurar a tan desexada xestión documental desde a creación do documento deberíamos ter modelados todos os procedementos administrativos para terceiros, así como todos os procedementos internos, e deberíamos ter valoradas e ditaminadas todas as series documentais que producen as nosas institucións.

O esforzo que se está levando a cabo no seo de grupos de traballo sectoriais de arquivo é inmenso, e en moitas ocasións tense valorada unha gran parte da produción documental da institución, pero non son poucas as organizacións lastradas por déficit de recursos humanos e orzamentarios con destino ao arquivo, nas que axilizar a valoración de series documentais de acordo coa metodoloxía e procedementos normativos en vigor supón un traballo titánico do que depende, en gran medida, o xuízo que a organización faga sobre o arquivo e o arquiveiro. Pero hai aínda outros ámbitos de actuación nos que o arquiveiro deberá contribuír á construción dos sistemas de información da administración de hoxe.

5. O que lle ofrecemos ao cidadán de hoxe.

Como lles facilitamos a vida aos cidadáns? É a resposta que demos a esta pregunta o que quizá mellor vai definir o futuro da nosa profesión e as nosas posibilidades de supervivencia como especie integrada na engrenaxe da administración de hoxe.

Seremos útiles aos cidadáns cando cos nosos servizos contribuamos a evitar que eles, en persoa, sirvan de plataforma de interoperabilidade ou de plataforma de intermediación de datos, é dicir, cando sexamos capaces de prover ao cidadán de toda canta información, documentos ou datos custodie unha institución e/ou o seu arquivo, alá onde os necesite, tanto se os necesita para constatación de actos ditados pola administración, coma se os precisa para operar noutros organismos ou administracións.

En que medida podemos dar resposta a estas necesidades? Poden darse moitos supostos entre os que destacaremos algún:

O cidadán pode necesitar presentar nun procedemento documentos que xa consten noutras administracións, e que poden estar ou non en fase de arquivo. Neste caso, dámonos conta de que:

- Non temos acceso a outros sistemas de información
- Non temos métodos de intercambio de documentos eficientes, o maior logro alcanzado neste sentido, pola amplitude da súa extensión, é a remisión de documentos dun organismo a outro como elemento anexo nun asento rexistral vía SIR (Sistema de Interconexión de Rexistros). Polo momento non son documentos ENI, senón ficheiros de contido de documentos ENI. E, por suposto, utilizámolo coa súa finalidade primixenia, a de rexistro administrativo, non para transportar documentación que consta noutros procedementos dunha administración a outra.
- Non temos arquivo electrónico único. No escenario máis optimista, é dicir, cumprindo os preceptos da Lei 39/2015, este arquivo electrónico único circunscribírase a cada administración, o que a priori dificultaría o intercambio entre organismos doutras administracións, feito altamente frecuente na vida dos cidadáns, que si interoperan con cada un dos niveis territoriais. Neste sentido contamos co Proxecto SCSP (Substitución de certificados en soporte papel), xa de longo percorrido, que busca a substitución do documento polo dato.²
- Aplícase de forma xeralizada a través da Plataforma de Intermediación de Datos a, por exemplo,
 - Datos de identidade
 - Datos residencia
 - Datos fiscais
 - Datos da TGSS

2 Substitución de Certificados en Soporte Papel é un conxunto de especificacións orientadas ao intercambio de datos entre administracións públicas co obxectivo de eliminar os certificados administrativos en papel, evitando ao cidadán presentar perante as AA.PP documentación que xa está no seu poder, substituíndoos por un intercambio de datos entre administracións que se realiza de forma electrónica, estandarizada e rápida e con total garantía xurídica. <https://administracionelectronica.gob.es/ctt/scsp#.YFzcNK9Kg2w>

Quedan moitas fontes de datos por intermediar, tanto aquelas cuxa orixe está en soporte papel, como outras moitas en bases de datos. O cidadán segue solicitando certificacións de datos ou documentos para incorporar a procedementos doutros organismos, o que implica a liquidación das correspondentes taxas e a tramitación das devanditas solicitudes, mentres que no caso de acceso intermediado mediante máquina, esa taxa elimínase, así como a carga administrativa que se deriva da súa xestión e da emisión do certificado.

Na nosa contorna de traballo coñecemos isto de preto, seguimos enviando aos cidadáns a por copias certificadas ao Arquivo Histórico Provincial, copias de documentación que producimos nós e que transferimos no seu día ao devandito arquivo. Neste caso o cidadán volve converterse en plataforma de intermediación, e tráenos o papel en man ou, máis frecuentemente, dixitalízao e envíanolo pola sede electrónica. Poderíamos evitarlle algún traballo? Poderíamos evitarnos algún traballo? Poderían os nosos servizos conectarse dalgunha forma? O cidadán apreciaríao de verdade, e a carga administrativa para os órganos implicados diminuíría, polo menos, en parte.

Pola nosa banda, e cando se solicita un certificado nas nosas dependencias, este xérase a partir dos datos que constan en base de datos, pero case sempre o produto segue sendo un documento que se deberá obter ou presentar onde corresponda para que forneza os efectos oportunos. Achegámonos, pero non chegamos aínda a que, en todas as ocasións, a simple evidencia da consulta ao dato sirva de constancia nun procedemento como substituto da certificación.

Mención á parte merecen as comunicacións de datos por medio de protocolos sectoriais de carácter bilateral entre organismos. Tal é o caso, a modo de exemplo, das comunicacións notariais ou rexistrais ao Catastro de transmisións de inmobles para a inscrición das correspondentes alteracións de titularidade.

Estas comunicacións realízanse a través de servizos web, mediante as que se practica a incorporación do dato na base de datos do Catastro de forma automática ou semiautomática, evitando así que o cidadán teña que presentar a declaración catastral coa achega da escritura pública ou nota rexistral correspondente.

Desde a perspectiva do arquivista, estas prácticas, que nos facilitan a vida como cidadáns profundamente, e que mesmo nos fan reconciliarnos coa administración que nos facía a vida imposible ata hai pouco, xéranos un pouco de inquietude.

Un procedemento tramitado co apoio de consultas ou transmisión de datos dáos como resultado un expediente moi reducido en canto a constancia documental, moi diferente ao que estamos afeitos a analizar, describir e custodiar, no que documentos puramente administrativos hai dous, o que serve de inicio, e o que notifica o acordo ou a resolución, e estes xéranse por respecto ao procedemento administrativo tal e como está regulado e para que sirvan de constancia ao cidadán.




Fig. 1. Árbore de tramitación de expedientes na aplicación SIGECA

Na figura 1 móstrase a árbore de tramitación dun expediente de Comunicación Notarial Automática en SIGECA, Sistema de Xestión Catastral da Dirección Xeral do Catastro.

Como indica a denominación da súa tipoloxía, todas as actuacións que teñen lugar nese procedemento lévanse a cabo de forma automática. O obxecto deste expediente é incorporar os datos dunha alteración de titularidade á base de datos do Catastro. En principio, para a transmisión de datos, coa chamada aos servizos web e a resposta, ambos en forma de ficheiros xml mediante os que se transmiten todos os datos necesarios na transacción, sería suficiente, a esta operación engádese a gravación de datos da titularidade modificada, e podería bastar con isto.

O procedemento administrativo, con todo, fai imprescindibles dúas cousas, que se rexistre un documento de inicio, e que se notifique a resolución para constancia do interesado e para que este poida interpoñer, no seu caso, os recursos que correspondan no prazo sinalado. Ambos os dous fanse igualmente de forma automática. O que está ausente neste expediente é a proba documental, que se conserva a modo de referencia externa no xml de entrada (datos de notaría, outorgantes, data e número de protocolo, etc), e o que se conservará a futuros no arquivo catastral, primeiro, e no arquivo histórico que corresponda, despois, é, por unha banda, o efecto derivado dese negocio xurídico no Catastro (alteración en base de datos) e, por outra, constancia documental da resolución recaída.

Este é un modelo que se estenderá a curto e medio prazo se se cumpre ao pé da letra o disposto no Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

No seu título IV, sobre as relacións e colaboración entre as Administracións públicas para o funcionamento do sector público por medios electrónicos, reitérase a obrigatoriedade, para os órganos da Administración Xeral do Estado, de comunicarse entre si por medios electrónicos (Art. 57), obriga que fai descansar sobre o Rexistro Electrónico Xeneral da AGE.

Pola súa banda, o artigo 61 establece que as transmisións de datos efectuadas a través da plataforma de intermediación de datos ou outros sistemas de intercambio habilitados entre administracións, ten a consideración de certificados administrativos necesarios para o procedemento ou actuación administrativa.

Avanzando un pouco máis, no relativo á non achega de documentos ou datos que xa consten en poder das administracións por parte do interesado, establécense unha serie de regras que terán igualmente efecto sobre a conformación do expediente administrativo e sobre o arquivo das actuacións do procedemento, a saber:

- Se o órgano administrativo pode acceder aos documentos, certificados ou datos a través da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas habilitados para iso, incorporaraos ao procedemento administrativo correspondente.
- Como excepción, e se non é posible o acceso electrónico a estes datos, pode-rase solicitar o acceso por outros medios habilitados para o efecto, e conserva-rase a documentación acreditativa da circunstancia que imposibilitou o devandito acceso.

Dispón, de forma clara, que toda transmisión de datos realizárase a solicitude, non do interesado no procedemento, senón do órgano ou entidade tramitadora, e que esta poderá realizarse de forma integramente automática, sen intervención humana, tal e como mostrabamos no exemplo de arriba.

6. O que debemos pedirnos

En que afecta todo o exposto á nosa profesión e en que medida somos ou podemos ser útiles a esta maquinaria administrativa que desborda todas as nosas previsións como conservadores de documentos e expedientes administrativos tradicionais;

como imos cumprir aquelas funcións que a nosa Antonia Heredia enumeraba coa sinxeleza do absoluto: recoller, conservar, servir (Heredia, 1993, p. 95).

Algún tímido indicio atopamos na Disposición adicional segunda deste mesmo Real decreto, que modifica o ENI, en virtude do que se engaden á Disposición adicional primeira deste algunhas Normas Técnicas de Interoperabilidade por desenvolver. Aínda que hai algunhas que entran de cheo en competencias propias do arquivo e do arquivero, como as NTIs de transferencias e ingreso de documentos e expedientes electrónicos, de valoración e eliminación de documentos e expedientes-e e de preservación de documentación electrónica, son outras as que nos sitúan nos novos modelos de “servizo” de documentos e de conservación de datos e evidencias de intercambio, que pasarán a formar parte dos expedientes en substitución de parte de un dos seus documentos esenciais: os medios de proba.

Referímonos, por unha banda, á NTI de tratamento e preservación de bases de datos, que tratará “das condicións e requisitos relativos á conservación das bases de datos para garantir a súa autenticidade, integridade, confidencialidade e trazabilidade, e que o ENI só esixía ata o de agora ao documento electrónico.

Por outra banda, á NTI de Sistemas de Referencia de documentos e repositorios de confianza, que tratará os requisitos técnicos que deberán cumprir as referencias a documentos ao ser intercambiadas, de forma que se evite trasladar documentación de forma innecesaria.

As primeiras NTIs enumeradas arriba caen de cheo no noso ámbito, pero ás segundas non podemos permanecer alleos, porque a conservación de bases de datos deberá facerse con criterios arquivísticos, identificando os procedementos administrativos aos que nutren eses datos e os seus períodos de vixencia, e pasando a formar parte dos calendarios de conservación das institucións, e porque no arquivo electrónico contaremos con documentos e datos que serán intercambiados a través dunha plataforma de intermediación ou outros medios habilitados, mediante o sistema de referencias definido na última norma técnica de interoperabilidade mencionada.

7. Conclusións

A práctica profesional do arquivero, baseada na súa metodoloxía e coñecemento, seguirá sendo pilar fundamental para a conservación das actuacións das administracións, a través da identificación e valoración documental para a creación de ferra-

mentas como os calendarios de conservación, cuxo concepto se demostrou de gran utilidade para a definición de estratexias de conservación dixital eficientes.

Acometer estas tarefas coa celeridade que esixen estes tempos de cambios vertixinosos é un dos grandes desafíos aos que nos enfrontamos, pero non o único. A isto engádese que debemos aplicar o noso coñecemento a obxectos de arquivo discretos e fragmentados, non continuos e secuenciais como estabamos afeitos ata o de agora, isto é, a datos almacenados en bases de datos e as referencias a documentos que se poden conservar en repositorios diferentes do noso, e que se poden xerar no seo doutros procedementos administrativos, aínda que dos seus pronunciamentos se deriven efectos naquéloutros dos que o noso organismo é responsable.

Como manter, conservar e recuperar, isto é, arquivar, a integridade da evidencia da actuación administrativa resultante da tramitación de cada procedemento administrativo, ben se manifeste esta mediante a conservación de documentos, de referencias a documentos conservados noutros repositorios, ou de consulta a datos, para poñela ao dispor de quen sexa lexítimo e preciso, e durante o tempo que sexa necesario, é o noso novo abismo, e aí debemos atoparnos cos demais implicados no funcionamento das administracións.

Bibliografía

AMUTIO GÓMEZ, Miguel Ángel (2017). “¡Son los datos!” *Tría*, n. 21, p. 59-75.

AMUTIO GÓMEZ, Miguel Ángel (2020). “La orientación al dato, nuevos desafíos”. *Tábula*. Núm. 23.

CERDÁ DÍAZ, Julio (2020) “Sistemas integrados de Gestión. Cómo trabajamos y cómo vamos a tener que trabajar”. Congreso Nacional de Archivo y Documento Electrónico. <https://cnade.es/auditorio-i-jornada-2020/> (Consulta: 05/04/2021)

DELGADO GÓMEZ, Alejandro (2009). “La redefinición del trabajo: tecnologizamos nuestra práctica o la tecnología decide nuestro ejercicio profesional”. *Tábula*. Núm. 12.

HEREDIA HERRERA, Antonia (1993) *Archivística General: Teoría y Práctica*. Diputación de Sevilla, Servicio de Publicaciones.

HERNÁNDEZ OLIVERA, Luis (2017). Tiempos de cambio. Reflexiones sobre la doctrina archivística en España (1985/2015). *Tría*, n. 20, pp. 45-71.

MARTÍNEZ GARCÍA, Luis (2018). “Entre Gog y Magog: Los archiveros y la nueva profecía electrónica”. *Archivamos: Boletín ACAL*, Nº. 107, p. 26-28.

MARTÍNEZ GARCÍA, Luis (2019). “Archiveros en la tierra prometida. Un relato de los costes de la implantación del archivo electrónico en la Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha”. En *Actas das III Xornadas Olga Gallego de Arquivos: Novos retos: Arquivística para mañá*.

https://www.fundacionolgallego.gal/upload/recursos/cat_2/64/actas_iii_xornadas_olgallego.pdf [Consulta: 01/04/2021]

MARTÍNEZ GARCÍA, Luis (2020). “¿Por qué es tan complicado implantar el archivo electrónico en las administraciones públicas españolas? : Una breve reflexión acerca de los problemas que acechan al personal de los archivos en un entorno digital”. *Tábula*. Núm. 23.

MARTÍNEZ RAMOS, Rafael (2017). “Legislación, archiveros y administración electrónica”. *Consultor de los ayuntamientos y de los juzgados: Revista técnica especializada en administración local y justicia municipal*, Nº. 5, p. 696-700.

MARTÍNEZ RAMOS, Rafael (2018). “Una profesión al servicio de todos. Los retos de una nueva dimensión del servicio y de sus usuarios”. *Tría*, n. 22, p. 253-269.

NASEIRO RAMUDO, Ana (2019). “Los archiveros de la nueva era ante el reto de la transformación marcada por la administración electrónica”, en *Clip nº 80 (jul-dic 2019)*
<https://clip.sedic.es/article/los-archiveros-de-la-nueva-era-ante-el-reto-de-la-transformacion-marcada-por-la-administracion-electronica/> (Consulta: 25-03-21)

RODRÍGUEZ COYA, Fátima (2020). Beligerancia archivística: profesionales en tiempos líquido”. En *Actas del II Encuentro Olga Gallego de Archivos: «Los sistemas de archivo en el s. XXI: profesionales e instituciones en los tiempos líquidos*. 70-92.

Normativa básica

Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento de actuación y funcionamiento del sector público por medios electrónicos (BOE de 31/03/2021).

Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. (BOE de 02/10/2015).

Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público. (BOE de 02/10/2015).

Resolución de 28 de junio de 2012, de la Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, por la que se aprueba la Norma Técnica de Interoperabilidad de Política de gestión de documentos electrónicos. (BOE de 26/07/2012).

Real decreto 4/2010, de 8 de enero, por el que se regula el Esquema Nacional de Interoperabilidad en el ámbito de la Administración Electrónica (BOE de 29/01/2010).

Retos dos profesionais de bibliotecas

Challenges for library professionals

Alicia Sellés Carot

aliciasellescarot@gmail.com

Resumo: Este texto propón, desde unha perspectiva persoal pero tamén desde a experiencia e o traballo activo en bibliotecas e asociacións profesionais, describe os principais retos ante os que os profesionais de bibliotecas nos atopamos no ámbito teórico e técnico pero tamén de colectivo profesional.

Palabras clave: PROFESIONAIS DE BIBLIOTECAS / BIBLIOTECONOMÍA / FORMACIÓN / TRANSFORMACIÓN DIXITAL / ADVOCACY

Abstract: *This text proposes, from a personal perspective but also from the experience and active work in libraries and professional associations, describes the main challenges that library professionals face in the theoretical and technical field but also as a professional collective.*

Keywords: LIBRARY PROFESSIONALS / LIBRARIANSHIP / TRAINING / DIGITAL TRANSFORMATION / ADVOCACY

1. Introducción

Vou centrar a miña intervención nos retos que afrontamos os profesionais das bibliotecas que é un escenario no que temos máis capacidade de acción e compromiso que no escenario ou as predicións do “futuro”. Ultimamente en demasiadas entrevistas preguntáronme polo futuro das bibliotecas, o futuro dos libros, o futuro dos bibliotecarios, pero sinceramente, é un tema que non é que non o teño claro, é que non sei nin se me preocupa así en grandes cifras. Os retos, en cambio, dannos espazo de acción e de traballo para seguir cumprindo co noso papel, evolucionando e adaptándonos aos novos contextos. Creo que iso é máis interesante e máis emocionante que tentar predicir e, desde logo, moito mellor que deixarse levar pola marea.

Neste texto tento incluír algunhas das reflexións, tanto miñas propias como derivadas do traballo en FESABID ou noutros foros, que me facilitaron definir ou concretar en retos. Despois de revisalos, creo que a mellor proposta para expoñelos neste traballo é clasificalos. Seguramente non estarán todos os retos, porque en realidade, non pretendín facer unha revisión exhaustiva, máis ben a selección de ideas que quero compartir convosco ten unha perspectiva moi subxectiva ou moi do momento no que estamos, pero que creo que son verdadeiramente fundamentais e debemos traballalas si ou si, para seguir sendo profesionais e expertos no tratamento e a xestión da información para garantir un acceso significativo e igualitario á mesma.

2. Retos teóricos

En primeiro lugar, se me permitides, temos os retos que denominei teóricos. E dentro destes retos teóricos inclúo tanto o marco ou corpus teórico, como os espazos ou lugares de reflexión estritamente vinculados coa profesión. Vou tentar concretar un pouco isto e vou empezar cunha frase rotunda (que fun cambiando varias veces ao preparar este tema): “o marco teórico bibliotecario require unha actualización”. En moitos casos, fomos introducindo novas técnicas, novos estándares ou modelos nalgunhas das nosas prácticas, novas ferramentas, noutros non tanto, pero o que non fixemos de todo é abrir a mirada e reflexionar sobre a nosa relación con novos obxectos informativos ou coa nosa interacción con outras profesións ou perfís e non revisamos os principios nin teorizamos sobre iso.

É o campo da información tan transversal que se nos volveu invisible? Hai algúns traballos nesta liña, pero non acaban de concretarse nin nos nosos estudos (formación universitaria) nin nos roles tradicionais. Van aparecendo novos roles ou novos espazos nos que achegamos valor pero reivindicámoslos ou os reclamamos máis

como “oportunidade” ou saída que como verdadeiro espazo de aplicación deste marco teórico actualizado. Para que me sirva para ilustrar este primeiro reto, en breve, publicaremos desde FESABID e en colaboración coa Cátedra de Transparencia da UPV uns capítulos dun libro, que é o manual de referencia da rede internacional de iSchools¹. Este libro é, como xa dixen un manual de referencia, titulado “The discipline of organizing”, editado por Robert J. Glushko, que proporciona un marco para a teoría e a práctica da organización que integra os conceptos e métodos da organización da información e a recuperación da información. Partindo da idea de que a organización é un reto importante e omnipresente na nosa vida persoal e profesional, o texto unifica as diversas perspectivas da biblioteconomía e a ciencia da información, a informática e a computación, a ciencia cognitiva, a lingüística, a filosofía, os negocios, o dereito e outros campos para os conceptos e métodos que nos guían na organización. O contido desta obra está organizado cun núcleo de conceptos transdisciplinarios con contido suplementario (texto adicional, barras laterais, notas finais, etc.) que está etiquetado por disciplina. Esta obra fai referencia e presta atención especial sobre os obxectos informativos dixitais (que por certo, ou talvez debido a esas lagoas, algúns os incorporamos nas nosas coleccións, pero outros estámolos esquecendo ou non os identificamos como parte desa colección pertinente ou como parte das respostas ás necesidades informativas dos nosos usuarios/as que deberíamos contemplar... pero isto abre outro reto que non sei se vou abrir.

O segundo reto que vos propoño neste marco teórico, é o da reflexión e o estudo. Podería revisar cantos estudos ou cantos traballos serios, cantas publicacións sobre bibliotecas se editaron ou presentaron ou liberaron nos últimos cinco anos. A resposta non tería máis de 50 referencias. Con isto non quero desmellorar nin deslucir ao gran traballo de xeración de contidos sobre as bibliotecas, as boas prácticas e experiencias, que nos podemos atopar en blogs de colegas, que, por certo, tamén ás veces, acaban desaparecendo porque é moi difícil atopar colaboradores, apoio, etc. Cada vez hai menos revistas científicas, e, na súa maioría, mantidas por asociacións e colexios profesionais. Cantas coleccións editoriais de publicacións (papel ou dixital) hai? Poida que algúns lembredes as coleccións de Trea ou da Fundación Germán Sánchez Ruipérez... E o mesmo ocorre con estudos ou traballos autopublicados ou publicados en aberto. Para exemplificar isto, utilizarei dous casos. O primeiro é un libro autopublicado por un autor americano, un dos que si xera marco teórico e reflexión sobre as bibliotecas e os seus profesionais, David Lankes. Autor ao que, o

1 É moi importante dicir que este traballo facémolo grazas ao impulso de Tomás Saorín, que estivo traballando activamente na reformulación do grao na Universidade de Murcia, ante as abundantes lagoas en manuais ou traducións de manuais actualizados e reputados vinculados á información dixital.

meu compañeiro e amigo Néstor Mir por iniciativa absolutamente individual, lle pediu permiso para traducir un dos seus traballos e reuniunos a un grupo de colegas no seo do *Col·legi Oficial de Bibliotecaris i documentalistes de la Comunitat Valenciana* (COBDCV) para traballar sobre el. Coa axuda do orzamento do COBDCV traducímo-lo (castelán e valenciano), maquetámolo e sacamos algunhas copias. Esta tradución tivo unha grande acollida (tanto aquí como en Latinoamérica), non só porque expón cuestións moi interesantes sobre as bibliotecas, os profesionais, os servizos e as comunidades, tamén porque non hai moitas máis opcións na nosa lingua².

O outro exemplo non ten un final tan feliz, xunto a Gonzalo Oyarzun, estamos a buscar editoriais e institucións que poidan apoiar a tradución doutro libro, con colaboracións moi interesantes, con experiencias, pero con moita reflexión. Chámase “Living Libraries; The house of the community around the world”³.

O outro día, Asun Maestre, da rede de bibliotecas de Navarra faloume tamén dun número monográfico de revista Príncipe de Viana dedicado á rede e coincidía comigo en que, é certo, fainos falta teorizar, reflexionar e presentar para o debate, enriquecemento e solidez. E tamén en que se non o facemos, non é porque non haxa profesionais con traxectoria, visión e capacidade ... se non porque igual estamos absorbidos ou focalizados no noso día a día, a nosa biblioteca, o noso equipo... e levantar a cabeza e mirar en global váisenos facendo cada vez máis complicado.

En realidade, o que estou a querer dicir é que tanto a teoría como a reflexión son dous elementos que non só nos enriquecen individualmente, tamén nos axudan como colectivo a resituármonos, repensármonos e motivármonos para ser partícipes e, por que non?, ser visibles, ser protagonistas e líderes doutras cuestións ás que tamén vou facer referencia nesta intervención.

3. Retos técnicos

En realidade, retos técnicos existen moitos, tantos como opcións nos ofrezca a tecnoloxía e a interacción con outros campos. Neste texto e no contexto destas xornadas onde se escribiu moito sobre o tema, vou tentar agrupalos enfocándoos cara á solución que deben achegar. Por unha banda, o reto máis amplo e ambicioso é garantir o acceso significativo á información, á cultura e ao coñecemento. Enunciado

2 Este libro está dispoñible para a súa descarga no laboratorio de recursos do COBDCV

<https://cobdcv.es/recurso/ampliamos-expectativas-david-lankes/>

3 Este libro está dispoñible en versión pdf en <https://www.bibliotheekutrecht.nl/living-libraries.html>

así, parece sinxelo pero se empezamos a descender, vanse abrindo raíces e raíces e empezamos a comprobar que se van multiplicando os pequenos retos. O enfoque que lle dou a este reto está condicionado, loxicamente, polos anos que levo involucrada e traballando en todo o marco de Axenda 2030 e as oportunidades e retos para as bibliotecas (todo tipo de bibliotecas). Para poder ofrecer esta garantía, requirense algúns elementos que, aínda que son fundamentais e adoitan estar ausentes por exemplo, as políticas públicas bibliotecarias. Estas políticas non están exclusivamente nas nosas mans como profesionais, pero si que hai moitos aspectos que dependen de nós. Os servizos que diriximos, nos que traballamos, teñen que facer un esforzo por esa significación do acceso, talvez focalizándonos precisamente niso, no acceso e nas habilidades. A idea que propoño está absolutamente ligada á idea de profesionalización, de formación continua e de contextualización dos servizos tradicionais ás novas necesidades. Na mesma liña que antes, tentarei concretar esta idea con dous exemplos. Se me centro no acceso á información e ao coñecemento son os “produtos documentais” tradicionais que seguimos xerando unha porta de acceso real á información, á lectura para todos e todas nun contexto, xa non só dixital, se non táctil ou de recoñecemento de voz, de intelixencia artificial? Fai un par de anos, intercambiei tamén uns correos co profesor Alfonso López Yepes, no que me manifestaba a consideración dos medios audiovisuais para esta tarefa e agora en pandemia, acordeime moito desa conversación, pois parece que nos demos conta de que podemos producir outros materiais e recursos documentais que poden ser moi valiosos de democratización do acceso. Doutra banda, na estratexia que presentou o GT Axenda 2030 e bibliotecas ao pleno do CCB⁴, tamén se abren, esta e outras liñas para xerar e achegar valor engadido e amplificar as opcións de acceso.

Respecto ás habilidades, poderíamos tamén explicar ou reivindicar como o estamos facendo, o papel que podemos xogar nesa transformación dixital de España, pero para iso, necesitamos unha aposta firme en formación e recursos para os profesionais (e isto non depende só dos políticos), e incluír dunha vez, cando deseñamos os nosos servizos nas nosas cartas de servizos ou repartimos o (pequeno) orzamento que temos na alfabetización máis aló da tradicional formación de usuarios como prioridade, como as adquisicións, e, por suposto, mellorar as infraestruturas e os medios para os servizos (boas conexións, dispositivos competentes, etc.) Isto son só dous exemplos, nesa Estratexia Nacional de información e Bibliotecas, sobre todo na liña 3 atoparedes máis fronte técnicas que deberíamos comezar a explorar.

4 A estratexia completa pódese consultar na páxina do CCB

<https://www.ccbiblio.es/propuesta-de-estrategia-nacional-de-informacion-y-bibliotecas-como-agentes-para-la-consecucion-de-los-objetivos-de-la-agenda-2030/>

Pero tamén temos retos técnicos alén dos servizos tradicionais e que fan referencia ao que podemos achegar noutros ámbitos. Nesta liña, creo que un dos retos máis importantes que debemos afrontar é o da transformación dixital real dos servizos, que por suposto debe superar a dixitalización e non debe quedar en ofrecer préstamo dixital. Debemos ser neste punto, un pouco máis atrevidos e ambiciosos. Por exemplo, levo dándolle voltas, desde hai algún tempo a algo que denomino “ser biblioteca transparente”. Cara á metade dos 90, había moitos profesionais traballando e visibilizando a “internet invisible”, é dicir todas aquelas BD que non se podían indexar polos buscadores (algunhas das nosas BD actuais tampouco o permiten) e na actualidade, desde hai un tempo estamos a escoitar cada vez máis como traballan “os algoritmos”, a ameaza que supón Amazon no que se refire á xestión e explotación de datos bibliográficos, etc. Na miña opinión, hai moito traballo, moi profesional e moi válido pero que non pensa neste novo contexto, que aínda ve internet como algo plano, como un escaparate e que só xerou mensaxe, non datos...que é xusto o que comen estes algoritmos. Refírome, non só ás nosas bases de datos de xestión, tamén a outros produtos como as guías de lectura, descricións de actividades, bibliografías, actividades con determinadas obras... todo en pdf preciosos que nos alimentan a vista e visibilizan a nosa habilidade e o valor engadido que ofrecemos pero dificultan enormemente a súa reutilización e a súa explotación. Imaxinádesvos o valor engadido que ofreceríamos non só aos nosos usuarios/as se non aos temidos algoritmos e monstros do espazo dixital? Isto é só un exemplo de transformación dixital co que quero achegar a reflexión de que somos bibliotecarios/as no mundo físico, pero tamén no dixital, no que as competencias e as titularidades se dilúen e se amplifican as posibilidades de cooperación e colaboración e que tarefas como a mediación lectora, a xeración de coñecemento ás que fai referencia este exemplo, poden ser moi potentes e moi diferentes no mundo dixital; poden ser mesmo transparentes.

Outra cuestión fundamental, que vou mencionar brevemente, e que non só é técnica, tamén de xestión ou de prestación do servizo pero que ten repercusións moi importantes nos retos que citarei deseguido no ámbito do colectivo e do sector é a explotación dos datos. Os datos, que son e como son as bibliotecas, que son e como son os profesionais que están á súa fronte... ata onde chegan de verdade os nosos servizos, que impacto teñen. Necesitamos máis e mellores datos para ter non só a imaxe das bibliotecas, tamén o seu potencial. Por extensión non podo determe moito aquí pero inclúo unha pequena reflexión (en valenciano) neste artigo que acabo de publicar na revista do COBDCV que se titula “datos, datos, datos: imaxe e mensaxe das bibliotecas”⁵.

5 O artigo está dispoñible aquí <https://cobdcv.es/simile/dades-dades-dades-imatge-missatge-biblioteques/>

4. Retos do colectivo bibliotecario

Como último tipo ou conxunto de retos, farei mención aos retos como colectivo, como sector, onde creo que estamos a dar pasos interesantes, pero aínda falta moito por facer. A primeira idea que quero transmitir é a importancia de traballar todos e todas xuntas na mesma dirección, pero tamén profundar noutra idea e é que os retos de colectivo están intimamente ligados aos que mencionei nos apartados anteriores, debido a que estes inciden notablemente tamén na nosa identidade e recoñecemento como sector.

Neste ámbito, desde FESABID estamos a nos tomar moi en serio, precisamente a propia identidade como sector, é dicir, o recoñecemento en si pero tamén a profesionalización dos servizos. Aquí abrimos varias fronteiras:

- En 2020 arrincamos o FORO de reflexión GLAM que conta coa participación de representantes dos principais axentes do noso sector: Administración (Subdirección Xeral de Arquivos Estatais, Subdirección Xeral de Coordinación Bibliotecaria, Subdirección Xeral de Museos Estatais), asociacións, empresas e profesionais. E que se convocou, inicialmente, polo impacto que a nova situación sanitaria, provocou no noso sector (arquivos, bibliotecas, centros de documentación e museos), que desde o noso punto de vista debía facernos emerxer fortalecidos. A nosa reflexión principal era que teñamos o edificio aberto ou pechado, os centros de información deben ser axentes próximos e comunitarios e por iso era necesario reflexionar e compartir intencións sobre tres temas ou ideas fundamentais.

A primeira, a xa mencionada neste artigo, a transformación dixital real dos centros de información é unha oportunidade única para a cooperación e optimización de recursos e esforzos. Inflúe, á súa vez, na perspectiva da identidade dixital, as plataformas e infraestruturas que utilizamos, a formación das e dos profesionais que traballan en centros de información, etc.

A segunda, os centros de información non deben deixar a ninguén atrás: é necesario aumentar os esforzos para ser verdadeiros axentes que fomenten a inclusión dixital, colaborando con outras institucións públicas e privadas, garantindo os servizos esenciais ás persoas excluídas dixitalmente. Coa pandemia da COVID-19, a fenda dixital aumenta e a responsabilidade de pechar esta debe ser compartida.

E, finalmente, o modelo de execución de proxectos ou de xestión dos servizos que nesta situación de peche causou a paralización de contratos e expuxo unha situa-

ción laboral preocupante, tanto para o sector como para as institucións, e da que non conseguimos datos oficiais. Ademais, existe unha incerteza orzamentaria para afrontar as cuestións que expomos nos puntos anteriores.

O obxectivo do Foro foi coñecer a situación destes temas desde a visión dos diferentes axentes do sector de arquivos, bibliotecas, museos e centros de documentación, saber de primeira man as accións emprendidas, as previstas e as posibles vías de traballo e colaboración entre as organizacións para avanzar nestas liñas. Non será a última vez que este foro se convoque, aberta, por primeira vez, á reflexión conxunta de todo o sector, non debemos deixar que se volva pechar nin traballar segmentadamente.

- En 2021 arrincará o observatorio de defensa da profesión (saber que está a pasar en convocatorias, compartir recursos e colaborar entre asociacións, regulación da profesión, etc.) e presentaremos tamén un estudo do exercicio privado da profesión. En 2020 arrincamos, tamén neste marco, unha comisión dentro do observatorio, que se focaliza en todo o tema de convenios colectivos.


Como unha carioca que leva o rabo na boca, para ter esta identidade e para realizar esta defensa, é necesario un tecido asociativo, forte, sólido e coordinado. Temos moi clara esa visión de FESABID como paraugas pero a clara necesidade de chegar a todos os territorios. E con isto que quero dicir? dúas cousas fundamentalmente, por unha banda, que as asociacións e colexios profesionais necesitan estar, apoiados por todos os e as profesionais e que este apoio, non só se traduza nos “servizos” que estas asociacións/colexios “ofrecen” aos e ás profesionais (formación, organizadores de encontros e actividades...); senón tamén que se traduza en identidade e compromiso, que todos e todas identifiquemos como propias e nos impliquemos nelas porque, doutra banda, non poden deixar de facer o seu papel de entidades de representación, conexión e defensa profesional, que dean visibilidade, exerzan influencia, que consigan provocar cambios no noso sector.

E para finalizar cos retos, propoñereivos a reflexión sobre outro, o que vai, precisamente, despois do recoñecemento, e no que debemos traballar moito. Refírome á relevancia social (interacción coa sociedade civil, saír da nosa zona de confort), a influencia política e a capacitación para a acción colectiva. Non quero profundar moito, porque ademais disto fálase e traballárase nun dos eixos das xornadas de FESABID deste 2021⁶, en abril, na academia virtual. Pero si que vos direi que o traba-

6 Toda a información en <http://www.fesabid.org/jeid21/ejes/>

llo activo, e fóra do sector estritamente bibliotecario, conseguiu algúns avances ou, polo menos, visibilizar a necesidade de garantir o acceso significativo á información, á cultura e ao coñecemento (onde as bibliotecas son básicas) como un dos retos de España na estratexia para o desenvolvemento e a transformación de país no marco da Axenda 2030⁷.

7 Para quen teña máis interese neste tema, son vogal no Consejo de *Desarrollo Sostenible de España* e participo no GT de Estrategia que recentemente publicou o documento de retos de país dispoñible en: <https://www.agenda2030.gob.es/recursos/documentacion.htm>



Arquivos Públicos de Galicia: Propostas imprescindibles para unha década 2021-2030.

Galicia Public Archives: essential proposals for a decade 2021-2030

Olimpia López Rodríguez

Arquivo Xeral Territorial de Lugo

olimpialopezrodriguez@yahoo.es

Resumo: O obxectivo deste relatorio é facer unha proxección dos arquivos públicos de Galicia para a próxima década, unha análise da estruturación e dos medios necesarios para acadar uns arquivos que cumpran os seus fins principais: proporcionar acceso á información e custodiar unha memoria representativa.

Estrutúrose en tres partes, cada unha abarca un período cronolóxico no que se pautan unhas accións principais que atenden ao urxente, o mantemento dos arquivos actuais; ao importante, a estruturación do sistema de arquivos de Galicia; e ao imprescindible, o futuro da memoria de Galicia.

Todo isto levará a unha nova concepción dos arquivos como centros que conforman a identidade, constrúen cultura, explican o que fomos e o que somos, conservan respostas e achegan coñecemento, e son parte da riqueza e dos recursos propios dun país.

Palabras clave: ARQUIVOS PÚBLICOS / SISTEMA DE ARQUIVOS / GALICIA / MEMORIA REPRESENTATIVA / CIDADANÍA.

Abstract: *The objective of this presentation is bringing a preview of the future of the public archives of Galicia for the next decade: an analysis about the structuring and the necessary means to achieve archives that fulfill their main purposes, which are to provide access to information and to safeguard a representative memory.*

It has been structured in three parts. Each one covers a chronological period where some main actions must be attended. We will separate them into to the urgent ones, the maintenance of the current archives; the important ones, the structuring of the Galician archives system; and the essential ones, the future of the memory of Galicia. All this will lead to a new conception of archives as centers that create identity, build culture, explain who we were and who we are, preserve answers, bring knowledge closer, and are part of the wealth and resources of a country.

Keywords: PUBLIC ARCHIVES / ARCHIVES SYSTEM / GALICIA / REPRESENTATIVE MEMORY / CITIZENSHIP

Introdución

Nestas xornadas xa se ten analizado a situación actual dos arquivos en Galicia e tamén os retos que ten que asumir a profesión de arquivista, queda pendente o deseño do futuro dos arquivos públicos, pero exercer de augur ou de meiga excede as miñas capacidades, aínda que o que si podo é intentar proxectar como deberían ser os arquivos en Galicia no horizonte dunha década. Os obxectivos desta exposición serán:

- Buscar solucións para o urxente,
- Dar contido a unha política arquivística que se cinga ao importante, ao fundamental: a estruturar un sistema de arquivos que dea servizo á cidadanía,
- E por último establecer as liñas estratéxicas que deben atravesar a construción a longo prazo dunha memoria cos recursos propios do territorio.

Todo ese esforzo deberá estar pegado á nosa realidade, deberá ser un proxecto de futuro realista, posible e asumible para Galicia, para unha Galicia que entenda a memoria e a xestión desa memoria como elemento base do seu desenvolvemento e como unha riqueza que pode facer do noso país un lugar mellor.

Sabemos de onde partimos, que a situación actual non é boa, poucos arquivos, poucos e poucas profesionais e poucos recursos económicos e claro, poucos proxectos, isto quedaría no debe.

Pero contamos no haber con arquivistas de experiencia e traxectoria recoñecidas que a pesar destes anos duros seguiron tirando dos centros, facendo máis con menos e adaptándose ás circunstancias sobrevidas, ás veces sen apoio institucional, arquivistas con coñecemento para afrontar o futuro e retos como a dixitalización e o achegamento á sociedade.

Por outra banda, na universidade seguen a formarse profesionais que conforman a canteira e ademais mantense unha asociación profesional que resistiu o embate da crise e segue a traballar cun maior apoio social.

Aí está tamén unha lei propia de arquivos. Poderíamos discutir se é boa ou mala, seguramente que é mellorable, pero recoñeceu o rango de lei para a tratamento e estruturación dos arquivos o que nos servirá de punto de arranque para programar e centrar o futuro máis inmediato.

Sobre estas bases deberíamos estar a iniciar unha etapa nova despois da longa crise que comezou no ano 2008, pero o 2020 volveu golpearnos, agora cunha pandemia, para sumirnos de novo nunha nova época de incerteza e inestabilidade, porén a experiencia dános perspectiva para saber que deberá enfrontarse dende enfoques moi diferentes aos da crise anterior, buscando solucións que revertan nas persoas; investimento, creación de emprego, impulso da dixitalización, atención especial ao rural, ou á igualdade de xénero deben ser eixes principais que marquen tamén o desenvolvemento dos arquivos públicos.

Vexamos.

Primeira liña de actuación: o urxente, a un ano vista

Imos tratar o urxente, o inaprazable, que quizais non sexa o máis importante, pero é o que non pode esperar máis, estamos a falar do rescate dos arquivos públicos.

Despois de case unha década na que os recortes orzamentarios sumiron os arquivos públicos nunha situación de resistencia, caracterizada pola perda de persoal, escaseza de espazos, deficientes infraestruturas e falta de creación de novos centros, precisamos dunha intervención de urxencia para manter a armazón arquivística pública actual e deseñar con rapidez a que aínda non existe. Para iso é imprescindible:

- A dotación de recursos para evitar a asfixia dos centros de arquivos da Xunta de Galicia que existen neste momento.
- O deseño dun plan de urxencia para arquivos municipais.
- O deseño dun plan de urxencia para arquivos dos órganos xudiciais de Galicia máis alá do expurgo.
- O deseño conxunto do apoio técnico para os centros de arquivo dos órganos estatutarios.
- O apoio técnico para os arquivos universitarios.

Abordar as necesidades dos arquivos da Xunta de Galicia será determinante porque son o sistema de arquivos con maior número de centros e de profesionais e entre as súas funcións está dar apoio ao resto dos arquivos públicos de Galicia, que na maioría dos casos, os poucos que existen, padecen unha deficiente estruturación.

É urxente:

Para os arquivos da Xunta:

- A cobertura das prazas existentes para garantir o funcionamento ordinario. Baixas e xubilacións minguaron os cadros de persoal, e se a isto engadimos a falta de oferta de emprego público que cubra as vacantes, asistimos á conversión dos problemas de persoal nun mal crónico.
- Dotación de espazos para poder recoller documentos, é dicir para desenvolver as súas tarefas, se os arquivos non cumpren as súas funcións, dificilmente poderán ser útiles.
- A recuperación duns orzamentos dignos para o funcionamento, non inferiores á situación anterior á crise que desencadeou o afogamento dos centros.

Para os arquivos municipais:

É inaprazable asumir unha política arquivística municipal ambiciosa que dea respostas adecuadas ao noso mapa, pegada ao terreo, aínda que o verdadeiramente urxente é dotar os arquivos de persoal.

Deseño dun plan de primeira intervención nos arquivos municipais

- Cun diagnóstico e actualización de datos dos arquivos, con especial énfase nos concellos de menos habitantes.
- Con proxectos que deberían pasar sempre por manter o servizo no propio concello, isto é fundamental para implicar a veciñanza e o propio concello na súa conservación. A contratación de persoal arquivista será determinante porque dará carta de natureza ao arquivo, sen arquivista non hai arquivo, polo menos arquivo como elemento clave para garantir a transparencia de funcionamento, a implantación da administración electrónica, o acceso da cidadanía á información e documentación e a participación na construción da memoria.

Ese plan debe reflectir a responsabilidade de custodia e tratamento documental dos concellos de vilas e cidades de máis de 10.000 habitantes con dotacións de persoal suficiente.

Para os concellos de menos de 10.000 habitantes haberá que buscar respostas axustadas para que a dotación de persoal arquivista poida abordarse; observemos algunhas posibles opcións:

- Liñas de axudas da Xunta de Galicia á contratación de arquivistas con algunha participación económica do propio concello, que permitan manter unha estabilidade a medio prazo. Existen exemplos deste tipo de financiamento noutras áreas dos servizos municipais como é o caso da contratación de axentes de desenvolvemento local ou traballadores sociais¹.
- Liñas de axuda específicas para os concellos das provincias de Lugo e Ourense que poderían financiarse a través do FEDER da Unión Europea xa que no marco das negociacións dos fondos estruturais 2021-2027 e da loita contra os retos que supón o desafío demográfico, acabase de definir por primeira vez o que é un territorio en risco de despoboamento para que eses territorios teñan un tratamento prioritario, e as provincias de Lugo e Ourense entrarían nesa definición².

1 O propio marco xeográfico e o financiamento que establece o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios pódenos servir para deseñar un verdadeiro plan de arquivos municipais adaptado á nosa realidade. Neste decreto diferéncianse:

7 áreas urbanas,

4 áreas metropolitanas,

9 áreas semiurbanas

35 áreas rurais

E distingue 6 áreas rurais de elevada dispersión poboacional

Áreas	Concellos
Elevada dispersión 1	Baleira, A Fonsagrada, Negueira de Muñiz
Elevada dispersión 2	Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro
Elevada dispersión 3	Folgozo do Courel, Quiroga, Ribas de Sil
Elevada dispersión 4	Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Montederramo, Parada de Sil, A Teixeira, Manzaneda, A Pobra de Trives, San Xoán de Río
Elevada dispersión 5	A Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo, Vilariño de Conso
Elevada dispersión 6	Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños

Por exemplo esas 6 áreas de elevada dispersión esixirán adecuacións específicas para dotalas de servizo de arquivos porque ademais da dispersión poboacional temos que engadir os problemas demográficos. Todos estes concellos pertencen as provincias de Lugo e Ourense e poderían optar por outro modelo de financiamento que veremos no punto seguinte.

2 Nova sobre FEDER asociados aos territorios en risco de despoboamento:

<https://www.galiciainconfidencial.com/noticia/147362-sera-millonario-plan-ue-loitar-despoboamento-se-beneficiara-galicia>

- Liñas de axudas da Xunta de Galicia á contratación para un servizo de arquivos mancomunado aplicable en concellos próximos e con boas comunicacións.
- Outra posibilidade é que o persoal arquivista das deputacións dea apoio técnico para atender o servizo nos concellos³. Aínda que pode ser unha alternativa, de feito ten sido aplicada na provincia de Pontevedra, entendo que é mellor que os concellos conten cun servizo arquivístico propio e preto da cidadanía.

Para os arquivos dos órganos xudiciais⁴

Deseño dun plan de urxencia que atenda as necesidades básicas destes arquivos:

- Provisión suficiente de persoal arquivista e administrativo para os arquivos xudiciais existentes. Na actualidade un único axudante de arquivo por provincia, o que é claramente insuficiente para ocuparse do volume de traballo que se xera neses centros (recepción e preparación de transferencias, control de documentos, xestión de préstamos ou realización de estudos de valoración e selección, por exemplo).
- Dotación de espazos de depósitos. É básico que os espazos de depósitos se adecúen ás necesidades e as previsións de transferencias.
- Revisión de criterios de valoración. Neste momento están centrados no obxectivo de eliminación para acadar espazos, e así se reflicte nas novas que se trasladan á prensa, nelas móstrase como proba de éxito ou logro a destrución de documentos xudiciais, de feito é practicamente a única referencia que se atopa nos

3 No artigo *Os arquivos da Administración Local na provincia de Pontevedra actuacións e situación actual* de Lourdes Pérez-Santamarina Feijóo, José Luis Castro Carpintero publicado en Os arquivos da administración local. Política, planificación e sistema fronte ao cambio: actas das II Xornadas “Olga Gallego” de Arquivos. A Coruña, 21 e 22 de outubro 2016 os autores explican polo miúdo os traballos realizados dende a Deputación de Pontevedra para dar apoio aos arquivos municipais da provincia durante máis de 30 anos.

4 Para coñecer a situación dos arquivos xudiciais de Galicia é moi ilustrativo o artigo de María José Liñares Nova e de Alba Pérez Fernández titulado *El sistema de archivos judiciales de Galicia* publicado nas Jornadas Técnicas sobre los Archivos de la Administración de Justicia: Tratamiento y accesibilidad de los documentos judiciales organizadas por Archiveros españoles en la Función Pública (AEFP) en febreiro de 2017. Está accesible en liña

<https://archiverosaefp.org/wp-content/uploads/2019/11/JTAAJ20170223PF-LN.pdf>

xornais sobre estes arquivos, ademais de ser a única solución subministrada aos problemas de colapso⁵, tan é así que esas eliminacións comezan a preocupar fóra dos círculos arquivísticos⁶.

Para o arquivos dos órganos estatutarios

Deseño conxunto de apoio técnico para os centros de arquivo dos órganos estatutarios. Algunha das nosas institucións máis senlleiras non contan con arquivista, pero se a Xunta de Galicia cooperase con elas para asesorar a incorporación deste tipo de persoal acadarían un pulo para conseguir un adecuado funcionamento. Unha forma de lograr este obxectivo podería ser condicionar o acceso ás ferramentas informáticas compartidas a dispoñer de persoal arquivista e/ou vincular as liñas de axudas á dixitalización ao mesmo obxectivo.

5 A modo de exemplo:

Xustiza se compromete a digitalizar y expurgar el archivo de los juzgados compostelanos. Las humedades han llegado a estropear los objetos que se custodian en un almacén

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2020/11/28/xustiza-compromete-digitalizar-expurgar-archivo-juzgados-compostelanos/0003_202011S28C5993.htm Nova do 28/11/2020

[Consulta: 01/03/2021]

Xustiza liberará los archivos de los juzgados de Viveiro y Mondoñedo. El expurgo «desconexiona as distintas instalacións»

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2019/01/06/xustiza-liberara-archivos-juzgados-viveiro-mondonedo/0003_201901X6C3993.htm Nova do 06/01/2019 [Consulta: 01/03/2021]

La Xunta lleva retirados 700.000 expedientes de los juzgados pontevedreses

<https://pontevedraviva.com/xeral/41285/expurgo-xunta-retirados-700000-expedientes-juzgados-pontevedreses/?lang=es> Nova do 17/11/2017 [Consulta: 01/03/2021]

6 El expurgo judicial prevé la destrucción de casos sin resolver una vez prescritos

<https://www.atlantico.net/articulo/vigo/expurgo-judicial-preve-destruccion-casos-resolver-vez-prescritos/20190428001119704755.html> Nova do 28/04/2019 [Consulta: 01/03/2021]

Fóra de Galicia tamén os procedementos de expurgo xeraron preocupación,

Euskadi: Manifiesto de 25 historiadores de prestigio. Alertan de la “destrucción masiva” de expedientes judiciales de atentados de ETA.

https://www.elconfidencial.com/espana/pais-vasco/2017-06-02/alertan-destruccion-masiva-expedientes-judiciales-atentados-eta_1392787/ Nova do 27/06/2017 [Consulta: 01/03/2021]

Andalucía: Historiadores rechazan la destrucción de documentos judiciales por falta de espacio. Investigadores aseguran que se acabará con valiosa documentación fechada entre 1945 y 2000

https://www.granadahoy.com/granada/Historiadores-rechazan-destruccion-documentos-judiciales_0_1150985128.html Nova do 04/07/2017 [Consulta: 01/03/2021]

Para os arquivos universitarios

Tamén debe impulsarse, sobre todo nas universidades de máis recente creación, conseguir máis arquivistas como obxectivo principal, e, sobre todo no caso da Universidade de Vigo, sería aconsellable desligar o arquivo do funcionamento das bibliotecas. Tamén nas universidades se pode condicionar o acceso ás axudas á contratación de persoal suficiente.

Estas serían ou deberían ser as medidas de aplicación inmediata que lles dean aos arquivos alento para encarar o futuro máis próximo. Con estes vimbios resolveríamos o urxente e contaríamos cunha estrutura mínima que permitiría encarar unha segunda fase de actuación: atender o importante.

Segunda liña de actuación: o importante, tres anos para desenvolvela.

Se conseguimos na primeira fase

- Manter o funcionamento ordinario dos arquivos da Xunta de Galicia.
- Proxectar un plan para os arquivos municipais.
- Mellorar o funcionamento dos arquivos xudiciais, universitarios e dos órganos estatutarios.

Poderemos afrontar na segunda fase a:

- Estruturación do sistema de arquivos da Xunta de Galicia:
- Estruturación dos arquivos municipais

E rematar a configuración duns arquivos públicos de Galicia con medios suficientes.

Comecemos

Os arquivos da Xunta de Galicia

Estruturar os arquivos da Xunta de Galicia non é máis, nin menos que esixir o cumprimento da lei de arquivos e documentos de Galicia⁷. Esta lei supuxo unha ordenación

⁷ Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (DOG núm. 191, 7 outubro de 2014)

do sistema de arquivos e o establecemento duns mínimos requisitos de funcionamento, pero despois de máis de 6 anos da promulgación, o referido á articulación do sistema de arquivos da Xunta de Galicia⁸ segue sen cumprirse, supoño que a limitación recollida ao longo do texto referida á provisión orzamentaria suficiente será a xustificación deste atraso.

Aínda así, a lei estableceu uns prazos de cumprimento nas súas disposicións transitorias:

Fixan o prazo de seis meses para que a Xunta de Galicia regule a organización e o funcionamento dos órganos colexiados que se establecen na lei, dun ano para a aprobación dun plan de arquivos e de tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galicia adapten a súa normativa aos principios da lei.

Até o momento só os órganos colexiados están en funcionamento. Do plan regulado na disposición transitoria segunda, plan que debería avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, coñecemos un borrador sen ningunha previsión orzamentaria que circulou no primeiro semestre de 2019. Tamén soubemos que o 7 de xuño de 2019 se aprobou, por unanimidade, na Comisión de Educación e Cultura do Parlamento a proposición non de Lei, a iniciativa de BNG, pola que se instaba á elaboración e remisión polo Goberno Galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, do Plan de arquivos elaborado con perspectiva de xénero. A lexislatura rematou e xa en 2021 nada máis volvemos saber. Porén temos datos e coñecemento para dar forma ao sistema que debería ser a base e o apoio de todos os outros sistemas de arquivos de Galicia, sería o sistema con maior potencialidade e recursos. Debería ter como obxectivo unha profunda actualización e modernización, os cambios no noso país nestes 40 anos de autogoberno foron evidentes e os arquivos da Xunta non foron alleos a eles; a transformación da sociedade esixe mudanzas e revisións, novos modelos de traballo, máis medios materiais e tecnolóxicos, e tamén atraer talento, arquivistas cunha formación adaptada ás novas contornas.

Concretemos.

Neste momento deben responder tanto ás necesidades dunha xestión arquivística en papel como tamén á xestión dixital. Se seguimos o modelo establecido na lei organizaremos a estrutura do sistema de arquivos baseándonos na dimensión física e

8 Todo o capítulo II do título III están dedicados ao sistema de Arquivos da Xunta de Galicia (art. 35 ao 43)

nos centros de arquivo, pero os e as arquivistas deste sistema deberán atender ás necesidades da administración dixital e do patrimonio dixital, uns documentos que xa non están ligados fisicamente a un arquivo/institución concreta, porque se tratan antes incluso da súa produción e independentemente do repositorio no que se conserven. Vexamos como:

Organización e estrutura do sistema de arquivos físicos

O sistema de arquivos da Xunta de Galicia ten que seguir a atender a xestión de documentos producidos en papel para garantir:

- O dereito da cidadanía a que os seus actos, en relación coa administración, manteñan a calidade de perennes e constantes no tempo,
- e a salvagarda do patrimonio documental;

para iso precisa de órganos de coordinación e de centros de arquivos, algúns xa existentes, outros por crear e outros por remodelar.

Este sistema baséase na asunción de responsabilidades segundo o ciclo de vida dos documentos. Así, nun primeiro momento a responsabilidade sobre eles será das unidades xestoras, e dende a finalización da tramitación, de distintos tipos de arquivos. Este esquema ten o seu apoio na Lei de arquivos e documentos de Galicia.

Órganos de coordinación

A Lei de arquivos e documentos establece os órganos de coordinación na área de cultura e existen dende os primeiros momentos da autonomía, pero no modelo actual de administración é preciso dotar tamén de órganos de coordinación ás áreas que producen e xestionan grandes volumes documentais e que terán que velar polo funcionamento dos arquivos baixo a súa dependencia. Nesta administración necesitan estes órganos as áreas de xustiza, sanidade, administracións públicas e educación.

No resto de áreas os propios arquivos exercerán esas funcións de coordinación xa que o volume de documental pode ser asumido por un único arquivo.

É indispensable que eses órganos de coordinación estean a cargo de arquivistas, isto aínda que pareza obvio nestes últimos tempos xa non o é tanto.

Arquivos do sistema

A organización reflicte a distribución de competencias entre servizos centrais e provinciais.

O organización provincial documental dependerá dos arquivos xerais territoriais e dos arquivos históricos provinciais. A organización dos servizos centrais apoiarase nos arquivos administrativos de área (arquivos centrais na Lei de arquivos art. 38) e no Arquivo de Galicia.

Os arquivos dos servizos centrais estruturaranse por áreas competenciais para evitar que os posibles cambios estruturais desta administración afecten ao seu funcionamento e así acadar unha organización estable. Isto non supón ningún problema porque os medios persoais e económicos da Xunta de Galicia tamén se adscriben a áreas funcionais e ademais resolve a situación de áreas como turismo, emigración, consumo, política lingüística... que con frecuencia modifican a súa adscripción e que ademais xestionan un menor volume de documentos como veremos agora.

As funcións de todos estes arquivos están desenvolvidas na propia Lei de arquivos. A estrutura comporase de 16 arquivos, un por área, agás o Arquivo de Administracións Públicas que ademais do seu ámbito competencial xestionará os documentos de administración local, emigración, igualdade, seguridade da comunidade autónoma, política lingüística, investigación, consumo, comercio e turismo como arquivo con competencias transversais. Xustiza terá un desenvolvemento maior ao ocuparse dos arquivos xudiciais así como Sanidade coa súa rede de arquivos que custodian os documentos organizativos e as historias clínicas ou educación que xestiona os arquivos de centros escolares non universitarios.

Este sería o esquema desenvolvido.

Servizos provinciais

Arquivos centrais e intermedios

- *Arquivo xeral territorial da Coruña*
- *Arquivo xeral territorial de Lugo*
- *Arquivo xeral territorial de Ourense*
- *Arquivo xeral territorial de Pontevedra*
- *Arquivo xeral territorial de Vigo*

Arquivos Históricos

- Arquivo do Reino de Galicia
- Arquivo Histórico Provincial de Lugo
- Arquivo Histórico Provincial de Ourense
- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Servizos centrais

Arquivos centrais

1. Arquivos dependentes da área de cultura
2. *Arquivos dependentes da área de administracións públicas*, incluíría:
 - Administración xeral
 - Administración local
 - E todas as áreas funcionais que non chegan a supoñer un 2 por cento de documentación dos servizos centrais: Emigración, Igualdade, Seguridade da Comunidade autónoma, Política lingüística, Investigación, Consumo, Comercio e Turismo.
3. *Arquivo da área de xustiza*
(Arquivos xudiciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra)
4. *Arquivo da área de sanidade (consellaría e Sergas)*
(Arquivos de hospitais)
5. *Arquivo dependente da área de administración financeira*
6. *Arquivo dependente da área de industria, enerxía e minas*
7. *Arquivo dependente da área de medio rural*
8. *Arquivo dependente da área de pesca*
9. *Arquivo dependente da área de ordenación do territorio*
10. *Arquivo dependente da área de infraestruturas*
11. *Arquivo dependente da área de educación*
12. *Arquivo dependente da área de traballo*
13. *Arquivo dependente da área de acción social*

14. *Arquivo dependente da área de actuacións ambientais*

15. *Arquivo dependente da área de economía*

16. *Arquivo dependente da área da presidencia (arquivos dos presidentes)*

Arquivo Intermedio e Histórico

- Arquivo de Galicia

Están marcados en cursiva os arquivos que aínda no foron creados: dous arquivos xerais territoriais de cinco e practicamente todos os arquivos centrais, só funciona o arquivo de cultura⁹.

Organización e estrutura do sistema arquivístico dixital

Neste sistema inciden diferentes áreas competenciais da Xunta de Galicia: Cultura e Administracións Públicas, que se integran neste momento na Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na Consellería de Facenda, Administración Pública e na Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA), dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. Todas elas teñen competencias en xestión documental e información; a implicación de todas é imprescindible, así como a súa actuación colaborativa para que este sistema funcione na nova contorna. Esta colaboración deberá plasmarse en novas estruturas e en novos procesos de traballo onde intervirán axentes pertencentes aos dous ámbitos de competencia. As responsabilidades organizaranse máis alá dos arquivos, fóra xa da súa dimensión física, das súas funcións asociadas ao ciclo vital dos documentos e do seu persoal adscrito. Na dimensión electrónica o concepto de ciclo vital vinculado ás tarefas de custodia e tratamento dos documentos queda diluído, e avánzase cara a un *continuum* onde se integran as distintas responsabilidades de distintos ámbitos ligadas aos documentos de forma simultánea.

Igual que no sistema de arquivos físicos o obxecto sobre o que se constrúe o sistema é o documento, (ou quizais xa deberíamos falar de datos?). En calquera caso deberá garantir:

- O dereito da cidadanía a que os seus actos en relación coa administración manteñan a calidade de perennes e constantes no tempo,
- e a salvagarda do patrimonio documental;

9 Despois de 6 anos da Lei de arquivos e de 30 do primeiro decreto (Decreto 307/1989, do 23 de novembro, sobre o sistema de arquivos e patrimonio documental de Galicia. DOG Núm. 23 do 1 de febreiro de 1990) que regulou o sistema esta é a situación.

Pero no sistema dixital os e as profesionais dos arquivos van traballar con eles sen que sexa determinante o seu lugar de custodia, incluso intervirán antes da súa creación, como xa adiantabamos, por iso a formulación do sistema basearase nas funcións que desenvolven, mais non nos centros de arquivo tal e como os entendemos até agora. O sistema arquivístico dixital buscará dar servizo ao modelo de administración dixital implantado na Xunta de Galicia e avanzar máis alá das responsabilidades da custodia cara á xestión de políticas de información onde as arquivistas pasarán a ser xestoras dos documentos como evidencias para a memoria da propia organización e da colectiva.

Nesta dimensión manteríanse os órganos de coordinación necesarios para o bo funcionamento do sistema.

Órganos de coordinación

Na administración electrónica son esenciais os órganos de coordinación. Os mesmos órganos coordinadores para o sistema de arquivos físicos exercerían esas funcións na administración dixital.

Elementos arquivísticos do sistema

Como xa comentamos os arquivos xa non serían os centros que configurarían o sistema, a base serían equipos técnicos de arquivistas que orixinariamente estarían adscritos a centros de arquivo.

Deste xeito ademais das responsabilidades técnicas asociadas aos documentos en papel que custodian nos seus centros exercerían responsabilidades por áreas de actuación sobre os documentos dixitais independentemente da localización dos repositorios de preservación.

Estes equipos organizaríanse en áreas e terían unha implicación significativa na formulación de documentos e procedementos e na posta a disposición. Funcionarían cunha vocación estable que garantiría o funcionamento do sistema. Un modelo de estruturación de equipos podería ser este:

- Identificación e valoración de documentos, esta área organizaríase en dúas subáreas con varios equipos:
 - Accesos: equipos organizados polas funcións desenvolvidas pola Xunta de Galicia.

- Identificación e fixación de calendarios de conservación e posta a disposición de procedementos: equipos organizados polas funcións desenvolvidas pola Xunta de Galicia.
- Descrición, esta área organizaríase en tres subáreas con varios equipos:
 - Asignación de metadatos e implementación de normas de descrición (modelos conceptuais).
 - Dixitalización de documentos analóxicos e descrición de documentos para saídas de datos á rede. Conexións de descricións de fondos documentais propios e externos. Conexións de descricións de fondos documentais con fondos doutras institucións da memoria.
 - Linguaxes controladas.
- Conservación, unha área cun equipo que se ocuparía:
 - Dos requisitos de documentos, da obsolescencia tecnolóxica e do control de aplicacións informáticas, portais de arquivos e saídas web.
 - Da adquisición e ingresos de fondos e conservación eliminación de documentos en papel
- Comunicación e difusión, unha área cun equipo que se ocuparía de:
 - Actividades nos centros de arquivo e na rede: exposicións, redes sociais, talleres, etc.
 - Portais
- Perspectiva de xénero, unha área cun equipo que se ocuparía de:
 - Funcións transversais para a implementación da perspectiva de xénero en todos os equipos

Cada equipo tería a súa fronte un ou unha responsable coordinadora arquivista cun nivel que recoñeza as súas responsabilidades. Todos os coordinadores formarían, a súa vez, un equipo ou varios dependentes do órgano coordinador do de arquivos da Xunta de Galicia onde se fixarían as liñas de traballo técnico.

Como estas tarefas arxivísticas non se realizarían asociadas aos centros de custodia senón que se manterían de forma continuada e dinámica, compartindo responsabilidades con outros axentes implicados na xestión documental dependentes

de administracións públicas ou de tecnoloxía, a estrutura reflectiría ese modelo colaborativo.

A súa vez, en paralelo, debería existir un equipo de coordinadores da administración electrónica asociado á área de administracións públicas onde deberían participar coordinadores arquivistas xunto cos outros profesionais implicados na xestión documental, para que ese *continuum* funcione correctamente.

O derradeiro elemento do sistema sería o Arquivo Electrónico. En Galicia implantouse o modelo ARPAD que dende o punto de vista tecnolóxico integra o Arquivo Electrónico Administrativo e o Arquivo Electrónico do Patrimonio Documental, este modelo pretende consolidar ese modelo continuo de intervención e participación onde os documentos son evidencia, memoria organizativa e memoria colectiva e reflicten esa dobre participación das áreas de administracións públicas e cultura.

Este sería un marco teórico e global con vocación de ofrecer resultados a medio e longo prazo para os arquivos, pero precisa de persoas, de infraestruturas e medios económicos, polo que agora teríamos que planificalos; coñecemos os datos concretos nalgúns casos e noutros podemos extrapolar resultados baseándonos nas experiencias dalgúns arquivos; tamén contamos con estudos realizados por arquivistas que valoran as previsións de persoal asociadas ao volume de documentos custodiados e ás funcións desenvolvidas.

Podemos presentar aquí unha aproximación á previsión de persoal e espazos para os arquivos centrais da Xunta de Galicia, un avance que ilustra a dimensión do proxecto.

Arquivos centrais

Arquivos dependentes da área de Administracións públicas, incluíría:

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	10 km
1 praza de técnica superior de arquivos	
2 prazas técnicas medias de arquivo	
1 auxiliar de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivos dependentes da área de Xustiza

O persoal técnico da consellaría coordinará os arquivos xudiciais

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	500 m
1 praza técnicas superior de arquivos	
1 praza técnica media de arquivos	
1 auxiliar de administración	
1 praza de persoal subalterno	

Arquivos dependentes da área de Sanidade

O persoal técnico da consellaría coordinará os arquivos de hospitais

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	16 km
2 prazas técnicas superiores de arquivos	
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
3 prazas de persoal subalterno	

Arquivos de Administración Financeira

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	10km
1 praza técnica superior de arquivos	
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Industria, Enerxía e Minas

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	5 km
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Medio Rural

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	6 km
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Pesca

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	6 km
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Ordenación do Territorio

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	5 km
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Infraestruturas

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	4 km
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Educación

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	4 km
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Traballo

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	8 km
1 praza técnica superior de arquivos	
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Acción Social

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	3,5 km
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Actuacións Ambientais

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	8,5 km
1 praza técnica superior de arquivos	
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo de Economía

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	4 km
2 prazas técnicas medias de arquivo	
2 auxiliares de administración	
2 prazas de persoal subalterno	

Arquivo da Presidencia da Xunta de Galicia (arquivos dos presidentes)

Persoal	Espazo
1 praza técnica superior de arquivo (responsable/dirección)	500 m
1 praza técnica media de arquivo	
1 auxiliar de administración	
1 praza de persoal subalterno	

Para estes arquivos precisaríamos en total: 19 prazas técnicas superiores de arquivos, 24 prazas técnicas de grao medio, 23 prazas de persoal auxiliar e 25 de persoal subalterno.

Respecto ao espazo estímase a necesidade duns 85 km de andeis en servizos centrais para dar servizo ata 2035, o estudo é prudente xa que estaríamos a falar de custodiar 1,5 km de documentos por ano (de 1981 a 2035), cifra realmente pequena xa que os servizos centrais producen un volume maior de documentos pero teremos que ter en consideración a posibilidade de transferencias, neste caso ao Arquivo de Galicia, a posible eliminación autorizada de documentos e a tramitación dixital de xa moitos procedementos.

Quizais a alguén estas previsións lle parezan de custe elevado e non asumibles, pero serían precisas para atender os documentos da Presidencia, das dúas Vicepresidencias e das nove Consellerías. Algunhas arquivistas aínda lembramos que en 1996 a Consellería de Cultura duplicou os cadros de persoal de arquivos, bibliotecas e museos para mellorar os servizos á cidadanía e ampliar os horarios de apertura, 25 anos despois a Xunta de Galicia tería por fin que asumir a necesidade inaprazable de desenvolver un sistema de arquivos. Estaríamos a falar de cifras que resolverían o tratamento tanto dos documentos en papel acumulados como dos documentos dixitais a través da creación dos equipos do novo modelo.

Tampouco estes cálculos difiren dos recollidos hai 30 por Luis Martínez, Olga Gallego, Pedro López e Antonio Gil Merino na publicación *Arquivo Xeral da Administración de Galicia. Proposta para a súa creación no contexto do sistema de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia*, editada pola propia Consellería de Cultura e Deportes naquel 1990. Unha análise interesantísima e pormenorizada da situación naquel momento e con propostas claras, concretas e moi necesarias, mágoa que esquecida e poucas veces mencionada, seguramente porque non tivo resultados na realidade e porque pon de manifesto que nos arquivos da Xunta de Galicia seguen sen poñer remedio ás carencias, que xa podemos chamar persistentes e crónicas.

Sigamos

Arquivos municipais

Nesta segunda fase sería o momento de aplicar as solucións presentadas na primeira fase para estes arquivos e dotar de persoal os arquivos municipais.

Os concellos de máis de 10.000 habitantes deberían dispor de persoal suficiente e de medios nos seus arquivos. Podería fomentarse a incorporación de arquivistas facendo diso un requisito necesario para acceder a programas e axudas, pero naturalmente teñen que existir eses programas de axudas dirixidos ao acceso a ferramentas tecnolóxicas ou a plans de dixitalización. Ou quizais o ingreso de arquivistas podería estar enlazado a subvencións unidas á administración dixital e/ou ao arquivo electrónico.

As deputacións e os concellos de máis habitantes, entendemos que teñen recursos para manter os seus arquivos, esperamos que a Deputación de Ourense cubra axiña a praza de arquivista, tamén concellos como o de Santiago, aínda que nestes casos máis que de fomento non sei se habería que falar de penalización.

Polo que respecta aos concellos de menos de 10.000 habitantes, nestes tempos onde dende as administracións se fala de impulsar o rural, unha rede de arquivos municipais que funcionase formaría parte dos eixes de cohesión do territorio xa que conectaría a veciñanza cos documentos que garanten dereitos e obrigas, que posibilitan a transparencia e vincularíaa coa memoria máis próxima. Eses arquivos deberían funcionar de xeito colaborativo para avanzar en proxectos comúns xa que existen tecnoloxías que fan posible estes xeitos de traballo onde a construción da memoria e a implementación da administración electrónica serían a base do seu desenvolvemento.

No relativo ao impulso de adquisición de equipamentos e de ferramentas tecnolóxicas a través de subvencións, a Xunta de Galicia debería mantelas e aumentalas, e quizais as Deputacións poderían tamén participar para cooperar na consecución dunha rede de arquivos municipais viables.

Terceira liña de actuación: o imprescindible, o futuro da memoria de Galicia, os 6 últimos anos dunha década

Se temos estruturados e dotados con medios humanos e técnicos os distintos sistemas de arquivos de Galicia, que nos quedaría por facer? Pois moito, todo iso que non puidemos atender por resolver o urxente ou o importante.

Neste momento teríamos pendente de tratamento todos eses documentos que pasaron décadas descontrolados, pero como agora funcionarían os fluxos documentais e o persoal estaría correctamente dimensionado poderíamos poñer toda esa documentación ao servizo das administracións e fundamentalmente da cidadanía.

Pero ademais sería agora o momento de integrar nos procesos liñas de traballo pospostas sempre por falta de medios. Deberíamos incluír a perspectiva de xénero e/ou feminista á arquivística. Os arquivos e as súas técnicas teñen participado na invisibilización das mulleres, como sucede noutros ámbitos. Os sistemas de recepción dos fondos, de descrición documental ou de linguaxes documentais vencellados á arquivística máis clásica participaron no escurecemento das mulleres, porén novos estudos establecen marcos para reparar estas eivas e conseguir que os arquivos desenvolvan as súas tarefas con novas visións que oferten información de calidade, tamén sobre a metade da poboación, sobre as mulleres.

Esta perspectiva feminista esixirá o desenvolvemento dunha política arquivística que traballe pola incorporación aos arquivos públicos de fondos documentais que fagan dos arquivos centros que conserven unha memoria máis representativa do noso país,

máis aló dos documentos que xeran as administracións nas que nos encadramos. Deberían deseñarse políticas públicas para a conservación dos documentos que sempre quedaron fóra, os arquivos persoais das mulleres, arquivos de asociacións que conforman a sociedade civil, os arquivos das pequenas empresas, e moi importante, os documentos que recollen a memoria do rural, en risco evidente de perda. En Galicia tense traballado en análises teóricas para desenvolver este eixe pero será necesario un pulo político e achegar financiamento.

Tamén deberíamos poñer o foco en iniciativas que dende hai un tempo xorden para a conservación da memoria fóra dos arquivos: a memoria do barrio de Vite¹⁰, o arquivo de Burla Negra¹¹ ou a recollida de fotografías, ou recuperación de palabras propias da zona, nalgúns casos vinculadas aos centros escolares como no caso de Navia de Suarna¹² son uns bos exemplos. Haberá que buscar un contexto institucional que lles dean amparo para que estas iniciativas perduren.

Outra cuestión pendente nos arquivos é conseguir un verdadeiro achegamento a cidadanía á que serve. Deberemos procurar ofertar unha información de calidade de forma sinxela e accesible, sen necesidade de intermediación de arquivistas. Para isto será necesario proxectar un plan ambicioso de descrición e dixitalización que poña a disposición moita da información que ocupa depósitos e repositorios. Ese plan deberá estudar un novo formato de saída da información, dos documentos, que facilite a súa consulta. Teremos que crear un sistema no que a partir dos nosos modelos de

10 Novas e ligazóns sobre o proxecto Arquiva Vite

[Vite Arquiva – Futureando en común desde 1987](#)

[Chévere reconstrúe a memoria de Vite \(nosdiario.gal\)](#) Nova do 10/02/2021 [Consulta: 01/03/2021]

Traballar cultura en Cabilia.O INCIPIT propón unha metodoloxía aberta e participativa para iniciativas sociais ou patrimoniais. <http://culturagalega.gal/noticia.php?id=30980> Nova do 14/04/2020 [Consulta: 01/03/2021]

[Arranca el Arquivo da Memoria de Vite \(lavozdegalicia.es\)](#) Nova do 10/09/2019 [Consulta: 01/03/2021]

11 Novas e ligazóns sobre o proxecto Arquivo Vivo da Burla Negra

<http://unhagranburlanegra.gal/> [Consulta: 01/03/2021]

<https://www.usc.gal/es/node/470> Nova do 29/01/2019 [Consulta: 01/03/2021]

<https://www.gciencia.com/universidade-gl/arquivo-vivo-de-nunca-mais/> Nova do 29/01/2019 [Consulta: 01/03/2021]

12 Navia no recordo <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpinaviadesuarna/taxonomy/term/150>
Consulta: 01/03/2021]

Palabras de noso <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpinaviadesuarna/taxonomy/term/152>
[Consulta: 01/03/2021]

descripción poidamos ofrecer un método de busca e localización sinxelo que evite ás persoas usuarias navegar por escuros cadros de clasificación de fondos, mares de signaturas, ou niveis de descripción¹³. Ligado a isto estaría buscar ofrecer información evitando xerarquizar ás persoas usuarias e deixar de distinguir entre as que se dedican á investigación ou as que ocasionalmente necesitan acudir aos documentos de arquivo, a información debe servir a todos e todas sen necesidade de superar procesos de iniciación. Pero deberíamos ir máis alá e conseguir cos novos sistemas achegar os documentos ás persoas aínda que non os necesiten, se a información que ofrecemos é comprensible conseguiremos que interese á sociedade en xeral, se a podemos localizar con facilidade a través do ordenador, da tableta ou do móbil, se os arquivos están abertos, se atopamos orixinais sen complexos sistemas de busca, conseguiremos que as persoas consideren os arquivos públicos como algo propio.

E finalmente agora sería o momento de renovar a lei de arquivos, unha lei que recolla as novos enfoques, as novas concepcións dos arquivos, unha lei onde a contorna dixital, a garantía de dereitos e deberes, a transparencia das administracións, a perspectiva feminista, ou a conservación dunha memoria representativa sexan eixos esenciais. E naturalmente unha lei con recursos para poñela en marcha.

Até aquí un programa para desenvolver nos próximos dez anos, nese prazo entendo que os arquivos deberían xa ter superado a consideración instrumental, ese carácter de auxiliares ou subalternos das estruturas administrativas nas que nos integramos e das institucións académicas que basean as súas investigacións nos documentos que custodian, e avanzar cara unha estruturación esencial e básica que os transforme en auténticos centros que traballen na conformación da nosa identidade e na construción da nosa cultura. As persoas deberían estar no centro e entender que conservamos documentos para elas, xa que a nosa responsabilidade é sobre documentos que configuran a memoria (arquivos históricos) ou a configurarán (arquivos administrativos). Un papel que significará conservar unha memoria para agora e para despois, para proporcionar contexto, para explicar o que fomos e o que somos, para atopar respostas e achegar coñecemento, e para ser parte da riqueza e dos recursos propios dun país.

Isto debería ser a xustificación da existencia dos arquivos e da necesidade de que a sociedade invista neles.

De aquí a dez anos.

13 Moi interesante o artigo de Ramón Martín Suquía *Modelos conceptuales de descripción archivística y eficacia comunicativa en sistemas de información de archivo* publicado en 2018 nas Actas das III Xornadas Olga Gallego de Arquivos, onde reflexiona sobre o achegamento das descrições á cidadanía

Bibliografía

ALBERCH i FUGUERAS, Ramon; COROMINAS i NOGUERA, Mariona; MARTÍNEZ, M. Carne (1997). “El personal de los archivos. La función archivística y su repercusión en la plantilla”. *Lligall*, 11, pp. 221-252.

BELLO JIMÉNEZ, Víctor M (2014). “Política archivística: definición, alcance y modelo de análisis” *Revista de Historia Canaria*, Nº 196, pp. 75-94.

GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga, GIL MERINO, Antonio, GÓMEZ LÓPEZ, Pedro, MARTÍNEZ CORTIZAS, Antonio y MARTÍNEZ GARCÍA, Luis. (1990). *Arquivo Xeral da Administración de Galicia. Proposta para a súa creación no contexto do sistema de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia*. Santiago: Consellería de Cultura e Deportes.

HEREDIA HERRERA, Antonia (2016). “De archivos municipales y de la Ley de Archivos y Documentos de Galicia de 2014”. En: *Actas das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos Os arquivos da Administración local: política, planificación e sistemas fronte ao cambio*, pp. 22-30 http://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/2/olga%20gallego_21-30_antonia%20heredia.pdf [Consulta: 05/03/2021]

IACOVINO, Livia. (2013). “La participación de los usuarios y el activismo archivístico: pilares de la responsabilización, identidad y justicia reparadora en la propia autenticación del archivo digital”. *Tábula*, n. 16, 2013, pp. 103-121

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. (2015). *Los archivos y los ciudadanos. Algunos problemas de nuestro tiempo*. [Los archivos y los ciudadanos. Algunos problemas de nuestro tiempo \(udc.es\)](http://www.udc.es) [Consulta: 05/03/2021].

LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia (2020). “Los archivos y las personas; la pandemia, una oportunidad”. *Tábula*, n. 23, pp. 213-226

MARTÍN SUQUÍA, Ramón (2018). “Modelos conceptuales de descripción archivística y eficacia comunicativa en sistemas de información de archivo”. En: *Actas das III Xornadas Olga Gallego de Arquivos. A Coruña, outubro 2018. Novos retos: Arquivística para mañá*, pp. 145-177. http://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/64/ponencias/41/9_ramon-martin_2.pdf [Consulta: 05/03/2021]

MARTÍNEZ GARCÍA, Luis y RODRÍGUEZ BARREDO, Julia M. (Eds.). (2009). *Los archivos españoles en el siglo XX: políticas archivísticas en el estado de las autonomías*. Anabad

MARTÍNEZ GARCÍA, Luis (2016). "Políticas públicas y archivos en Castilla-La Mancha (1983-2015). En: *Actas das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos Os arquivos da Administración local: política, planificación e sistemas fronte ao cambio*. pp. 168-345.

http://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/7/olga%20gallego_167-345_luis%20martinez.pdf [Consulta: 05/03/2021].

PÁEZ MARTÍNEZ, Mateo (2020). "Archivos: instituciones culturales para la ciudadanía". *Revista PH 101*, 2020, pp. 370-372 DOI:

<https://doi.org/10.33349/2020.101.4732> [Consulta: 05/03/2021].

PEREIRA OLIVEIRA, Dolores; LÓPEZ RODRÍGUEZ, Olimpia; MARIÑO COSTALES, Mariám. (2019) *Informe sobre os arquivos públicos en Galicia: unha perspectiva de xénero e feminista*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. (Documentos & informes

http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2019_Informe-sobre-os-arquivos-publicos-en-Galicia-Unha-perspectiva-de-xenero.pdf [Consulta: 03/03/2021].

PÉREZ-SANTAMARINA FEIJÓO, Lourdes y CASTRO CARPINTERO, José Luis (2016). "Os arquivos da Administración Local na provincia de Pontevedra.Actuacións e situación actual". En: *Actas das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos Os arquivos da Administración local: política, planificación e sistemas fronte ao cambio*. pp. 49-131.

http://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/48/ponencias/4/olga%20gallego_40-131_lourdes%20perez_jl%20castro.pdf [Consulta: 03/03/2021].

PERPINYÀ i MORERA, Remei (2020). «El legado documental desde la perspectiva de género: igualdad, diversidad e inclusión». *BiD: textos universitaris de biblioteconomia i documentació*, núm. 44 (juny).

<http://bid.ub.edu/es/44/perpinya.htm> DOI: <https://dx.doi.org/10.1344/BiD2020.44.18> [Consulta: 05/03/2021].

PINTO, María Manuela (2019) "Da Flexibilização organizacional à centralidade dos Fluxos Infocomunicacionais: transições que estão inexoravelmente a acontecer" En: *Os sistemas de arquivo no século XXI: Profissionais e instituições nos tempos líquidos. II Encontro Olga Gallego de Arquivos. 22-11-2019*. pp. 17-69.

http://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/67/ponencias/49/02_manuela_pinto_02.pdf [Consulta: 05/03/2021]

RIBEIRO, Fernanda (2018) “Arquívística:novos reptos para o futuro”. En: *Actas das III Xornadas Olga Gallego de Arquivos*. A Coruña, outubro 2018. Novos retos: Arquívística para mañá. pp. 13-34.

[www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/64/ponencias/36/3_fernanda-ribeiro .pdf](http://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/64/ponencias/36/3_fernanda-ribeiro.pdf) [Consulta: 05/03/2021]


RIBEIRO, Fernanda (2013). *Una archivística en la era post-custodial: reflexiones sobre un cambio del paradigma en curso*.

[Boletín Ciencias de la Información 30-11-2013.indd \(up.pt\)](#) [Consulta: 05/03/2021]

RODRÍGUEZ COYA, Fátima (2019). “Beligerancia archivística: profesionales en tempos líquidos”. En: *Os sistemas de arquivo no século XXI:Profesionais e institucións nos tempos líquidos. II Encontro Olga Gallego de Arquivos*. 22·11·2019. pp.70-92

http://www.fundacionolgagallego.gal/upload/recursos/cat_2/67/ponencias/50/03_fatima_rodriguez_02.pdf [Consulta: 05/03/2021]

RUIZ GÓMEZ, Vicenç. (2020) “L’ Arxiu Com a Eina De Contrapoder Ciutadà”. *Lligall*, n. 43, pp. 20-49.



Propostas imprescindibles para unha década 2021-2030: Bibliotecas

Essential proposals for the decade 2021-2030: Libraries

Xoán Manuel Pérez Lijó

Biblioteca Municipal de Ames

xoan.perez@baixamar.net

Resumo: Presentamos as necesidades actuais que a curto prazo as bibliotecas públicas de Galiza deberían cumprir para contarmos cun servizo público que atenda as necesidades da maioría da poboación, principalmente naqueles lugares onde non existen servizos bibliotecarios, as zonas máis despoboadas e as máis avellentadas. Formulamos a necesidade de aproveitar recursos colaborando entre todas as administracións públicas apostando por levar a lectura, o ocio, a formación e a cultura a toda a poboación

Palabras chave: BIBLIOTECA PÚBLICAS / INNOVACIÓN / TENDENCIAS / PROPOSTAS DE MELLORA / FUTURO DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS

Abstract: *We present the current needs that in the short term the public libraries of Galicia should meet in order to have a public service that meets the needs of the majority of the population, mainly in those places where there are no library services, the most depopulated and the most aged areas. We propose the need to take advantage of resources collaborating between all public administrations betting on bringing reading, leisure, education and culture to the entire population*

Keywords: PUBLIC LIBRARIES / INNOVATION / TRENDS / PROPOSALS FOR IMPROVEMENT / FUTURE OF THE PUBLIC LIBRARY NETWORK

1. Introducción

O persoal de bibliotecas non temos unha capacidade especial para ver o futuro. A capacidade que temos de realizar predicións vai en función da cantidade de datos que podemos extraer dos relatorios, estatísticas, estudos e investigacións que, desde o sector profesional e desde as institucións, conseguimos realizar ao longo do tempo nun proceso de normalización, e de información sobre o sector, cada vez maior que nos leva a documentar todo o que facemos.

Sen a presión dos e das profesionais, e sen a presión das asociacións que nos representan e dos organismos internacionais da cultura, a nosa profesión estaría menos valorada.

É por iso que organismos internacionais como a IFLA e a Unesco, con pautas e normas, determinan que tipo de servizos e en que condicións se deben ofrecer. A nivel estatal os organismos dependentes das administracións públicas e entidades privadas realizan estudos dos que podemos tirar datos que indican como está a nosa profesión, pero tamén nos serven para prever por onde van ir os servizos e observan cara a onde vai a sociedade e que servizos demandará de nós.



Desde Bamad levamos anos difundindo estes documentos e realizando algún informe para valorar e analizar os traballos doutras institucións.

Moitos dos estudos que se van tratar aquí están feitos por institucións como o Ministerio de Cultura, o INE, a Xunta, o Consello da Cultura Galega, a Federación de Gremios de Empresas Editoriais, o Consejo de Cooperación Bibliotecaria, Fesabid, Eblida... e outras, nunha multitude de organismos e documentación que determinan a importancia das bibliotecas. Isto pode servir para animarnos como profesionais. **Somos un sector moi estudado, con moita información e con moitas posibilidades de futuro.**

2. Propostas e Tendencias 2021-2030

As propostas non deixan de ser particulares e, polo tanto, subxectivas, aínda que moitas das formuladas son coincidentes coas de Bamad e doutras organizacións profesionais.

2. 1. Orzamentos

Imos falar, en primeiro lugar, dos Orzamentos destinados ás Bibliotecas:

Xunta


Levamos anos analizando os Orzamentos da Xunta e non podemos realizar outras análises por falta de capacidade desde a Asociación, pero tamén por falta de transparencia dos datos das administracións e da imposibilidade de traballar con datos abertos para poder avaliar e comparar os orzamentos. Así, a nivel global coñecemos, grazas ás estatísticas da Xunta, neste caso as de 2019, os gastos que cada administración destina ás bibliotecas públicas galegas, que en 2019 foron **26,6 millóns de euros**.

Agora veremos as gráficas coas diferentes partidas. Pero antes de nada temos que sinalar que:

- No caso da Xunta, Ministerio e Deputacións: moitas destas partidas son para as bibliotecas da propia institución
- Unha boa parte das partidas son para as propias instalacións: edificios e mantemento, e
- A maioría dos orzamentos de todas as institucións son para os gastos de persoal

lizando, coñecedores de que hai moitísimas casuísticas con concellos ben dotados orzamentariamente, para estas partidas de fondos e actividades, e outros que contan con cero euros para esas mesmas partidas.


Dentro destes datos temos que felicitar o esforzo que a Xunta está facendo no incremento de partidas destinadas ás bibliotecas da rede, pero temos que criticar non termos aínda recuperado os orzamentos de antes da crise, como podemos ver na comparativa entre os datos de 2012 e 2021, e tamén que manteña uns servizos de planificación e xestión das BP moi infradotados economicamente e con falta de persoal.



Deputacións

Interésanos falar do papel das Deputacións na súa relación coas bibliotecas públicas da súa provincia. Temos que salientar os esforzos dalgunhas delas, como é o caso da Deputación da Coruña, coa realización destas xornadas, e as actividades formativas que tanto a da Coruña como a de Pontevedra realizan para o noso sector. No caso da Deputación da Coruña, agradecemos tamén o esforzo que levan facendo para conseguir realizar fomento do emprego no sector e coa que vimos colaborando desde Bamad desde hai uns anos, desexando que esta iniciativa chegue a bo porto e que se poida realizar como xa se fai noutros sectores como turismo, deportes ou normalización lingüística. Agradecemos este esforzo e seguiremos colaborando coa Deputación da Coruña neste labor e desde Bamad estaremos encantados de poder facelo co resto das Deputacións.

Polo demais, dos datos que nós podemos observar, e se non houber erros, as partidas destinadas polas Deputacións en 2021 para as bibliotecas públicas da provincia, que non sexan para a súa propia biblioteca, é inexistente, excepto no caso da provincia de Pontevedra onde encontramos unha partida de 12.000€ para bibliotecas públicas (para 61 concellos!). É unha cantidade ridícula, o 0,007% do orzamento total e o 0,32% do orzamento de cultura. Pero polo menos contempla esa partida, o que non podemos indicar do resto das Deputacións.



Propostas

Propostas imprescindibles e necesarias para que, nun futuro próximo, poidamos contar con servizos de bibliotecas públicas de calidade.

1. Necesidade de recuperar os orzamentos da Xunta anteriores á crise e ao nivel dos de 2012 destinando maiores partidas para as bibliotecas públicas.
2. Necesidade de contar cun Servizo de Bibliotecas Públicas ben dotado, tanto orzamentariamente como de persoal.
3. Participación das Deputacións nas políticas de desenvolvemento bibliotecario público na súa provincia. Necesidade de desenvolver o espírito da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia de colaboración entre as diferentes administracións. A colaboración da administración local é necesaria:

- Para dotar todo o país dunha rede de bibliotecas públicas en condicións de instalacións, servizos, persoal, fondos e actividades.
 - Para achegar os servizos bibliotecarios a toda a cidadanía e, sobre todo, para intervir naqueles lugares nos que non existen servizos bibliotecarios como forma de achegar a cultura, o ocio, a información e a formación aos lugares máis despoboados e avellentados.
 - Para apoiar as políticas municipais con partidas para persoal, instalacións, fondos e actividades.
 - Para dotar as bibliotecas de persoal con formación específica e contratado de maneira adecuada (máis adiante falaremos dos problemas da formación na profesión e de aspectos relativos á contratación)
4. Nos concellos é necesario contar con orzamentos que institucionalicen o papel da biblioteca fóra do conflito político e electoral. **Lembramos que as normas internacionais recomendan esta institucionalización de maneira que se conte con partidas claras e xestionadas desde o servizo de bibliotecas que, por desgraza, poucos concellos cumpren.**

2.2. Ferramentas de planificación da rede e política bibliotecaria

Desde Bamad realizamos, hai xa un par de anos, algunhas propostas para a mellora da Rede para implementar polo Servizo de Bibliotecas. Agora mesmo contamos coas estatísticas do INE, as estatísticas do MCU (neste caso as da Xunta) e dentro de Galiza como ferramentas de planificación o mapa, o censo e os estándares de bibliotecas.

Con respecto ás estatísticas xa sinalamos que é necesario contarmos con datos abertos e reutilizables en todas as institucións. Con respecto ás outras ferramentas, e que dependen da Xunta, este ano imos contar con novidades e actualización do censo, do mapa e cambios na toma de datos e xestión das estatísticas o que nos parece un paso importante froito en parte da colaboración de Bamad. A ferramenta que nos parece máis importante son os estándares de bibliotecas que aínda que se van “actualizar” esperamos que se adecúen á realidade pero que non rebaixe moitos requisitos que se deben cumprir desde as bibliotecas. **Os estándares deben ser revisados, avaliados e actualizados coa frecuencia necesaria, pero non temos que esquecer que o máis importante desta ferramenta é podermos contar con**

datos fiables que obriguen as institucións a cumprir os requisitos necesarios para contar con servizos de calidade adecuados ás necesidades da sociedade.

Os estándares teñen que facerse para que as institucións e os servizos bibliotecarios os cumpran. Do contrario non serven para a finalidade para a que son creados. Aínda que non somos partidarios de implantar medidas coercitivas deben contemplarse para aquelas administracións que teñen servizos de bibliotecas que non cumpran os estándares.

Propostas

1. Revisión e actualización do censo e mapa de bibliotecas: necesario para contar con instrumentos que permitan coñecer a actualidade e necesario tamén para planificar. Tamén importante para coñecer a realidade dos servizos que faltan, as bibliotecas pechadas e o porqué.
2. Actualización dos estándares bibliotecarios e implementación de medidas progresivas que permitan o seu cumprimento nun período de tempo determinado. O prazo destes 10 anos de propostas imprescindibles parécenos un prazo adecuado para que as administracións se encamiñen a cumprir os requisitos.
3. Estatísticas con datos abertos e reutilizables que permitan comparar a evolución dos servizos ao longo do tempo en todas as institucións.
4. Para as ferramentas de planificación establecer indicadores, non só cuantitativos, senón tamén **cualitativos** para coñecermos os servizos con datos valorables. Exemplos: non chega con ter servizo de acceso wifi na biblioteca, senón que este debe funcionar facilmente (para conectarse) e sen cortes constantes... Non chega con ter metros de estantes, estas deben ser adecuadas para as zonas: depósitos, infantil, adultos...: alturas, materiais...

2.3. Ferramentas de xestión bibliotecaria

É de agradecer nos últimos anos que contemos, por fin, cun programa de xestión profesional para a maioría das bibliotecas da Rede. Aínda non é único, xa que hai redes de bibliotecas como a municipal da Coruña e a de Arteixo ou bibliotecas das Deputacións, como a da Coruña, ou outras non integradas, que non contan co mesmo sistema de xestión.


Esta variedade de programas de xestión non debería ser incompatible coa existencia dun catálogo único que, agora mesmo, está creado de maneira centralizado e só única e exclusivamente coas bibliotecas que contan co catálogo da Rede de

Bibliotecas de Galiza. Non podemos esquecer que, fóra do catálogo actual, tamén existen outras institucións que contan con sistemas propios aos que haberá que dar visibilidade e buscar a maneira de integralos e, ademais de bibliotecas, existen outros servizos de información e documentación perfectamente integrables en catálogos para facilitar a súa consulta polo público como os repositorios das bibliotecas dixitais como Galiciana e outras. Temos que sinalar o esforzo no uso destas ferramentas na Deputación de Pontevedra coa implantación dun Discovery propio (Atopo.gal).

Da mesma maneira está acontecendo coa proliferación de plataformas de empréstamo de libro electrónico. Temos convivindo dúas diferentes nun país con escasos recursos: ebiblio de Libranda do Ministerio de Cultura, ebiblio de Odilo da Deputación da Coruña, e Xebook da Xunta.

Ademais para o traballo eficaz na Rede temos a necesidade de establecer, de forma “institucionalizada”, **grupos de traballo que permitan desenvolver as ferramentas actuais**: os módulos do programa de xestión, os manuais de procedemento actualizados e revisados, etc.

É necesario tamén revisar os permisos de xestión bibliotecaria. É necesario para moitas bibliotecas e persoas da rede, poder realizar labores de xestión de autoridades e materias que agora está centralizado en poucas persoas. Tamén os grupos de traballo deben contemplar a evolución das políticas de catalogación e as adecuacións ás novas normas de descrición como a RDA.




Propostas

1. Implantación dunha ferramenta Discovery que permita agrupar catálogos e servizos e dar acceso a documentos a texto completo.
2. Contemplan a difusión dos catálogos en LOD, máis riqueza e interoperabilidade.
3. Contarmos con catálogos diferenciados por públicos: catálogo infantil, escolar (en caso de que se implante Koha nas bibliotecas escolares), especializadas...
4. Acordos de colaboración entre institucións que contemplan compartir recursos ou servizos como o libro electrónico.
5. Grupos de traballo e permisos para o persoal bibliotecario necesarios para a evolución dos procesos técnicos, a catalogación e a xestión.

2.4. Profesionais

Como temos reivindicado desde Bamad, e manifestado nas diferentes propostas presentadas ante os partidos políticos para as eleccións, as características de persoal son algo no que levamos reivindicando moitos anos e no que se deberían ir dando pasos e avanzando nas súas características desde as diferentes administracións.

Desde Bamad levamos un par de anos loitando para que aos grupos de categoría máis baixa de auxiliares de Biblioteca, poidan contar con algún recoñecemento profesional que sirva para identificar os postos de traballo e individualizar as categorías dentro das similares da administración con formación e/ou titulación específica.



O persoal das bibliotecas autonómicas é desigual na súa contratación nas diferentes bibliotecas e deberían completar os postos de traballo vacantes e dotar de prazas aquelas bibliotecas con menos persoal. Da mesma maneira debería dotarse de persoal o Servizo de Bibliotecas e corríxirse os desequilibrios en canto á estrutura de persoal e horarios.

Os concellos son un claro expoñente das casuísticas de categorías das que falamos, nomes dos postos e condicións laborais que son imposibles de enumerar e que impiden realizar un seguimento individualizado de todas elas. Todos coñecemos algunha destas características, ou mesmo persoalmente nos encontramos nalgunha destas situacións. Segundo o que falamos máis arriba, teríamos que confiar en que os estándares de bibliotecas puidesen resolver, nun breve período de tempo, as casuísticas do persoal que non responden nos concellos aos estándares determinados pola tipoloxía bibliotecaria.

Propostas

1. Consolidarmos, co Instituto Galego das Cualificacións, a convocatoria de certificación profesional en bibliotecas, reivindicación coa que contamos até agora co apoio do Servizo de Bibliotecas. Da mesma maneira teremos que tentar buscar apoios para a creación da certificación profesional a nivel de formación regrada dentro das ramas formativas de FP.
2. Reivindicar perante as diferentes administracións o cumprimento da dotación de persoal que indican os estándares de bibliotecas, segundo as diferentes tipoloxías bibliotecarias.
3. Nos concellos é necesario contarmos con contratación de persoal adecuado ás categorías necesarias para o desenvolvemento das súas funcións e dos seus postos de traballo.
4. Implicar a administración autonómica no cumprimento dos estándares e no papel de apoio que nas convocatorias ten por lei o Servizo de Bibliotecas.
5. Reivindicar perante as Deputacións a súa implicación nos procesos de selección, na formación e no apoio á creación e dotación de prazas de persoal bibliotecario nos concellos.
6. Facermos labor de recoñecemento das bibliotecas e o seu papel perante a Fegamp.
7. Colaborar cos sindicatos na visibilización e reivindicación da nosa profesión.

2.5. Formación

O persoal das bibliotecas ten moita demanda de formación destinada tanto a aspectos básicos como a adquirir novos coñecementos e actualización permanente.

A formación regrada formal nas universidades está en continuo cambio e sofre altibaixos, tanto na demanda de alumnado como na formación e titulacións ofrecidas, perdendo en moitos casos mesmo a referencia á nomenclatura de biblioteconomía e documentación. A recente constitución da **RUID: Red de centros y departamentos Universitarios españoles de Información y Documentación**, esperamos que veña solucionar esta situación.

A administración autonómica, e a local das Deputacións da Coruña e Pontevedra, ofrecen formación para as nosas áreas pero non sempre é adecuada e/ou responde ás demandas de formación dos profesionais. Desde Bamad, e o resto das asociacións profesionais do estado, tamén ofertamos formación que pretende actualizar os coñecementos profesionais.

Propostas

1. Apostar pola formación continua dos profesionais das bibliotecas. Esta formación debería orientarse a todo o persoal que traballe nas bibliotecas e non só para o persoal contratado polas administracións públicas. O Servizo de Bibliotecas xa permite que os seus cursos se dirixan a todo o persoal pero non así os cursos da EGAP, a Fegamp e das Deputacións.
2. Plan de formación non formal estruturado e con contidos complementarios que permitan que se poida formar o persoal de maneira integral cun programa continuo.
3. Apoio desde a administración á educación formal nas universidades e apoio á creación de formación profesional nesta área de coñecemento. Para isto tamén é deber da administración traballar na visibilización da profesión e nas súas saídas profesionais.
4. Desenvolver desde as Deputacións de Lugo e Ourense programas de formación para o persoal das bibliotecas públicas desas provincias.

2.6. Libro, lectura e lingua

O último estudo do Barómetro: Hábitos de Lectura y Compra de Libros en España 2018, publicado en 2019, mostra que estamos lonxe de sermos referentes para os usuarios ante a busca e consulta de información. As bibliotecas non aparecemos nos primeiros postos como referentes para os usuarios. Da mesma maneira indica a valoración dos servizos bibliotecarios e as linguas principais de lectura.

Ante isto xa realizamos unha análise en 2019 con motivo da publicación deste barómetro na que destacábamos que nos queda moito por mellorar para facer das bibliotecas galegas un servizo útil e necesario para a cidadanía. Os datos son preocupantes xa que se mostran peores que no barómetro de 2012 o que indica que nos estamos afastando das necesidades reais dos nosos usuarios.

<https://bamad.gal/2019/01/28/habitos-de-lectura-y-compra-de-libros-en-espana-2018-lectura-e-bibliotecas-en-galicia/>

Por outro lado, e como ten demostrado a crise provocada polo coronavirus, non somos un ente illado do sector cultural. As políticas destinadas e/ou realizadas desde as bibliotecas públicas tamén contribúen a promover o sector cultural en volta do libro e da lectura. Desta maneira xa lles temos presentado aos partidos políticos, na última campaña electoral, propostas para que desde as bibliotecas se apoie o sector cultural.

Propostas

As propostas completas poden verse tanto na nosa análise do Barómetro como as propostas presentadas aos partidos políticos ante as últimas eleccións autonómicas 2020 e que se inclúen ao final como referencias.


1. É preciso contarmos cun Plan de fomento da lectura que implique a toda a sociedade. O Plan Galego de Dinamización da Lectura, no que participamos desde Bamad, e que se integrará na Estratexia da Cultura Galega 2021, que está deseñando a Xunta, pode ser un bo comezo para implicar a toda a sociedade na fomento da lectura. Non temos que esquecer que debemos utilizar todos os canais e medios de comunicación ao noso alcance: televisións e radios públicas e accións concretas para os canais en internet: web, vídeo, redes sociais... E fai imprescindible levar a lectura aos sectores que non len, número importante, como se recolle no barómetro.

2. As bibliotecas teñen a obriga de adaptarse ás necesidades e novas demandas da sociedade. Aparecemos como compartimentos estancos na nosa contorna e, no caso galego, continúa tendo un peso moi importante o estudo sobre os outros usos da biblioteca. É necesario crear ou dotar de servizos bibliotecarios aqueles concellos que non os teñen e, no caso das bibliotecas existentes, é preciso revisar as instalacións e os espazos bibliotecarios, os equipamentos, principalmente aqueles que teñen a ver coas novas tecnoloxías, os computadores de uso públicos e os servizos de wifi e empréstamo de equipamentos (computadores, lectores de libros electrónicos, dispositivos de xogos...). Temos que poder acceder ás novidades editoriais con maior rapidez para adiantarse á distribución a través doutros canais.
3. A biblioteca tense que facer imprescindible na súa contorna: para iso terá que integrar os seus servizos na súa comunidade, ofertar novos servizos e actividades, achegarse aos non lectores e buscar formas de atraelos. Hai que implantar servizos de interese para a cidadanía: formación en usos tecnolóxicos, espazos de encontro, formativos, de reunión de entidades da localidade... En resumo, deixar o espazo de comodidade no que nos encontramos e arriscarnos a facer, a innovar e a crear.
4. Creación de bono cultura para gasto en librarías e outros sectores culturais, apoiar as adquisicións das bibliotecas escolares, depósitos económicos nas librarías das localidades para que as bibliotecas poidan adquirir directamente nelas, campañas de dinamización lectora que leven servizos das bibliotecas ás librarías, plataforma de lectura social para clubs de lectura virtuais, bancos de recursos de actividades...

2.7. *Persoas usuarias*

A nosa principal razón de ser é debernos aos e ás usuarias. E moitas veces as administracións esquecen o papel da biblioteca como centro social, cultural, de recuperación e mantemento da memoria, de información, de formación e de ocio na comunidade na que se encontra integrada.

Unha parte importante da biblioteca é a formación de usuarios, pero á tradicional Alfin, debemos incorporar novas propostas xurdidas da contorna social e aplicado ás bibliotecas como os laboratorios cidadáns, nos que en 2020 participamos grazas a Fesabid, e todas as propostas que están tendo éxitos en moitas bibliotecas de todo tipo: espazos makers, radios, laboratorios de ideas, experimentación científica entre outros.



Do debate seguido estes últimos días na listaxe de Iwetel tamén temos a capacidade nas bibliotecas de ser intermediarias na captación e distribución dos fondos da UE destinados á recuperación económica da crise provocada pola Covid-19, os Fondos NextGenerationEU.

Da mesma maneira, seguindo os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable indicados pola Axenda 2030 da ONU, as bibliotecas temos a capacidade de intervir na mellora social ao nosa contorna e de propor accións destinadas a cumprir estes obxectivos en moitos campos, desde a saúde, o ambiente, a enerxía, o avellentamento da poboación.... É necesario que as administracións públicas inclúan as bibliotecas e o resto das institucións da memoria nas accións encamiñadas á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 das Nacións Unidas. As bibliotecas como lugares para a liberdade, o encontro, a solidariedade, a educación ao longo da vida, a convivencia cidadá, a cultura, a información e a creatividade, poden axudar a corrixir as desigualdades sociais e contribuír ao cumprimento de moitas das metas destes obxectivos.

Tanto na oferta de novos servizos, como no proceso derivado da oferta de servizos dixitais a través das redes sociais, manifestado desde hai tempo e incrementado desde a crise da Covid-19, contamos cada vez con máis servizos “dixitais”. Nós cremos que isto non é unha solución para todos os servizos bibliotecarios, pero si pode axudar a difundir moitos dos servizos e a dar algúns novos.

A finalidade das bibliotecas públicas é o encontro cos seus usuarios. Estes encontros deben levarse a onde se encontren os usuarios e, agora mesmo, unha boa parte da interacción social se realiza a través das redes sociais. Da mesma maneira moitos servizos de empréstamo de documentos dixitais tamén se poden levar á rede sen necesidade da interacción presencial dos usuarios. Aínda así, non podemos esquecer que estes servizos seguen sendo para unha minoría e que podemos contribuír a incrementar unha maior fenda social deixando fóra da oferta dos nosos servizos a unha parte importante da sociedade.

Propostas

1. Innovación no campo da formación dos usuarios contemplando as bibliotecas como espazos dinámicos e abertos ao cambio que permitan a oferta de propostas de actividades formativas/dinamizadoras que respondan ás necesidades sociais.
2. Interacción cos usuarios. Protagonistas dos espazos: escoitar o usuario e telo en conta para que forme parte activa dos cambios propostos.
3. Incorporación das bibliotecas en todas as propostas públicas que desde os organismos internacionais se propoñan para a mellora social e nomeadamente os ODS da Axenda 2030 da ONU e desde xa que se contemple as bibliotecas como lugares onde investir socialmente na recuperación da crise mediante os Fondos NextGenerationEU
4. Facer das bibliotecas espazos centrais na dinamización da súa contorna.
5. Tanto para este apartado das persoas usuarias como para o seguinte de despoboación e avellentamento, podemos incidir tamén na importancia da Dixitalización de servizos principalmente na oferta de recursos orientados á lectura e á dinamización cultural pero contribuíndo a diminuír a fenda dixital. As propias bibliotecas deben de actuar como vixías contra a fenda dixital e converterse en parte fundamental no traballo para a súa redución.

2.8. Despoboación e avellentamento

As bibliotecas, e as administracións das que dependemos, tamén temos unha responsabilidade para combater estes dous problemas sociais urxentes no noso país.

Agora mesmo xa podemos difundir a iniciativa da Xunta, presentada no último Consello de Bibliotecas o pasado 11 de febreiro, no que se anunciou o proxecto piloto de Bibliotecas Itinerantes que se pretende pór en marcha durante este ano en dúas zonas despoboadas e avellentadas da Montaña Luguesa e da Limia.

Nós desde Bamad tamén presentamos outras propostas que pensamos que se deben estudar e buscar a maneira de implementar como a utilización das bibliotecas escolares como bibliotecas públicas fóra do horario escolar e que xa están en funcionamento noutros lugares do Estado.

Pero, para todo isto é necesario a colaboración entre as diferentes administracións. E tanto para este apartado como para todos os citados con anterioridade, demandamos que se estableza unha colaboración entre todas as administracións públicas, tal e como recolle a Lei de bibliotecas, para que entre todas contribuíamos a dar servizos a toda a cidadanía.

Propostas

1. Colaboración entre todas as administración no marco da Lei de bibliotecas e aposta das Deputacións provinciais polo desenvolvemento dos servizos bibliotecarios públicos nas súas respectivas provincias e especialmente que desenvolvan e apoiem propostas que leven o libro e a lectura aos lugares que carecen do servizo de biblioteca pública.
2. Impulsar a conexión do rural ás redes culturais e crear liñas de colaboración entre administracións que permitan que o illamento non sexa difícil nas zonas rurais que non contan con infraestruturas suficientes para promover o acceso á cultura.
3. Potenciar as bibliotecas escolares como bibliotecas públicas e de proximidade nos horarios nos que as escolas están pechadas para a formación.
4. Creación de Bibliobuses ou servizos móbiles de atención desde unha biblioteca central e co apoio de todas as administracións implicadas.
5. Oferta de servizos dixitais como indicamos máis arriba, reducindo a fenda dixital.

2.9. Profesionais e asociacionismo

Todo o que levamos falado até agora non se vai poder lograr se non existen profesionais preocupados pola situación das bibliotecas públicas que propoñan mellorar tanto os servizos como a profesión.



Propostas

1. Contarmos con asociación fortes, con persoas asociadas que colaboren na vida asociativa
2. Apoiarmos a colaboración con outras entidades profesionais. No noso caso xa estamos federados en Fesabid pero tamén outras entidades estatais e internacionais do noso ámbito.
3. Necesitamos colaborar coas outras entidades do sector da cultura cos que compartimos camiño: escolas, autores, librarías, editoras, dinamizadores...

Epílogo

Non podemos esquecer que as bibliotecas públicas temos que cumprir o mandato que nos delegan as organizacións internacionais de fomento da cultura, do ocio, da información e da formación e para iso teremos que colaborar con todas as institucións que teñan responsabilidade neste campo. E as administracións públicas teñen a responsabilidade de fomentar e esixir que as bibliotecas cumpramos ese mandato social.

Bibliografía

ARROYO VÁZQUEZ, Natalia, HERNÁNDEZ SÁNCHEZ, Hilario, GÓMEZ HERNÁNDEZ, José Antonio. (2019). Informe Fesabid: Las bibliotecas públicas en España: diagnóstico tras la crisis económica

<http://www.fesabid.org/sites/default/files/repositorio/informe-fesabid-v12-digital.pdf>

[Consulta: 15/03/2021]

BAMAD GALICIA. (2019). Hábitos de lectura y compra de libros en España 2018: lectura e bibliotecas en Galicia

<https://bamad.gal/2019/01/28/habitos-de-lectura-y-compra-de-libros-en-espana-2018-lectura-e-bibliotecas-en-galicia/> [Consulta: 15/03/2021]

BAMAD GALICIA. (2020). Bibliotecas, Libro e Lectura: Propostas de Bamad ante a Covid-19

<https://bamad.gal/2020/04/22/sector-do-libro-e-da-lectura-e-covid-19/> [Consulta: 15/03/2021]

BAMAD GALICIA. (2020). Estadísticas de Bibliotecas Públicas 2018

<https://bamad.gal/2020/11/16/valoracion-estadisticas-das-bibliotecas-publicas-de-galicia-2018/> [Consulta: 15/03/2021]

BAMAD GALICIA. (2020). Orzamentos da Xunta de Galicia (comparativas de varios anos)

<https://bamad.gal/?s=orzamentos> [Consulta: 15/03/2021]

CONSEJO DE COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA. (2013) . Prospectiva 2020: Las diez áreas que más van a cambiar en las bibliotecas en los próximos años

http://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Estudio_prospectiva_2020.pdf

[Consulta: 15/03/2021]

CONSEJO DE COOPERACIÓN BIBLIOTECARIA. (2020) . Balance y Proyección del Informe: Prospectiva 2020: Las diez áreas que más van a cambiar en las bibliotecas en los próximos años

<https://es.calameo.com/read/000075335a95a56759aa5> [Consulta: 15/03/2021]

CONSELLO DA CULTURA GALEGA. (2019). O emprego cultural en Galicia

<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4348> [Consulta: 15/03/2021]

CONSELLO DA CULTURA GALEGA. (2020). As Bibliotecas en Galicia

<http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4363> [Consulta: 15/03/2021]

FEDERACIÓN DE GREMIOS DE EDITORES DE ESPAÑA. (2019). Hábitos de lectura y compra de libros en España 2018

<https://www.federacioneditores.org/lectura-y-compra-de-libros-2018.pdf>

[Consulta: 15/03/2021]

GALLO-LEÓN JOSÉ Pablo, ANGLADA I DE FERRER, Lluís. (2020). Debate Prospectiva 2020: haciendo balance

<https://listserv.rediris.es/cgi-bin/wa?A2=ind2010d&L=IWETEL&D=0&P=25662> [Consulta:

15/03/2021]

Conclusións

Finalizado este encontro no que as e os profesionais, despois de ofrecernos unha “foto fixa” do estado actual dos Arquivos e das Bibliotecas de Galicia sinalando as carencias e necesidades, nos ofrecen ferramentas e instrumentos, verdadeiros plans de acción para superar as debilidades detectadas e proxectar os centros cara a un futuro activo e integrado na súa contorna, atendendo ao urxente e tamén ao importante a través da planificación ordenada de diversas liñas mestras de actuación, entre as que BAMAD – Galicia desexa facer explícitas as seguintes:

1. Dado que o estudo do estado actual pon de manifesto que son os concellos galegos os que sofren máis déficit de centros e servizos, é indispensable que as administracións públicas asuman as súas competencias en materia de arquivos e bibliotecas, e prioricen estratexicamente mecanismos de cooperación e colaboración interadministrativa que permitan brindar apoio inmediato aos concellos, sobre todo aos que, polas súas características socioeconómicas, polo seu tamaño ou por calquera outra dificultade, non poden abordar por si mesmos servizos de arquivo e biblioteca, para que os poidan desenvolver, achegándoos á súa veciñanza, independentemente do afastados, avellentados ou despoboados que sexan, ben con servizos fixos ben con servizos móbiles, rotatorios e/ou mancomunados.
2. É indispensable que as administracións, nomeadamente a administración autonómica poña en marcha potentes servizos propios de arquivos e bibliotecas, ben dotados de medios persoais e materiais, para crear redes capaces de atender os centros da Xunta de Galicia e de apoiar o resto das redes do país, a través de grupos de traballo de profesionais estruturados e administrativamente integrados, de recursos materiais, ferramentas dixitais de organización, de custodia e de servizo e difusión, etc. Deben ser atendidas, ademais das municipais, as redes dos órganos estatutarios, as xudiciais, as das universidades, etc. E deben cooperar neste proceso de apoio tamén as Deputacións, no seu ámbito territorial e competencial.
3. Pola súa parte, os e as profesionais dos arquivos e das bibliotecas, que son os mellores recursos estratéxicos da profesión, ben formadas e activas, cons-

tantemente actualizadas e interrelacionadas, deben permanecer atentos tanto á evolución da sociedade, que esixe novas olladas, reflexión e retroalimentación para mellorar constantemente as iniciativas laborais, coma aos novos paradigmas profesionais, que nos piden que aprendamos e utilizemos novos métodos e técnicas para que os nosos servizos sexan necesarios e útiles para a sociedade a que servimos. Importantísimo neste ámbito é o papel da Universidade, que, como formadora das persoas que se incorporan ao exercicio profesional, debe dar adecuada formación ao seu alumnado e atender as necesidades dos centros para prestar servizos á cidadanía.

4. Por último, pero non menos importante, posto que é o fin último dos servizos que prestamos, precisamos a planificación de proxectos e liñas de traballo que conecten os arquivos e as bibliotecas coa cidadanía de xeito que nos permitan garantir acceso significativo á información, á cultura e o coñecemento, e nos permitan configurar a longo prazo unha memoria consciente, máis igualitaria e xusta, permeada pola perspectiva de xénero, a inclusión, a igualdade, a dixitalización, a atención á diversidade e a atención ao rural, poñendo no centro á cidadanía.

BAMAD -Galicia interpela pois ás administracións públicas para que actúen con carácter urxente e implementen accións de futuro nos arquivos e bibliotecas, vinculando a súa acción á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 das Nacións Unidas. Os fondos europeos que están a chegar deben financiar servizos de valor engadido que beneficien á cidadanía no seu conxunto.



Organiza:



Colabora:

